

ANDA/NA



SUMARIO



- 4** Celebridades
- 6** Denuncias e comentarios
- 13** O falar non ten cancelas
- 14** Perfís: Plataforma de Nais en Acción
- 15** Pescanova: un paso atrás
Moncha Fuentes
- 16** Agro con "A" de Agonia
Lidia Senra
- 18** Recuperar a memoria: María López
Aurora Marco
- 20** Mulleres expulsadas da historia de América
Ana Maria Santorun
- 22** Agora que as mulleres traballan
M^{re} do Carme Garcia Negro / Rita Radl
- 24** Entrevista: Marina Mayoral
Tareixa Navaza
- 29** Dossier: Demografía
- 45** Begoña Bas: unha etnógrafa galega
Carmen Blanco
- 47** Rompendo co silencio
Eva (Grupos de Mulleres da Universidade)
- 48** Os gais e lesbianas USA
Maria Vai
- 50** Madonna: amor-odio
Helena Cardia
- 52** Peccatum Mutum
M^{re} Asunción Arias Arias
- 53** Por onde Andamos...!
- 58** As vangardas rusas no Auditorium
Maika G. Novoa
- 60** Un amor galego-português
Lourdes Carita
- 62** Houbo un tempo no que todos fomos revolucionários
Elena Cores
- 65** TVG: moito ruído e poucas noces
Sol Panizo
- 67** Libros
- 69** Viaxes
- 71** Axenda



ANDA/NA



Directora

Ana Arellano

Consello de redacción

Tareixa Navaza
Nanina Santos
Vitoria Iglesias
Anabel Álvarez
Enma Abellá

Corrección lingüística

Pilar Pérez Rey
Marisa González Seoane

Deseño gráfico

Uqui

Fotografía de portada

Mónica Couso

Fotografía


Mada Carballeira
Mónica Couso
Marga Sampaio
(Fotos de arquivo)

Imprime

Grafisant, S.L.

D.L.: C-1.146-88

E d i t o r i a l



día 2 de abril, o día da Folga Xeral convocada en Galicia polos sindicatos CCOO, INTG e UGT, algunhas de nós, mulleres e traballadoras afectadas pola brutal reconversión-desfeita industrial da nosa Nación, non puidemos estar apoiando coa nosa presenza a manifestación que en cada cidade expresaba a repulsa á política económica do Goberno do PSOE.

Algunhas de nós estabamos en A Coruña, asistindo a un xuízo por unha violación perpetrada por un veciño de As Pontes de García Rodríguez a unha moza de 16 anos da mesma vila, xuízo que non se retrasou solidariamente coa mobilización xeral, senón que foi adiante na data sinalada, cos conseguintes trastornos para familiares e amigos/as da rapaza que quixeran estar xunto dela en tal trance. A pesar de todo, moita xente foi a que chegou e moita a que se manifestou amosando a súa repulsa dos feitos, alá, en As Pontes.

Sobre a sentenza aínda non sabemos nada, pero do xuízo sabemos moitas cousas porque estivemos alí:

1. Sabemos dun fiscal cauto na súa actuación ó longo do xuízo, pedindo pena por violación.
2. Sabemos dunha acusación particular exercida con enerxía en bó criterio.
3. Sabemos da testificación de tres especialistas da Residencia Arquitecto Marcide de Ferrol, que atenderon por urxencias á rapaza e certificaron lesións xerais en espalda, cóbados e xoanllos e lesións xenitais que conformaban o froito de «relación sexual non pacífica», que poderían dar un cadro presumible de violación, segundo ampliou a xinecóloga a petición do fiscal.
4. Sabemos da testificación de dúas veciñas que viron as condicións nas que baixaba do coche a rapaza, cando o violador a levou a carón da súa casa.

O relato que efectuou a agredida sobre os feitos, sobrecolleu a toda a sala que quedou sorprendida pola claridade e enerxía con que falaba a moza e contestaba a un avogado defensor que, non tendo nada en que basearse, utilizaba as máis peregrinas argucias para liala. Igualmente foi interesante escoitar o relato da revisión realizada a M.P. polos forenses de Ferrol, que se fixo constar dado o seu valor: "por riba dunha mesa de despacho, á luz do día nunha sala calquera" e sen aparato xinecolóxico ningún.

Máis, houbo outras testemuñas, que tamén as houbo:

X un veciño, alcohólico e xordo que, a pesar de non entender nada á primeira, reafirmábase en que escoitara berrar á rapaza pedindo á súa nai que non a mancara (sorrisos e risas levantou o fiscal tentando facerse entender polo home).

X un detective e unha detectiva contratados polo presunto que se entretiveron durante varios días en As Pontes remexendo na vida da rapaza, buscando as fisuras que permitisen presentar ante o xuíz unha moza (de 16 anos) tarabela e bebedora. Ámbolos dous estenderon un informe de rumores e máis rumores que foi recusado polo fiscal e pola acusación particular, que faláron de posible delito cometido polo que destilaba o mesmo.

E os que faltaron, que foron os forenses **Couce Doce** (non lles soa?) e **Quintanilla Rico**, que provocaron coa súa ausencia a suspensión do xuízo e a súa continuación o día 8 do mesmo mes, xa que o seu informe era absolutamente contrario ó dos outros tres médicos.

Ámbolos peritos dixeron que era válido un exame xinecolóxico nesas circunstancias (antes relatadas), abundando Quintanilla Rico que el pensaba «como perito, que podía ser unha agresión» e «como home, que fora unha relación sexual consentida», ó que se lle contestou que se remitira á peritaxe.

Pero os xuíces deberon sentirse reflexados nesta imaxe de «Homes» e entenderon que foi «unha relación consentida pero viciada» pola diferenza de idade, superioridade síquica, hora e lugar dos feitos, e así dictaron sentenza de absolución para Antonio González Casabella, condenándoo unicamente por estupro a 4 anos de prisión e a pagar 2 millóns de pesetas por indemnización.

As múltiples laceracións na espalda, peito e colo que presentaba a rapaza e a mordedura humana que tiña o acusado no antebrazo foron, segundo a sentenza, consecuencia do «ardor sexual», polo que se considera que non existen probas plenas de quebrantación da liberdade sexual.

Unha vez máis a vítima convertida en acusada, a vida privada dunha rapaza de dezaseis anos escarvada pola mirada morbosa de detectives privados. A difamación e a sospeita necesarias para demostrar o indemostrable, para xustificar as mentes retorcidas e o machismo máis descarnado de quen acepta por bo que os homes son uns sádicos de instintos irrefrenables e as mulleres unhas provocadoras masoquistas.

Hora é xa de que todas e todos, grupos sociais, representantes da Xustiza e persoal de a pe, nos mobilicemos para denunciar as sentencias machistas. Non só as mulleres, toda a sociedade ten moito que gañar con esta batalla. ▲



CELEBRIDADES

A Familia real británica,

vendo medrar a súa impopularidade, afana-se por aparecer na prensa un día si e outro tamén dando carnaza ao público: que se cabodano do ascenso ao trono da rainha; que se o príncipe Carlos está irado porque un libro revela que un ex-guardaespaldas da princesa Diana morreu asasiñado por ter tido un idílio con ela; que se a Sarah Ferguson é unha plebéia que xa se miraba e agora morrea cun millonétis; que se Andrés é un matarife que se creía con dereito a todo após entrar en combate na guerra das Malvinas; que se a irmán da rainha...

Todo menos pór en solfa a súa propia realeza e os dispéndios que ao erário público supón a regalada vida que se traen e levan. ▲

Laura Boyer Arnedo,

que vive en Miami, conseguiu –após os pleitos que o seu abó leva desde hai 16 anos–, que unha xuíza dicitara a senténcia que lle concedía a casa da rua Jorge Manrique, en Madrid, onde a inquilina tiña establecida unha guardería. Treinta policías foron mobilizados para clausurar e precintar a guardería onde se «parapetaban» 30 nenos de dous anos de idade.

Laura Arnedo, de testaferró do seu abó a propietaria in pectore, seguirá vivindo en Miami, EEUU, outros poucos anos mais. E os nenos da guardería que llo pregunten aos pais e ás nais. ▲



Victoria Abril, que non se cortou médio pelo á hora de denunciar a ola de puritanismo e hipócrita dupla moral que impera nos EEUU de norteamérica. Após os comentarios que tivo que escoitar das cenas de sexo en *Atame* ou en *Amantes*, dixo, en Nova Iorque, diante de todos os periodistas: «O día en que os EEUU censuren as balas, eu censurarei o meu cu».

Pero, aínda que chegaran eles censurar as súas balas, por fa, non censure, Ouh, non censure nada! ▲

“Veritatis Splendor”

é o título escollido por Juan Pablo II para a encíclica que anda ultimando. Contracepción, aborto, bioética e moral sexual. Todo un programa sob o rótulo de ESPLENDOR DA VERDADE. Para botar-se a tremar. ▲

Stefania Graziosi

de 28 anos, levaba 10 anos traballando no Instituto para as Obras da Relixión (a banca vaticana) e foi despedida nada mais anunciar a súa intención de casar.

A xerarquia da Santa Sede puxo-se dos nervos e o seu portavoz, Joaquín Navarro, explicou que se no pasado teñen acontecido cousas así, el pode garantir que no futuro non se producirán mais.

Postos en evidencia e co cu ao ar, decidiron aprobar un novo regulamento para permiso de maternidade de 3 meses antes e 3 após o parto. ▲



O condón que segundo dixo o doctor Rafael Nájera, presidente da Sociedade Española Interdisciplinaria de SIDA «debe ser unha medida de hixiene sexual xeral, do mesmo xeito que o é o cepillo de dentes».

A algúns –e non mento a ninguén– igual lles hai que explicar antes o do cepillo de dentes. Por exemplo a ese 55,8% dos clientes das prostitutas de Sevilla que nunca utilizan preservativos nestas relacións sexuais. Pero non é a eles aos únicos. ▲

CELEBRIDADES

Sabela Mouriz e Sabela Alvarez que na presentación do último nº da Festa da Palabra Silenciada na taberna Pepa a Loba de Santiago, e tamén no Ateneo de A Coruña, afirmaron que o caso desta revista era único no Estado español ao estar feita só por mulleres e en galego.

Non, desde logo que co nome de FESTA DA PALABRA SILENCIADA só hai unha. Esa e nada mais que esa.

ANDAINA, desde logo, non se chama Festa da Palabra Silenciada, aínda que estea feita en galego e por mulleres. ▲

A Tuna Universitaria de Ourense,

decidiu en votación excluír ás mulleres. O argumento cae de seu: «Se hai rapazas, tamén habería que rondar aos homes», cousa, á que non están dispostos. Por se tal cousa non aboñara, insistiron: «As mulleres devalúan a imaxe das tunas, porque non está ben visto que leven este tipo de traxe e distintivo e, mais aínda, que saian rondar polas noites».

Unha pregunta pouco discreta: Ningun homosexual nunca en ningunha tuna?

Ao millor cabería a proposta de que entraran lesbianas por aquilo de eludir o problema de «a quen rondar».

Aínda que o millor é non lle dar idéas para que morran de machismo e tradición. ▲

Maria Jepsen, teóloga alemá de 47 anos é a primeira muller bispo da igrexa luterana. Foi elixida no sínodo da diocese de Nordelbien para bispo de Hamburgo, diocese onde existen mulleres pastoras desde 1969. De talante aberto, é chamada polos seus inimigos a «teóloga dos grupos marxinais».

Peter Jepsen, tamén pastor luterano co que casou, decidiu deixar a súa diocese durante os próximos tres anos para coidar da casa e axudar no que poida á súa esposa. ▲



“¡Mujer española!

A liberación do traballo alleo e a adicación plena ao teu novo fogar has-na conseguir cun préstamo nupcial.

Solicita-o no presente mes de Marzo nas delegacións da Caixa Nacional de Subsídios Familiares se proxectas o teu enlace para o mes de Máio” dician as «consignas patrióticas» que difundía o Rexime franquista en 1942. ▲



Carme Feteira presidenta da Asociación de Mulleres Progresistas ALBA de Santiago, asegurou nunha entrevista no xornal *El Correo Gallego* do 8/3/92, que o motivo que determinou o nacemento da Asociación que ela preside «foi a iniciativa dun grupo que naceu hai cinco anos, porque consideramos que na Comunidade Autónoma non se facía nada polo tema da muller».

Se en 1992 di que hai 5 anos que nasceron, pagará lembrar-lle que en 1976, 1977, 1979, 1981... nasceron grupos (AGM, FIGA, Grupos de Mulleres de Universidade, Asamblea de Mulleres de Coruña, Coordinadora Feminista de Vigo, Alecrín...) que nasceron, fixeron e seguen facendo cousas polo tema da muller.

A idade non perdoa. Pero, cando vén con problemas de memoria, rabos de pasas! ▲

A Confradía do Doce Nome de Xesús Nazareno

de León sentiu-se mal a gosto coa nova talla de Maria Magdalena, do escultor Faustino Sanz. Moi obscena para a súa exposición na Semana Santa, dixeron, pola prominencia do peito.

A cousa chegou até o bispado que mandou ao delegado diocesano, experto en arte, que falara.

«Nen contra a fe nen contra os sans costumes nen contra unha conciencia cristiana rectamente formada. Pola contra, a obra é boa e supera as existentes en León nunha liña de modernidade aceptábel».

E alí foi a talla na procesión da crucifixión xunto con San Xoan e a Virxe. ▲



PAIS MOROSOS

O Teniente Gobernador do Estado en Massachusetts fixo unha clara advertencia: *«podesdes correr pero non poderedes esconder-vos»*. A advertencia está dirixida aos pais que deben millóns de dolares en pagos polo mantimento dos fillos ás súas esposas.

En Massachusetts pensan que atoparon a forma de lograr que paguen: pór as súas fotografías en carteis de "BUSCA-SE". Os carteis pegaron-se en todas as cidades, son as fotografías e datos dos 10 pais que máis diñero deben. Un día despois do inicio da campaña xa recibiron unha pista que levou a un arresto, para saír do cárcere tivo que pagar 1.000 \$ atrasados e agora envía 150\$ semanais para o mantimento do fillo.

Os organizadores non saben cantas novas caras apareceran, pero en menos dunha semana o programa xa deu sinais de éxito. Cando un dos que aparece no cartel se localiza poñen sobre a fotografía un selo vermello de "ATOPADO".

SERVIR CAFÉS? Non, Gracias!

Maria del Carmen Fajardo asinou en Xaneiro do 92 un contrato por seis meses como administrativa coa empresa construtora Comylsa, de Madrid. Aos 30 días recibiu carta de despido por se ter negado a servir cafés nunha xunta de executivos porque tais funcións non figuraban entre

as súas obrigas. A conduta de Carmen resultou «incomprensíbel» para a empresa ao supór un grave quebranto da disciplina, xunto ao plus de confianza esixíbel a unha secretaría.

Carmen puxo denuncia e fixo-o saltar aos medios de comunicación. A empresa antes de que o caso chegara aos tribunais, acordou indenizala con 800.000 pts cantidade correspondente aos 5 meses que quedaban para finir o contrato.

SE TRABALLADORA, BICOCA!

Por termo médio un home gaña 436.000 pts máis ao ano que unha muller segundo os datos da enquisa «Distribución Salarial e diferencias por categorías, tipo de contrato e sexo» feita por vez primeira en 1988 polo INE.

O caso galego, —deixando agora fóra a variante sexo— atopa-se nun lugar intermedio con 1.425 millóns de pts entre os 1.897 millóns do País Vasco e os 1.275 millóns de Murcia e Castilla-Mancha. Pero, collendo a variante sexo no interior do país, os homes dan unha média de 1488 e as mulleres de 1.121. Dito doutro xeito: O tra-



ballador galego gaña ao ano 367.000 pts máis que a traballadora galega.

Para que logo digan!

CONFIANZA NO FEMININO

Escrivá de Balaguer, que tanta sona trae nestes tempos tiña «unha total confianza na capacidade feminina» segundo afirmou Marlies Kücking, secretaría central da Obra nunha entrevista na revista TELVA. Quen dixo, tamén, que máis de 38.000 mulleres pertencen ao OPUS DEI en todo o mundo.

Pero, como non sabemos cantos homes en todo o mundo pertencen ao OPUS para saber de que porcentaxe se trata, nen falou tampouco das tarefas desenvolvidas por unhas e por outros... seguimos quedando a dúas velas. Coas sombras de sempre. Co escuro que rodea ao misterio, ás sectas.

DO PARO E DA FOLGA DO 2 DE ABRIL

O Paro masculino rexistado en Galiza daba, en febreiro 80.059 co que presentaba unha lixeira baixa a respecto do mes anterior (-120), mentres que o feminino situaba-se en 104.526 (+632). Comparado co febreiro anterior (1991), o masculino subiu en 535 persoas e o feminino en 1426.

Nos últimos dez anos a evolución da taxa de desemprego, foi así:

1981- homes:	8,20%
Mulleres:	4,80%
1991- homes:	10,33%
Mulleres:	22,09%

Pero isto non contou muito para os sindicatos á hora de convocar a Folga Xeral do 2 de Abril pois seguiron, como sempre, expresando-se seguido en masculino. Falando da reconversión industrial dos sectores tradicionalmente masculinos... En ningunha das follas, discursos ou proclamas mentaron a gravidade do paro feminino, nen outras questions (diferencias salariais, de contratos e de trato, a dupla xornada laboral, etc.).

Os problemas que atinxen ás mulleres no ámbito laboral seguen ser secundarios de cara ás direccións dos sindicatos. O importante é, así semella, o traballo dos homes.

Várias organizacións feministas galegas así o denunciaban nunha folla que difundiron polas datas da folga. É terrível que se sega ignorando -ou querendo ignorar- os problemas, grosos, que aqueixan ao colectivo feminino no ámbito laboral. Logo veñen queixosos, falando da baixa afiliación feminina, que se as mulleres non participan nas actividades sindicais....

Pois que o saiban: Así tamén se labran as disgrazas.

DEPRESIÓNS

No V Simpósio Nacional de Psiquiatría realizado en Valéncia nos primeiros días de Abril estudaron, entre outros temas, a depresión. O número de depresivos no Estado español achega-se aos cinco millóns e a meirande parte son mulleres. Cadran os estudosos en falar da «caída aos infernos» ou «o pozo sen fondo» deste tipo de doenza que non precisa hospitalización e que en non poucos casos leva ao suicidio.

No caso de xente nova a cousa agrava-se polo fracaso escolar, as relacións sexuais ou problemas coas amizades; no caso de xente vella suman factores como a soedade, o sentimento de non valer para nada ou o deterioro fisiolóxico.

Por que será que as mulleres se deprimen tanto?

DENUNCIAS E COMENTOS

VIVIR PARA VER

Unha xovial aboa israelita de 53 anos, que tivo 5 fillos, quere, agora, ter outro do seu amante de 63 e anda na percura dunha muller nova que lle done algúns óvulos para o empreñe. Ela apresentou a súa petición ao Departamento de Fertilización in vitro do hospital de Bnai Zion -Haifa- e vai ser examinada por ver se está en condicións de concebir.

A comezos de abril informou-se do primeiro caso no mundo de outra muller israelita, de 52 anos, que deu a luz a mellizas após ficar embarazada con óvulos fecundados en laboratorio doados por unha muller de 28 anos.

Hai uns poucos anos era impensábel. Imposíbel. E, non obstante...



DUAS GALEGAS EN XENEBRA

Dolores Cruz emigrante en xenebra, de 38 anos plantou cara a unha poderosa clase médica ben relacionada e establecida na sociedade helvética, apresentando unha denuncia penal por estafa e falso certificado médico.

Sumou-se neste empeño de Dolores Cruz, outra galega, María Ferreiro contra a clínica Bois Gentil, rexentada polo xinecólogo de orixe grego Marc Skouvaklis (30 habitacións e 2.300 pacientes ao ano e clientela garantida). O médico interveu quirúrxicamente a Dolores sen necesidade, cobrando-lle 1.400.000 pts; asinou un certificado facendo-lle crer que estaba embarazada para seguir o tratamento. A María, 5 intervencións (4 para extraer-lle un quiste e a última para tirar-lle o útero).

A práctica, sen control, da fecundación in vitro co

que se arriquecia saltou coa demanda pioneira. Desde entón non deixan de chegar denuncias por lesións corporais diversas o que non lle impediu celebrar a festa anual do 14 de Marzo nun dos hoteis mais luxosos da cidade á que acoden representantes da realeza, clase médica e autoridades locais.

O corporativismo médico e as raíces entre a clase política de alí, houberon-lle valer para conseguir que só lle retiraran a autorización para practicar a fertilización in vitro e transferencia de embrións cando as demandantes aspiraban razoabelmente á que se lle proibira o exercicio da medicina a Skouvaklis.

Non está nada mal que unha clínica de alto copetín se entere que unha emigrante galega (ou calquera emigrante) pode, tamén, acabar con carreiras tan corruptas como a de Bois Gentil.

L.J e F.E.

F.E tendeu mal uns pantalóns de L.J., L.J. enfadou-se e colleu a Sara, de 18 días que F.E tiña nos brazos, e Zas! tirou-na ao chan. Unha vez, outra e outra mais. Pateou-lle a cabeza e no méio desa actividade frenética, partiu-lle as gafas a F.E e zurriagou-lle na face.

Por nada. Por uns pantalóns pendurados onde a el non lle gostaba.

ABORTO, NOOONNNnn

Emilia e Mustafá casaron en Agosto de 1990. Aos poucos meses ela quedou embarazada e desde o primeiro momento manifestou-se partidária de interromper a xestación. Mustafá, contrario. As discusións arreciaron e ela decidiu marchar do domicilio conxugal. Na víspera de saír, Mustafá colleu-na polos pelos e degollou-na.

Abortando-a a ela e mais ao feto. Porque quería abortar.

UN MATRIMONIO EXEMPLAR

Jesús Eguiguren, secretario xeral do PSOE de Guipúzcoa e vicepresidente primeiro do Parlamento Vasco foi levado ao xulgado por Asumpta Zubiarrain, quen denunciou ao seu marido por vexacións e maus tratos con carácter continuado.

Uns días despois da denuncia, Asumpta foi retirada, falando de que as lesións foran dun accidente doméstico. O xuíz non aceptou e decidiu procesar ao dirixente socialista.

No xuízo ela alegou que tiña unhas ganas tolas de separar-se e pensou que tiña que alegar maus tratos reiterados.

Duas forenses, a abogada á que acudiu primeiramente para pór a denuncia e duas amigas da denunciante compareceron en xuízo.

Superadas as ganas tolas de separar, apareceu no xulgado collidiña da man do dirixente político Eguiguren, quen dixo á saída que o único que lle impor-



taba de todo isto -mentres collía da man a Asumpta-, é o xuízo que teñan a miña muller, os meus fillos e a miña familia.

IRRESISTÍBEL DESEÑO DE MATAR

Sentiu-no Antonio Fernández González, de 34 anos, o 11 de Marzo. Así que matou a unha prostituta, feriu gravemente á súa muller e mais ao fillo de 10 anos e por último a un compañeiro de prisión.

Cando o detiveiron dixo que non sabía por que asasinou á prostituta nen por que cometeu os dous parricidios frustrados.

Disfrutaba de rexime aberto no cárcere de Roca onde fora parar por roubo.

SANCIÓN A UN XUIZ MACHISTA

O famoso Miguel González Calderón que lle dixo a Florentina Vargas que non debía sentir-se ofendida porque o ATS lle bicara os peitos e lle baixara as bragas xa que tal cuestións era «timbre de honor e orgullo» aos seus 60 anos... Pois a Sá de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Madrid acordou informar favorablemente diante da comisión disciplinaria do Consello Xeral do Poder Xudicial a proposta de suspensión do xuíz de Alcalá de Henares.

O instrutor José María Gil Sáez razonou a cousa dicindo que determinadas frases incluídas naquela sentenza «constituen a emisión gratuita e sen xustificación, dun xuízo de desvalor, que ofende ao respecto da dignidade humana na súa proxección de muller».

Calderón, furibundo dixo que a lei ordena ao xulgador «razonar a súa sentenza» e que «un xuíz non é un león e nen siquera un símio; tampouco é un vexetal».

Ademais de suspende-lo, habería que leva-lo a un psiquiatra.

MATRIMÓNIO EN JAPÓN

O 23% dos matrimonios en Xapón fanse polo tradicional método do OMIAI («ver-se un ao outro»), onde o encontro entre os noivos é previamente arranxado polas familias dos casadeiros.

Após tres saídas os candidatos xa saben se o candidato ou candidata é o doado.

Denantes do 1º encontro, noivos e noivas revisan as fotos e a ficha onde vai escrita a estatura, peso, aficións, etc. Se o home é alto, ten bo salario e é graduado nunha prestixiosa universidade, pode rexeitar varias ofertas. Tampouco é boa cousa que se trate do fillo varón mais vello, pois a tradición fai-nos responsábeis dos pais.

O sistema omiais seica vai en debalo porque as mulleres atopan-no pouco romántico, frío, sen espontaneidade.

Outros sistemas como os tours exclusivamente para solteiros dentro da mesma cidade con visitas ao zoolóxico, acuario, xardín botánico e nalguns casos á neve, van abrindo-se paso porque a vida nas

BINGO!

M.M.M. decidiu forzar sexualmente a súa esposa, segundo explicou un portavoz policial, «porque se negaba a manter relacións sexuais con el até que non solucionara a precária situación económica en que estaban (...) A decisión da muller levou ao marido a viola-la sob o pretexto do longo tempo que levaban sen practicar o acto sexual».

M.R.S. foi atendida no Hospital comarcal de la Axarquía.

E así se vai facendo historia.



TELÉFONO DO NENO: HOLANDA

Unha iniciativa governamental para animar aos nenos e adolescentes entre 8-15 anos a denunciar os maus tratos chamando a un teléfono. En 1991 recibíronse 45.000 chamadas das que 25.000 eran problemas acuciantes. A meirande parte dos casos padecía violencia física.

Tamén na democrática e desenvolvida Holanda.



grandes cidades non facilita en moitos casos o coñecemento mutuo (os homes aos 30 e as mulleres aos 27 se non casaron ou están en vías, xa andan desesperados), así que estes mecanismos gozan cada vez de mais partidarios. Os guías, por exemplo, cando un home non se dá dirixido a unha muller, resólvono o caso.

No remate da visita, unha ringleira de homes e outra de mulleres. Eles estenden a tarxeta onde figuran os seus datos, á muller coa que queren saír, aguardando ser aceptados. A excursión vale distinto para elas (7.900 pts) que para eles (9.300).

Outro sistema máis moderno é «a máquina de citas». En Tokio, estas máqui-

nas ofrecen os perfís de 450 homes por só 238 pts. Nos datos figuran o nome, estatura, peso, traballo, teléfono e foto.

E tamén está o programa de televexo «Nelton e a panda das baleas roxas» onde se trata de emparexar até a 30 participantes cada semana, polo que centos de xovens se pirran por saír no episodio do emparexe.

Así o omiai, feito polos pais e en plan artesanal vai sendo substituído polas axencias, as máquinas e os ordenadores. Porque, francamente, un país tan altamente industrializado como Xapón que segan en plan tradición dos tempos de mari castaña...

OUTRO POLICIA MAIS

Luis Jesús Bragante de las Heras, de 42 anos e inspector xefe da comisaria de Gràcia -Barcelona- fo detido polo seu papel na banda que se dedicaba a reclutar a xovens guatemaltecas -muitas delas menores-, atraendo-as con promesas de traballo polo que pagaban 400.000 pts. Chegadas a Barcelona, eran obrigadas a se prostituir nun burdel na rúa da Riera de Sant Miquel.

Bragante está acusado de corrupción de menores, prostitución, estafa e falsedade en documento. Xa foi suspendido de emprego e soldo.

Várias mulleres dixeron que Bragante as tiña ameazado con «Expulsa-las de España» se abandoaban o burdel.



"ATAME"

Non sei se Cristóbal Gómez Acebo de 19 anos miraría antes a película de Almodóvar e logo decideu exercer ao seu xeito o papel de «galán sedutor».

O caso é que atou con cadeas a María Jesús á pata da cama na pen-

sión onde vivían desde había uns meses.

María Jesús, que non andaba interesada nese xeito de sedución, tardou 45' en desamarrar. El tiña-a ameazado de morte se saía á rúa.

O Ministerio Fiscal no xuízo pediu 8 anos de prisión.

RECÉN NASCIDO AO CONTENEDOR

A próbe de Maris B.M que chegou a Madrid hai un mes desde a República Dominicana embarazada de 8 meses, non se lle ocorreu millor solución que parir no cuarto de baño da casa onde servía, dar-lle un golpe ao recén e metendo-o nunha bolsa baixa-la ao contenedor.

REFERENDOS PRO-ABORTO EN IRLANDA

O 1º foi anunciado comezando Abril. «O dereito das mulleres irlandesas a viaxar e recibir consello e información sobre as facilidades para abortar no extranxeiro». Aínda non hai data pero ten que ser antes do 2º para aprobar o Tratado da Unión Europea aprobado en Maastricht que reconece nun protocolo a prohibición constitucional irlandesa do aborto.

E pode que haxa un 3º referendun (sobre a propia lei antiaborto).

FEMIDOM

E o nome do preservativo feminino listo xa para ser comercializado no mercado francés no mes de Xuño.

Os submetidos á proba deste contraceptivo non saíron moi satisfeitos: «facer o amor nun saco», «prefiro á castidade» «cobaias» dixeron algúns deles.

Só un dixo preferi-lo ao preservativo masculino.

Xa miraremos cando ande no mercado os comentarios que se escoitan.

A crise política, legal e moral criada pola decisión do Tribunal de Dublín de prohibir á nena de 14 anos violada e embarazada viaxar ao Reino Unido para submeter-se a un aborto... talvez faga necesario esta terceira consulta.

A cousa está quente. Alí, como noutros sitios, os partidários e os contrários xa teñen comezado a batalla.



D.M.P.

Adolescente de 15 anos denunciou nas Palmas á súa nai e mais ao seu amante, e aos seus catro irmáns. Desde os 8 anos foi reiteradamente violada polo compañeiro da nai. A propia nai obrigaba-a a entrar no dormitorio do pai varias veces á semana. Logo -desde hai catro anos- obrigada a repetir idéntica operación cos irmáns.

A rapaza tiña-lle pedido á nai que se opuxera en moitas ocasións.

Nunca lle valeu para nada.

A nai, de 54 anos e os irmáns de entre 20 e 30 anos foron detidos.

O compañeiro da nai, de 53 anos aínda non pudo ser arrestado.

BAÑO DE MULTITUDES

Iso era o que buscaba Margaret. Que que Margaret? A única, a Margaret por exceléncia, a que foi a Manchester, no centro do país inglés, a facer campaña para as eleccións. Ali, unha muller co seu ramo de narcisos disposta a entregar-llos, Pumba! golpeou-na canto pudo o tempo que os guardaespaldas a deixaron.


Seguro que a dos narcisos aquela noite foi absolutamente feliz, e a verdade, non é para menos.



MIKE TYSON

Foi enviado a prisión pola sentenza ditada pola xuíza Patricia Gifford onde o recoñecía culpábel de violación.

Logo dunha campaña onde o puritanismo norteamericano ameazaba con desvelar a vida e prendas íntimas da modelo que o tiña denunciado, Tyson, condeado ten para 6 anos no cárcere rematando coa carreira do campeón máis novo do mundo dos pesos pesados.



DENUNCIAS E COMENTOS

INTOLERABEL AYATOLLAH!

Elisabeth Stuar, profesora de teoloxía do Saint Mark and Saint John College de Plymouth, fixo un libro de rezos para homosexuais e lesbianas.

O libro, algo así como «Atrevéndose a falar en nome do amor», ía ser publicado pola Sociedade para promover o Coñecimento do Cristianismo, estreitamente vencellado á igrexa de Inglaterra da que o arcebispo de Canterbury, G. Carey é presidente.

Tiña o libro o visto bón de dous bispos anglicanos, un especialista en liturxia e dous sacerdotes e viña emarcar-se no recoñecimento que a Igrexa de Inglaterra tiña feito oficialmente da homosexualidade e o lesbianismo.

Pero... o arcebispo decidiu exercer a censura e, coa súa autoridade moral, chamou aos directivos da editorial facendo-lle saber o seu desacordo co proxecto, advertindo-lles que dimitiría como presidente caso de que seguisen adiante co proxecto.

«Intolerábel Ayatollah» bautizaron ao Carey o Movemento Cristiano de gais e lesbianas. Grave interferéncia que non habería ter acontecido. Actitude alonxada da necesaria igualdade e liberdade na sociedade que debería xogar o arcebispo.

O reverendo Richard Kirker, membro tamén daquel movemento asegurou que a descarada discriminación homofóbica terá efectos contraproducentes.

DECI-LO ANTES DE QUE A PRENSA....

Arthur ASHE, un denotado tenista de Nova Iorque (o único negro que gañou o Open americano e Wimbledon) viu-se obrigado a revelar que padecía SIDA polo temor de que a prensa revelara a súa doenza.

A chamada dun reportero do USA Today querendo confirmar os rumores de que padecía SIDA. Convencido de que o publicaría, adiantou-se.

Abatido, dixo-o en conferencia de prensa clarexando que «debería ter o dereito a manter en privado cousas como esta».

Até onde e até cando a prensa pode invadir a privacidade dunha persoa?

Magic Johnson, enternecido e sabendo do que fala, dixo «é preciso ter muita coraxe e forza para dar unha nova así. Estou impaciente por falar con Arthur e por comezar a loitar xuntos contra esta enfermidade. Estou certo de que a súa voz será fundamental para educar á xente, particularmente á xuventude, e para conseguir os fondos precisos para o combate».

**REMEIRAS**

50 rapazas galegas andan metidas no deporte de remo en batel desde o ano pasado ao tempo que loitan polo recoñecemento da súa federación. Catro clubs: Vila de Cangas, Liceo Marítimo de Bouzas, Vilaxoán e Amigos da Vela Latina de Carril

**INICIATIVAS GAIS**

Uns cuantos mozos constituiron, en Cedeira, unha Asociación de Iniciativas Gais. Levan xuntando-se algún tempo. Estableceron contactos con diversas organizacións de gays que hai pola xeografía española. Teñen intención de desenvolver campañas como a do «Voto Rosa», etc.

O Xoves 7 apresentan publicamente a Asociación no Ateneo de A Coruña.

Merecen desde logo o noso aplauso pola súa audacia e valentía.

criaron sección femininas para desbancar o monopólio masculino no remo en banco fixo.

A competición feminina comezara en 1975 e desapareceu en 1980 porque a Federación Galega de Remo negaba-se a recoñecer sección femininas no remo en bateis. Ao non organizar competicións, a afición íase perdendo. Así que agora os catro clubs, con máis enerxías organizan de «xeito oficioso» regatas femininas.

O clube pioneiro foi o de Bouzas. Saber nadar e ter mais de 12 anos.

Este deporte é duro, exige sacrificios. As embarcacións de banco fixo destragan as mans e o cu. Chegan poñer-se en carne viva. Muitos rapaces abandonan, non obstante, as rapazas son mais teimosas e sofridas, di Victor Fernández, delegado de remo do clube Liceo Marítimo de Bouzas.

Admira este delegado nas remeiras, a súa habilidade e equilibrio e, ademais, son máis elásticas, máis importante que a forza física. Elas conseguen, ao cabo, ser mais eficaces.

Mentres a Federación non quera organizar regatas, non haberá remeiras. E se non hai remeiras, non haberá regatas. Velaí o círculo vicioso.

Nosoutras, coas remeiras e, Adiante coa afición!

O FALAR NON TEN CANCELAS

► «Unha lei que permite exclusivamente a entrada da policía nun domicilio sempre que exista a necesidade imperiosa de entrar é moi de esquerdas» dixo en Cadiz José Luis Corcuera e ficou tan ancho. De certo que o falar non ten cancelas.

► «É o mais importante acontecemento da historia para América e Europa e para o resto do mundo» [o descubrimento] formaba parte do discurso que Mario Vargas Llosa contou no simpósio El Descubrimiento de Occidente organizado na capital andaluza pola fundación San Telmo e dirixido polo historiador británico Hugh Thomas que se pronunciou en termos parecidos aos de don Mario.

É un xeito de ver as cousas. Há moitos acontecementos de relevo, sen ir mais lonxe: A invención da escrita, a navegación, a descuberta da agricultura, o achádego da penicilina, o invento das vacinas, o asunto da pólvora e a dinamita, a estrutura do ADN, a fecundación in vitro, as medidas contraceptivas, o teléfono...

Santa teima! Teimudos sempre en fixar «O mais importante».

Como se a escrita chovera do ceu, por seguir insistindo.

► «O non aos anticonceptivos é un dogma, infalíbel e irreformábel» é o que Carlo Caffarra, teólogo italiano do sector fundamentalista vai pider ao Papa solicitando, ademais, que anatémice aos disidentes: Chatar de herexe primeiramente ao pai Häring, teólogo tamén e xefe de fila do sector tolerante que di que o non absoluto aos anticonceptivos non forma parte das verdades centrais do cristianismo, aínda que o papa lle atribúa un rango prioritario, usando-o como medida da ortodoxia. Veña! de seguiredes así, haberá outro cisma.

► «A muller intelixente fixo-lles un corte de mangas [ás feministas radicais españolas]

moito máis grande que o dalguns recalci-trantes machistas», escribía José de Cora, director de El Progreso de Lugo nun «Apunte de Hoy» no xornal que dirixe.

Irado porque Cristina Roseninge non quixo aceptar a proposta de non sei que televisión de ensinar as pernas ao máximo nen ser un culito mono, emprendeu-na con ela, e con todas as feministas de paso, decindo-nos que o que temos que facer é devoltar a dignidade do carácter feminino tradicional, hoxe abondo lesionado, que é o que fan as mulleres intelixentes.

Non, non merece nen un só comentario!

► «Se as asociacións feministas fosen ecuanímes haberían esforzarse por defender aos homes deste acoso continuado, e non ataca-los como se fosen responsábeis do contoneo da modelo, do strip-tease de “Nove semáns e méia” ou da celebración doutro día en Carballo dun concur-


so de “Miss Tetat”».

Pero, da-se a casualidade que as asociacións feministas nunca foron ecuanímes e endexamais o serán. É algo que Carlos Luis Rodríguez non dá aprendido. É vello, moi vello o da muller culpábel do mal. Sempre e de todo mal. Desde Eva até os nosos días. *Cherchez la femme...* é un camiño acaído e, non perda a esperanza de dar co novelo se segue ben o fio.

► «Un erro da natureza, unha má besta ... vítima do sistema totalitario» da antiga URSS, dixo Andréi Chikatilo, alcumado o Chacal de Rostov unha vez detido após sementar o pánico na rexión de Rostov na Rusia central. Admitiu 55 crimes, ou máis, entre 1978 e 1990 de raparigos, raparigas e mulleres novas. Todos violados, estrangulados e apuña-lados.

Como agora a caída da URSS vale para todo, resulta que el é unha vítima do sistema totalitario.

E todo o resto de xente que padeceu idéntico rexime, facia o mesmo?



Referencias de aquí e de acolá

Dados tomados do artigo «As discusións teóricas na Universidade santiaguesa» no libro de Purificación Mayobre Rodríguez: *Debates ideolóxicos na Compostela do XIX*. Ed. do Castro, Sada, 1985. páxs 75-118.

A Universidade Literaria de Santiago abría o curso académico 1870-1871 cun discurso inaugural de Salvador Parga Torreiro (1838-1901) defendendo o dereito ao sufraxio de toda a cidadanía e criticando as opinións negadoras do gozo deste dereito a grupos ou a clases sociais enteiras (presos preventivos, pobres, analfabetos, mulleres, debedores de fondos públicos, as clases desposuídas pola súa probábel falta de moralidade...).

Na Constitución española de 1869 recoñeceráse por vez primeira o Sufraxio masculino (chamado «Universal»).

«3º. Mais inxusto aínda é privar ás mulleres do dereito ao voto, pois a prohibición de que esta exerza o seu dereito non é debida nen ás condicións económicas, nen a non saber ler nen escribir, nin a súa posíbel falta de moralidade (pois esta, a moralidade, como condición que é de todo acto social, atingue tanto ao home como á muller non sendo privilexio de sexo algún), nen porque o seu obxecto de preocupación sexa fundamentalmente o ámbito familiar e non o asunto público... senon o seu sexo.»

Investigación e Ciencia. Edición española de Scientific American. Marzo 1992. Sección hemeroteca: «Hai... 50 anos» (páx: 5)

«Bischoff, un dos primeiros espadas europeos en anatomía, foi famoso hai uns 70 anos. Durante moito tempo adicou-se a pesar cerebros e, segundo a información que acumulou observou que o peso medio do cerebro masculino é de 1350 gramos e o feminino de 1250 gramos. Isto, segundo razonaba, constituía sen máis unha proba irrefutábel da superioridade mental do home sobre a muller. Esta hipótese defendeu-na toda a súa vida coa convicción dun fanático. Científico até o fin, na súa manda testamentaria estipulou que o seu propio cerebro se engadira a tan impresionante estatística: pesou só 1.245 gramos!».



PERFIS

PLATAFORMA DE NAIS EN ACCIÓN

A Plataforma de Nais en Acción constitúese como asociación no ano 1988. Tódalas fundadoras son membros de familias monoparentais e teñen, ó mesmo tempo, cargas familiares; non obstante, non é requisito obrigado pertencer a este grupo, polo que nela poden integrarse todo tipo de persoas, independentemente do seu estado civil, sexo ou situación familiar.

Evidentemente a maioría dos membros da asociación son mulleres divorciadas ou separadas, que incorporaron ó movemento social ós seus propios fillos que forman un nutridísimo grupo de colaboración. Isto permitiunos afrontar campañas e accións contando con abundante material humano que suplía a falla de recursos económicos.

A Plataforma de Nais non só ten como obxectivo orientar e informar, senón que promove amplas campañas de sensibilización para trasladar e socializa-la maternidade, as súas consecuencias e os seus problemas que ata o momento actual parecen corresponder exclusivamente ás nais.

Existe unha frase que pode definir parte da filosofía, do noso movemento: "*Non só queremos da-la vida senón transformala*". Consecuentemente, como organización participamos de forma activa en tódolos movementos sociais e campañas con obxectivos dirixidos á defensa dos dereitos humanos en xeral.

A sociedade capitalista no seu intento, desgraciadamente fructuoso, de manipular a conciencia xeral das sociedades, é a menos interesada en que na sociedade familiar se desenvolva un modelo estable, solidario e igualitario. Por iso, defendendo a familia como a máis antiga das sociedades civís, consideramos que constitúe o primeiro modelo de sociedade

política e, polo tanto, a todos por igual interesa a súa adecuación e perfeccionamento. Para a Plataforma de Nais, as relacións da familia, como tódalas relacións humanas, pasan por uns principios irrenunciáveis: **igualdade, solidariedade, ternura e respecto á personalidade individual.**

A asociación é observadora crítica de tódolos procesos sociais que se van producindo e participa en tódolos debates abertos que considera de interese xeral: aborto, obxección de conciencia, guerras internacionais, movementos de liberación de latinoamérica, violación, sentencias xudiciais, malos tratos, infancia, terrorismo, e un longo etcétera.

Quizais dúas das características máis destacadas da nosa organización sexan: a acción e investigación social permanente, ampliando os nosos obxectivos de reivindicación e a participación de xoves e nenos en tódalas nosas campañas.

Ademais de proseguir coa nosa orientación e atención a mulleres, vimos realizando dende hai dous anos unha campaña ininterrompida en **Defensa dos Dereitos da Infancia**, que deu como froito o primeiro **Anteprojecto de Lei para a Protección da Infancia de Galicia** que proximamente será debatido no Parlamento autonómico.

Esta lei constituiría a primeira destas características en todo o Estado español.

ALICIA MARTINEZ DEL BUGO
Presidenta

Quen queira pórse en contacto coa nosa asociación pode dirixirse ó
Apartado de Correos
Nº 957 de Vigo.

PESCANOVA: UN PASO ATRAS

▼ MONCHA FUENTES

Secretaría da Muller da CXTG-IN



No anterior número de *Andaina* un estupendo artigo asinado por Pilar López e cuxo título eu teño hoxe —lamentablemente— que parafrasear, enchíanos a tódalas sindicalistas dun certo optimismo porque parecía indubidable que a sentenza do Tribunal Constitucional a favor de cento trinta e cinco traballadores do Hospital Gregorio Marañón de Madrid ía sentar precedentes xurídicos en aspectos de discriminación salarial por razón de sexo.

¡Ouh, inxenuidade! A penas tres meses despois, o xuíz do Social nº 4 de



Vigo, D. Manuel Domínguez López dicta sentenza en contra das traballadoras da empresa Pescanova que tiñan establecida unha demanda, exactamente, polo mesmo motivo: discriminación salarial.

A verdade, é que este asunto resultaría grotesco se non fose tan dramática-

mente serio, porque a realidade é que en Pescanova hai trescentas mulleres que cobran salarios inferiores ós dous seus compañeiros varóns, mesmo por realizar un traballo «idéntico». Quero dicir que en Pescanova (quen o ía pensar: unha empresa modelo «líder-en-el-sector»-progresista-galeguista-europeísta), as mulleres traballadoras non só padecen discriminación indirecta senón tamén, directa, directísima. Vexamos:

Tradicionalmente, na empresa Pescanova de Vigo, as mulleres (operarias) traballaban, e traballan, nas liñas de

producción: tora-lo peixe, cociñalo, empáquetalo..., mentres que os homes (mozos) realizaban traballos de carga e descarga de camiós, limpeza de tubos, etc. Esta diferenza de funcións — como é desgraciadamente habitual no noso País— conleva unha diferenza salarial a favor dos homes que xira arredor dunhas

10.000 pts. mensuais. O máis abraiante é que desde hai dous anos os mozos pasaron a traballar coas operarias nas liñas de produción sen que iso modificase un ápice a diferenza salarial.

Pois ben, para o señor xuíz do Social nº 4 de Vigo, D. Manuel Domínguez López non existe discriminación sala-

rial de ningún tipo. Polo que se refire á discriminación indirecta, este señor descoñece que cando a OIT fala de «igual salario para traballo de igual valor» especifica que non se trata de realizar o «mesmo» traballo, senón un traballo equivalente, e descoñece tamén a sentenza do Tribunal Constitucional que fai unha referencia clara á existencia de discriminación en canto se da máis valor a cualidades predominantemente masculinas (esfuerzo físico) fronte a outro tipo de características. Pois este señor, digo, nunha sentenza digna de figurar nalgún museo dos espantos, afirma que non hai tal discriminación e que se trata de traballos distintos xa que no dos mozos predomina a forza física e é gravoso, mentres que o das operarias é menos esixente fisicamente (¿serao intelctualmente?), e polo tanto é menos gravoso. Así, literalmente. Creo que calquer comentario deturparía un razoamento tan maxistral.

Polo que se refire á discriminación directa, o xuíz é contundente e con esa clarividencia que *Natura* lle outorgou, manifesta que tampouco existe tal, porque a pesares de estar acreditado que hai mozos traballando coas mulleres nas liñas de produción, trátase de algo provisional —¡Dous anos!— e non permanente.

Non vou negar que, aínda sendo consciente de que a loita xurídica debe continuar e a sentenza estea recorrida nestes intres no Tribunal Superior de Galicia na Coruña, un sentimento confuso, de raíba e impotencia, invádeme.

**A
G
R
O
CON**

A

de agonía

▼ **LIDIA SENRA**

Secretaría Portavoz do Sindicato
Labrego Galego - Comisóns Labregas

Fotografía: Marga Sampaio



Na actualidade o modelo social é urbano e a pesar de que ser labrega ou labrego é unha profesión altamente polivalente e a pesar de reconecer que somos imprescindíbeis para a alimentación da humanidade, somos desprezados/as culturalmente (pois a mensaxe do poder di que un país é máis avanzado económicamente cantos menos labregos/as ten, aínda que haxa millóns de parados/as); económicamente (xa que a pesar de que traballamos máis e temos menos tempo libre, a nosa renda é inferior ás outras categorías sociais e debemos ser a única parte da sociedade que ano tras ano ve como caen as súas rendas) e socialmente (as prestacións sociais son moi inferiores ou non existen como no caso da baixa maternal). O traballo da muller reconece-se mal ou non se reconece máis que como axuda familiar..." (Coordenadora Labrega Europea -CPE-, novembro de 1991. Este é o sentir dos Sindicatos agrários que formamos parte da CPE e foi expresado con ocasión das reflexións que fixemos con motivo da análise sobre a reforma da PAC (Política Agraria Común).

A situación en Galiza aínda é moito peor, pero antes de entrar a analizá-la, quero dar-vos as grazas por esa vosa preocupación por dar a coñecer os problemas do mundo rural a outros sectores sociais.

O agro galego padece unha situación crónica de subdesenvolvemento que evidentemente está enmarcada no contexto de subdesenvolvemento económico



do noso país. E, aínda que nos queren transmitir que o desenvolvemento do agro non foi posíbel porque os labregos e labregas galegas somos atrasados ou porque o noso país é desfavorecido xeográfica ou climaticamente, o feito é que o agro non se desenvolveu porque nunca nen desde o Goberno español nen desde o Goberno galego se propuxeron desenvolve-lo en función das necesidades do noso país. O único que fixeron foi orientar as producións en función das necesidades alleas. Exemplos disto na historia hai abondos (os bois cebóns a finais de século, a cría de mulas nos anos cuarenta,...)

Agora, case a comenzos dun novo século a historia volve repetirse e os países ricos do Mercado Común, tentan facer-nos pagar a nós a crise xerada pola PAC. Unha política agraria común que se asenta no modelo produtivista e que non respeta nen a calidade da alimentación, nen a renda das persoas que traballan a terra, nen o medio ambiente e que o único que pretenden é conseguir unha materia prima barata para fornecer as arcas das multinacionais agroalimentarias. Unha política agraria que basando-se na rendabilidade mercantil, fomenta a concentración da produción en grandes explotacións de tipo industrial e nas zonas xa moi desenvolvidas da Comunidade Europea. Isto provoca

"Agora, case a comenzos dun novo século a historia volve repetirse e os países ricos do Mercado Común, tentan facer-nos pagar a nós a crise xerada pola PAC."

un grave drama social pois: elimina postos de traballo; poluciona o chan e as augas alí onde se concentra a produción, desertifica alí onde elimina explotacións; dá-lle a sociedade unha alimentación cada vez peor, cargada de residuos de aduvos químicos, pesticidas, hormonas,...; xera mares de excedentes que son os responsábeis da fame no mundo e despilfarra os recursos enerxéticos do planeta.

Ademais de todo isto, agora os países ricos da Comunidade pretenden unha nova división do traballo agrícola, a través da cal se reservan para sí o dereito a producir aquilo que deixa riqueza e ao noso país asignan-lle o papel de producir pasta de papel e malviver da esmola,

do turismo rural,... En definitiva, converternos nun país subsidiado na teoría, porque cando non haxa quen cotice, farán-nos o mesmo que, en nome da converxencia europea, están a facer á poboación que ten a desgracia de estar no paro. Neste contexto o turismo rural servirá para escravizar ás labregas que ademais de atender á explotación e á casa terán que atender o camping ou ao posíbel turista que aloxen nas súas vivendas e tamén para atentar aínda máis contra o medio ambiente, vexamos como exemplo os proxectos de campos de golf ou similares.

Antes esta situación é evidente que salvar o agro galego é algo que compete a toda a sociedade galega e neste sentido é urxente que todas e todos aportemos o noso grao de area para conseguir un desenvolvemento integral do agro galego, desenvolvemento que pasa pola defensa a ultranza da nosa capacidade productiva e desenvolvemento da mesma, que manteña os máximos postos de traballo na agricultura, que sexa respetoso co medio ambiente e que xere unha alimentación de calidade para a poboación e no que a pluriactividade, o turismo rural, a repoboación forestal, etc., terán cabida como complemento da produción, pero nunca como alternativa para substituí-la. ▀

RECUPERAR A MEMORIA

Sombras e luces para as fillas de Eva

▲ AURORA MARCO

Lembrete que e por nacer
nenhúa que nam errasse,

.....
Espanha foy ja perdida
por Letabla húa vez,
e a Troya destroyda
por males que Elena fez.
Desabafa coraçam,
vive, nam te desesperes,
caa que fez pecar Adam
foy a maã y desta molheres.

(Jorge de Aguiar. "Contra molheres".
Cancioneiro Geral de Garcia de Resende)

« se expresaba Jorge de Aguiar nunha composición significativamente intitulada "Contra mulheres", nun século -o XVI- de exaltación da muller en que destaca a personalidade da humanista toledana Luísa Sigea que, en 1552, publicou un libro, *Duarum virginum colloquium de vita aulica et privata*, focado desde un punto de vista feminista (hoxe reeditado na lingua orixinal e en francés). Porén, o texto da cantiga que figura ao comezo deste artigo revela unha visión secular sobre a muller que se estendeu até os nosos días.

Non pensamos remontar-nos ao século XVI para iniciarmos esta sección que, amavelmente, nos ofrecen as responsábeis de *Andaina*. Centraremo-nos nunha etapa máis próxima a nós, non só temporalmente senón a nivel de coñecemento: os últimos decénios do século XIX, un século de algunhas luces (e sombras) para as mulleres, que perciben con claridade, e así o manifestan -embora sexa unha minoría- a idea de que non é posíbel avanzar cando o 50% da humanidade está discriminada e non lle son recoñecidos os seus dereitos. Este postulado comeza a ter unha relevancia que non tivo antes. A polémica feminista irrompe con forza na Galiza na segunda metade do século XIX. A prensa galega é fiel testemuña, mas non só: en Ateneos, Centros de Cultura, Círculos, en Asociacións femininas, en discursos inaugurais de curso, con diferentes posicionamentos, o tema da muller constitúe un dos debates ideolóxicos de maior peso. Son moi numerosos os textos e referencias expresadas ao tema que temos recuperado. Non se pode soste, porque a

investigación evidencia o contrario, que esta polémica ten moi pouca presenza en Galiza, semellando cuase non existir até o último terzo do XX. Isto é pouco serio e demostra que moitas veces se traballa con pouco rigor, neste e noutros campos da investigación.

O tema da muller suscita enorme interese e, por veces, adopta un ton abondo polémico. Con distintos matices perfilan-se dúas posturas, dúas argumentacións, na dialéctica que se establece:

1) A que segue defendendo o papel tradicional da muller, o **anxo do lar**, que debe consagrarse à familia porque esta constitúe o seu verdadeiro triunfo. A todo o máis que pode aspirar é a unha educación, chamada de **adorno** (música, debuxo, francés, costura), que non lle faga esquecer a súa misión fundamental de filla, esposa e nai. Para defender esta idea bota-se mao de argumentos de todo tipo, incluídos os fisiolóxicos e teolóxicos-bíblicos. Son os varóns os que, maioritariamente, manteñen estes argumentos, moitas veces con ardor. Mas, dá-se tamén o caso de algunhas mulleres que, desde as páxinas de revistas e xornais, manifestan puntos de vista semellantes. Vexamos, por exemplo, o que dicía Emma Calderón nun artigo intitulado "El heroísmo en la mujer": «*En toda la vida espiritual de la mujer se aprecia cuan diferente es su psicología de la del hombre. Digan lo que quieran las defensoras del feminismo exagerado, así como en lo físico ... nunca consiguen equipararse en formas y fuerza los dos sexos tampoco en lo espiritual ha de llegarse a la igualdad*». Hai algunhas pasaxes deste artigo de Emma Calderón que reflecten moi ben cal era o modo de pensar e sentir naquela altura sobre o tema posto a debate. Falando do heroísmo considera a asinante que no varón é espontáneo porque «*en cada soldado, en cada hombre... hai un héroe que aguarda la ocasión de manifestarse*». Non ocorre o mesmo coa muller; segundo a Calderón, porque cando nota o perigo busca ao seu lado a un home, e ao non achá-lo, desaparece a muller ficando a leoa. Mas, pasado o momento heroico, a muller escoita avergoñada os vitorios e non pode perdoar a quen a fixo amosar-se varonil, prescindindo das súas armas que son o amor e a dozura. Por iso non paga a pena perpetuar as súas fazañas no mármore e no bronce. En todo caso unha pedra branca con esta inscrición: Amou moito.

Son moitas as opinións que están nesta liña. A prensa fai-se eco da polémica, por veces enconada, como dixemos. Surxen tamén seccións "curiosas", como a da revista **La Ilustración gallega**, que leva por título **La mujer** (en outros números "Mujerío"), onde se recollen unha serie de pensamentos sobre a muller. Vexamos algúns:

*Formado su corazón
para un continuo luchar
ve, que es su destino, amar
su deber la abnegación.*
(Emilia Calé de Quintero)

*Imagen de los querubes
del hombre el mayor desvelo,
un pedazo, en fin, de cielo,
más a lo mejor... con nubes.*
(Antonio J. Afán de Rivera)

*La inocencia, cuando es niña;
cuando es joven, la belleza;
lo sagrado, cuando es madre;
y el demonio, cuando es vieja.*
(Ricardo del R. Iglesias)

Outros pensamentos, non en clave rimada, insisten nos estereotipos de sempre:

«*Un ángel... caído que nos seduce y a veces nos esclaviza*» (Narciso Díaz de Escovar).

«*Una ocarina caprichosa que, cuando suena bien, recrea el oído y hace llorar de gozo y cuando da en destemplarse hace llorar de rabia*» (Jaime Solá).

2) Este era o ambiente en que se movían outras mulleres que co seu traballo, cos seus escritos, nas súas intervencións públicas trataban de apoiar unha liña de pensamento claramente dirixida à súa integración na sociedade. Esta segunda argumentación, minoritaria, en que tamén participan algúns varóns, partía da base de que a muller ten un papel que xogar na sociedade e ten uns dereitos que lle pertencen, iguais aos da outra metade do xénero humano. Así opinaba, desde as páxinas de **A**

Coruña Moderna a que asinaba "Mariucha" (manter o anonimato ou utilizar pseudónimos é algo mui frecuente neste século): «*La mujer española es ya suficientemente culta para exigir el puesto que en la sociedad le corresponde... Es preciso que empiece a comprender que su dignidad non está solo basada en la pureza de su sexo, sino también en su consideración de ser racional, inteligente y completo. Así, pues, toda española debe de protestar de la privación de todo derecho adquirido por el hombre... La mujer española se queja en privado, constantemente, de la condición en que se la tiene; ¿por qué no lo hace en público? ¿Por qué no protesta contra estos atropellos y estos insultos...? La dignidad, el honor, es una religión también muy sagrada, que tenemos el honor de defender.*»

Desde a ironía e o humor epigramáticos Blanca Baldomir pon en tela de xuízo a dupla moral que xulga con distinta ollada os comportamentos de varóns e mulleres:

*Un republicano enxebre
berraba —¡viva a igualdá!—
y a muller cansa de outvilo
a un mocíño foi bicar:
Pro din que entón o escoitaron
polo baixo mumurar:
A igualdá, pra certas cousas,
pero non pra as demais.*

Nun ambiente, as máis das veces hostil, as mulleres reivindicaban a educación, a igualdade, o traballo... Os textos en que manifestan os seus posicionamentos son enormemente reveladores da preocupación que naquela altura existía. Antes de lembrar a unha destas mulleres galegas, nacida nos últimos anos do XIX, citaremos un trecho da autoría de Rosario Acuña, unha feminista destacada que nun traballo intitulado "Algo sobre la mujer", recollido no libro *Tiempo perdido* terciou na contenda de defensores e detractores da muller con argumentos mui claros: «*Con perdón de lectores y lectoras, y con perdón de los señores sabios que en la contienda tomaron parte, héteme aquí dispuesta a decir, mondas y lirondas, lo que a mi entender tengo por verdades indiscutibles... y puesto que de igualdades se trata... juro y perjuro que tan iguales nos hicieron nuestros padres Adán y Eva... como iguales venimos siendo a través de los siglos y a pesar de sus variables alternativas... y como para probarlo basta registrar los anales de la historia humana, paso a otro asunto, asentando como incuestionable verdad la perfectísima, equitativa y exacta repartición que de los reinos del sentir y el pensar nos hicieron los ilustres creadores de la raza a que pertenecemos. No se me venga con la fisiología a probar que nuestro cerebro, en cantidad y calidad, es infinitamente inferior al del hombre...*».



MARIA LÓPEZ

Non foi escritora, nen educadora, nen socióloga, nen xornalista. Tampouco pintora ou pianista. Mas merece estar ao lado de todas elas à hora da lembranza. Só sabemos o seu nome e lugar de nacemento. Con iso abonda porque se a traemos a esta sección é porque foi unha muller que, aos seus 16 anos, protagonizou un acontecemento que tivo amplo eco na prensa bonaerense e na galega, por andar à procura de algo tan elemental como é o traballo en condicións de igualdade en canto a salario e valorización.

Rosa Capel no seu libro *El trabajo y la educación de la mujer en España*, lembra-nos como naqueles tempos, e desde todos os sectores, se erguían voces contra o traballo da muller porque o ideal feminino seguía estando no prototipo descrito por Frai Luís de León, esa muller cuxo campo de acción, di Rosa Capel, se concreta nos tres "K" de Guillermo II: **Kirche**,

Kucher, **Kinde**, quer dicir, «Igrexa, Cociña, Berce». Porén, as mulleres querían ver ampliado este campo de acción e, aínda que na realidade, do punto de vista legal, as posibilidades teóricas para a súa entrada no mercado do traballo foran cambiando, as conquistas, certamente, non eran moitas.

María López, esta rapaza nova nacida nunha aldea de Lugo, onde traballou desde nena ao lado dos seus pais, emigrou a América para asegurar aos seus pais unhas millores condicións de vida que as que aquí tiñan. Mais axina se decatou de que o traballo da muller non era valorizado nen remunerado como o dos varóns e por iso decidiu facer-se pasar por un home e, así vestida, comezou a traballar de peón na estación de Pirán. Despois de estar traballando certo tempo sen que ninguén se decatase da súa condición de muller, trasladou-se a Buenos Aires a buscar outra ocupación. Ao

chegar à estación Constitución foi detida por un axente da comisaría de investigacións ao que lle chamou a atención o seu aspecto. Unha vez aclarada a situación foi posta en liberdade e conducida à casa dunha paisana galega até que atopase outra colocación «adecuada aos seus coñecimentos e facultades», refere a prensa. Da noticia fixo-se eco *El Diario Español* de Buenos Aires que a intitulaba "De la vida real. Unha heroína". Na prensa galega, *El Eco de Santiago* (1-5-1907) comentaba o caso, "Un hombre mujer. Aventura novelesca", engadindo algúns párrafos non exentos de certa ironía: «... le dio la idea de abandonar su traje femenino y ponerse los pantalones, antes de contraer matrimonio, al revés de lo que hacen otras mujeres». Tamén a revista *Galicia*, de Madrid, refería este acontecemento no seu número 24, nun solto que levaba o título "Una heroína gallega".

Sombras, moitas, sombras, para as mulleres que, como María López, eran conscientes do diferente stáтус de que gozaban na sociedade. Algunhas luces vislumbraban-se ao lonxe. ▀

MULLERES EXPULSADAS

▼ ANA M^a SANTORUN

Os homes gañaron a loita pola dirección do mundo e aínda que nunca estiveron sós para face-la historia, expulsáronnos dela e asumiron o papel de escribas. Pero hai unha canción que di que «se a historia a escriben os que gañan, iso quere dicir que hai outra historia, a verdadeira historia».

Imaxinádevos unha muller delgada e pequena enfrontada a unha dúcia de asasininos para que o seu home teña tempo de fuxir. Imaxinádevos que a muller leva unha lanza na man e que ten un posto no campo da guerra. Non creades que vos conto unha película de aventuras: ela é Manuela Sáenz, un soldado máis dos do mariscal Sucre na batalla de Ayacucho. Seu home chamábase Simón Bolívar.

¿Cando comenzo a nosa historia aínda non escrita? Cecais aló polo 1550, cando Mencia Calderón chega ás ribeiras do Brasil, ó fronte do primeiro continxente de mulleres que viñan poboar ó Novo Mundo. Mencia e cincuenta máis coma ela non necesitaron homes para dominar os mares. Necesitáronos, si, para facer anda-la historia e a historia foi adiante.

Historias rosadas

Ó redor dos anos 1806 e 1807 os ingleses percorren as costas americanas. Naquela ínfima Bos Aires a sarxenta maior Martina Áspedes e a alférez Manuela Pedraza dirixen parte da defensa da cidade. Non moito máis tarde escomeza a organización dos exércitos “libertadores” e as mulleres teñen ó seu cargo o labor de vesti-las tropas e, nalgúns casos, de equipalas. Pola súa banda, as capitanas Martina Silva, Magdalena Güemes e Juana Azur-


duy non dubidaron á hora de colle-las armas. Hoxe, esta mostra de nomes, uns poucos escollidos entre milleiros de mulleres, tense convertido nos nomes da rúas esquecidas.

Cando as mulleres non puideron ser deixadas fóra da historia, botouse enriba delas unha pátina de romanticismo. Aínda lembro as ilustracións dos libros infantís con aquelas loiras “damas patricias”, que procuraban a roupa e bordaban bandeiras e estandartes para os exércitos de San Martín e Bolívar; as esluadas “niñas de Ayohuma”, cos seus veos translúcidos, coma anxos asexuados, cando en verdade tiñan a pouco grata tarefa de asistiren ós soldados cansos e feridos. Delfina, a muller de Pancho Ramírez; Victoria, a do Chacho Peñaloza e Manuelita Sáenz, foron borradas dos manuais, ou –convertidas en lumias– protagonizaron algún capítulo dunha historia hipócrita e pacata.

Eva Perón

Vou recorrer outra vez ó voso maxín. Imaxinádevos unha meniña morena que, coma moitas, chega a unha estación dos ferrocarril na meirande cidade sudamericana, cos seus zapatos baixos, un bolso pequeno e a ilusión grande de ser actriz. Eva María Duarte, filla natural dunha muller de campo, a poucos anos de chegar a Bos Aires funda o primeiro sindicato de locutores e antes de se converter en Eva Perón, toma parte activa na organización da xornada do 17 de outubro, data na que o pobo traballador arxentino decidiu saír ás rúas para ser protagonista da súa historia.

Perón e máis Evita non chegaron a coñecerse por unha causa sen causa nin por escuras ambicións. Nada máis doado ca un terremoto para xuntalos.



Eva organizaba un festival para axudalas vítimas dun sismo cando se puxo en contacto co que ía ser o seu home.

Agás pola ópera rock “Evita”, que pouco di, e polos lugares comúns sobre o “populismo peronista”, non está difundida a historia da que inaugurou a era dos dereitos políticos femininos na Arxentina.

Pola súa orixe, Eva Perón simbolizara as xigantescas enerxías reprimidas das mulleres da capa máis popular da sociedade. Resumiu na súa persoa o dersexo delas de acadar un nivel de vida digno nunha sociedade máis xusta. Foi gracias a ela que a muller coñeceu a civilización, entendida coma a realización do seu presente e o soño, daquela lonxano, de ter un porvir. Ela incorpo-

DA HISTORIA DE AMÉRICA



rouna ó mundo do traballo, da política, ás loitas sindicais, á historia, e fíxoo, como di unha poesía de María Elena Walsh, “de prepo, arrebatando micrófonos”.

“Volveré y seré millones”

Có peronismo, as mulleres deixaron de servir para se incorporar á industria e as que seguiron no servizo doméstico tiveron un “Estatuto” que regulaba o seu labor; viron sancionados os seus dereitos políticos; votaron (Evita fíxoo pola primeira volta e no seu leito de morte); e disfrutaron de garderías infantís nos lugares de traballo, entre outras moitas cousas.

Un día da primavera do ano 1947, cando se promulgou a lei do voto feminino, unha muller delgada e pequena, dende o lendario balcón da casa de goberno falaba deste xeito: «Temos, miñas irmás, unha alta misión que cumprir nos anos que veñan: loitar pola paz; pero sabede que a loita pola paz é tamén unha guerra».

Non foi Evita soa quen loitou na procura de acadar os dereitos políticos das mulleres do seu país. Houbo na Arxentina un movemento feminista vinculado co Partido Socialista da época que traballou dende a primeira década do século polo recoñecemento dos dereitos femininos. Pero cando Eva Perón desenvolveu a súa campaña, elas escozaron outra –e isto tamén haino que

dicir– baixo o lema “Ahora no queremos votar”, e no nome do progresismo coincidiron có sector máis conservador da sociedade.

¿Por que esta postura case que increíble? A intelectualidade, os profesionais e a clase media urbana, todos eles dun xeito ou do outro vinculados coa oligarquía, non aceptaron que a muller do presidente non pertencera ó seu círculo social. Evita era unha “actriz”, unha prostituta, unha marxinal, pero estaba por enriba deles, que ata entón tiveran o mando do país. Privada da dirección honoraria da Sociedade de Benficencia, que era costume dala á muller do presidente, crea a “Fundación Eva Perón”. Aquela antiga institución oligárquica encargada de atender ás necesidades do pobo por “caridade” e non por dereito, deixa de existir e Eva fai o que nunca ninguén fixo polos máis pobres, os olvidados, os que non teñen voz; e así foi chamada polos seus “descamisados”, “abanderada de los humildes”.

No ano 1955 a chamada “Revolución Libertadora”, no nome dunha suposta democracia, derrocou o goberno de Juan Perón, que fora elixido democraticamente no 1952. Paradoxalmente, os “libertadores” suprimen a lei de garderías, fan desaparecer o corpo de Evita –que xa morrera– e queiman (queiman literalmente, con lume) todo aquilo que leva o cuño da súa Fundación, nunha mostra non de obxectivos políticos, senón de odio a un sector da sociedade que gracias a ela chegou a ter un posto de avanzada na historia.

Coidaron que o que non se ve non existe, pero nin quitando o corpo de diante nin borrando o seu nome da faz da terra puideron soterra-la verdade, cambia-la historia e afoga-lo espírito daquela muller que pouco antes de morrer dixera, ó se despedir do seu pobo, “voltarei, se serei millóns”. ▀

AGORA QUE AS MULLERES TRABALLAN: SIGNIFICADO DE "AGORA"

MARIA DO CARME GARCIA NEGRO
RITA RADL

1. Un relato

D. Benedicto Pérez Gasset Martínez de Aquino foi un ilustre pensador que exerceu como catedrático na Universidade alá na segunda e terceira década deste século.

Gracias aos seus escritos, podemos gozar hoxe dunha atinada imaxe da sociedade da súa época, xa que –aparte da erudición propia da súa condición– foi un curioso e minucioso relator da vida cotidiana dunha pequena cidade universitaria, nomeadamente através dos artigos que con asiduidade publicaba na prensa diária.

D. Benedicto ocupou-se colateralmente do tema do noso interese: él, en realidade, nunca afirmou que as mulleres non traballaban. Era da opinión de que como estaba demostrado que nunca traballaran, e nada de valor fixeran que fose significativo aporte á ciencia e á cultura, podía-se colexir que existía unha certa incapacidade.

No mellor dos casos, o feito de que algunha excepción viñese embafar tan aserto impecábel era máis ben un certo accidente da natureza (ou histórico?) que unha demostración á contra.

A súa propia existencia desenvolvía-se de maneira total nun meio onde era evidente que as mulleres non traballaban:

A súa esposa encargaba-se como moito, de acudir a actos sociais (mundanos e relixiosos) acompañada das súas fillas e doutras damas do seu mesmo entorno social e así era para as mulleres que él coñecía.

Certo que había outros seres tamén do mesmo xénero pero non sabía se da mesma especie –él non as coñecía, non as trataba, non lles tiña falado nunca– que por necesidade facían traballos: así eran esas mulleres que viu sempre de xeonllos fregando e encerando as escaleiras da súa casa; do mesmo estilo

que as que había na Universidade pero non sabería dicir como eran porque non falara nunca con elas.

Certo que tamén había unhas outras, as lavadeiras que recollían a roupa suxa e a entregaban limpa despois do seu paso polas purificadoras augas do río. Tampouco falaban (D. Benedicto nunca lles tivo que dirixir a palabra).

Asi mesmo, podía dar conta da existencia dunha pobre muller que pasaba a ferro roupa branca de casa e de igrexa (en realidade, dicía, quen pagará por iso?).

Noutro lugar, reflecte a realidade doutros servizos: as fondas, paradas, tabernas, hoteis... tiñan moi a miúdo unha muller ao fronte ou, senon, con toda seguridade, no escuro das cociñas e na limpeza. Alguns destes lugares, non precisamente recomendábeis para as mulleres (–a súa/s), eran frecuentados polas protagonistas da chamada “vida alegre” das que curiosamente si se

recoñece que teñen oficio. Pero, claro, isto non ten nada que ver co noso tema. Só se cita polo feito de aparecer OFÍCIO.

En cambio, si é de obriga citar, xa que é demostración de excelsas cualidades, o paso pola cidade da magnífica actriz dona Violante de Bermúdez (filla dun alto militar madrileño e dunha pianista estranxeira) que co seu prestíxio indica o camiño ao enorme grémio de artistíñas de café cantante (de dubidosa vida) que case se esquece de citar.

Pasa por alto calquer relación co que se entende por traballo ao falar do labor desempeñado pola sufridas enfermeiras e monxas. Son auténticos anxos que –prolongando as funcións propias (quer dicir, naturais)– do seu sexo en ben dos demais entregan a súa vida sen nada a cambio.

Nun artigo adicado á gastronomía louva o bon quefacer das cociñeiras galegas. Claro que, contan todas elas cuns produtos frescos vendidos na praza, maioritariamente por mulleres: as carniceiras, pescadeiras, verduleiras, fruteiras, moitas delas ofrecendo os produtos das súas propias explotacións; outras só intermediarias. Por certo que ao citar tanto os produtos do agro como do mar galegos refírese con compaixón á vida das labregas pobres como dignas de lástima. O artigo de gastronomía remataba cunha residual referencia ás fábricas da fábrica da Coruña (liadas por mulleres).

Sen embargo, todos os suores de labregas e mariñeiras non son de considerar no mundo do producido xa que as primeiras, na maior parte dos casos non son titulares da explotación agrícola e no segundo desenvolven un labor auxiliar e temporeiro (a máis neste caso moitas só reciben remuneración en especie).

2. Unha constatación

D. Benedicto, e con él todo his-



toriador que se prezase así como os economistas, os sociólogos, os filósofos... identificaban labor remunerado ou xerador de ingresos con traballo e, ademais, viña en apoio das súas afirmacións, verbo do papel da muller, como traballadora, a etapa singular en que se viveu no capitalismo de entre guerras. Na pequena narración de máis arriba é difícil atopar competencia no tipo de traballo desempeñado por mulleres e homes: parece como se esas mulleres só desenvolvesen labores que ningún home fai (no mesmo tempo e no mesmo espazo polo menos, só recordamos aquí os empregados galegos da limpeza pública e privada na emigración americana polos mesmos anos).

Dá-se, a máis, unha outra distancia co mundo actual, cal é a ausencia de cuantificación universal e de fontes coñecidas e contrastábeis.

Existe, a máis, outra fonte de ocultamentos, cal é a identificación por extensión de muller-clase social de quen fala- con todas as mulleres. Identifícase ausencia de presenza institucional (por exemplo nos sindicatos, nos grémios, nas confrarías, nas cámaras agrarias...) con ausencia de traballadoras. Ausencia xustificada plenamente, cando a primeira e evidente era a de suxeito de dereitos dos códigos civís vixentes en todo o mundo nesa mesma época (canto tempo hai que se votou o derradeiro referendo suízo sobre o voto feminino?, canto tempo hai que o Código civil español obrigaba á casada a ter permiso do marido para traballar?...))

No caso da nosa narración, cantas mulleres das totais urbanas (que eran unha pequenísima porcentaxe do total) se adicaban ao mesmo que a esposa de D. Benedicto? E, nembargantes, ¡ou miragre dos estereotipos! esa é a imaxe transmitida da muller no pasado. Imaxe necesaria para que AGORA signifique ALGO.

Desde aquí, é evidente que non tratamos de facer unha aportación histórica, só de empezar a poñer as bases para saber que cando se trate este asunto falemos todas do mesmo. De momento estamos en condicións de asegurar que:

No espazo económico coñecido convencionalmente como Europa (isto quer dicir que acabar en Ásia) non houbo oficio que fose descoñecido para as mulleres, só que afluían a él ou o abandonaban en función da demanda de forza de traballo de 1ª clase (masculina nativa) que existise en cada economía, en cada momento determinado.

As mulleres traballaron o agro, coñeceron todo tipo de factorías e actividades desenvolvidas en fábricas, nas minas, na estiba, no ferrocarril (tanto na construción como no transporte), na pesca, na construción e en toda clase de servizos.



▲ Colmeiro. "Campesinas". 1931.

O que si foi característica común é que o tempo histórico de permanencia nas distintas actividades foi a miúdo tan breve que impediu polo propio funcionamento do desprazamento masculino, o seu afianzamento, maior cualificación, asentamento nas agrupacións sindicais, é dicir, verificación dos logros tamén históricos de clase traballadora.

O denominador común para as mulleres traballadoras durante longas etapas do capitalismo foi a permanencia nun nivel ínfimo de cualificación de tal forma que o mesmo control exercido para a entrada no mercado de traballo xogaba para impedir socialmente o acceso a un nivel maior de cualificación laboral (volvamos ás leis). Convén-nos lembrar aquí, porque así o queremos enmarcar; os primeiros balbuceos do feminismo da man de quen -por clase social-alta e media burguesía urbana do centro do capitalismo- se podía converter en testemuña do seu tempo mediante o uso da propia palabra. As primeiras escritoras son as primeiras feministas (salva-nos que para elas non foi preciso ir á Universidade).

A presenza da ideoloxía dominante masculino-patriarcal é tan esmagadora que mesmo en contra da vontade dos cronistas notariais permanecen como feitos establecidos aqueles da conveniencia do poder establecido: así sucede coa "novidade" dos

actuais oficios para a muller. Negamos tal novidade.

É un feito, e imo-nos achegando a AGORA, que até ben rematada a segunda guerra mundial non existían nen convenções internacionais nen institucións desta natureza que publicasen datos estatísticos válidos para comparar a poboación activa feminina (conceito que de momento non discutimos).

É aínda hoxe un feito que moitos países do chamado Terceiro Mundo só consideran activos a aqueles que teñen un emprego remunerado (qué serán as súas campesinas, amas de casa??).

Discuten hoxe aínda os economistas que se debe considerar como produto porque desta discusión se derivará a consideración ou non de traballador: traballador aquel que produce un produto que lle interesa ao mercado (ou non?). Muller campesina que produce alimentos-inactiva. Muller que produce servizos pero que non van ao mercado, é dicir que ninguén lle remunera=inactiva.

3. Agora

Só ten un significado: que o neto de D. Benedicto atopou no pupitre da escola e da Universidade mulleres e que, ademais, tivo que competir con unha delas na súa oposición á cátedra que parecía hereditaria. ▀

Marina. Mayoral.



▼ TAREIXA NAVAZA GONZALEZ

Fotografía: Mónica Couso

MARINA MAYORAL nace en Mondoñedo –o que debe imprimir carácter porque alí naceron Cunqueiro, Leiras Pulpeiro, Noriega Varela–, ese Mondoñedo citado no limiar do Quixote, que tanto lle gusta a Marina, e no que ela foi feliz cos seus pais, avós, tíos, padriño, malia pertencer, como ela di, á xeración da posguerra, nunha España moi pobre e moi triste. Marina, que foi filla única, confesa ter sido unha nena egocéntrica, unha nena rara: lista, sensible, moi alta, 1.73 que hoxe non é moito pero daquela era unha barbaridade, moi delgada.

¿Lembra-lo primeiro amor?

Comecei namorarme ós nove anos. Eran amores nunca correspondidos. Unha desgracia.

¿Cómo definiría-lo amor e como ten cambiado o teu concepto del ó longo da vida?

Non intento definilo porque non o entendo. É un sentimento tan misterioso que non acerto nin a definilo nin a entendelo.

¿O desamor dáche forza ou déixate aboiada?

Eu necesito certa estabilidade emocional para estar a gusto. Traballo mellor cando estou correspondida, porque unha cousa é amar e outra ser correspondida. Cando ocorre iso atópome nun estado de serenidade e tranquilidade.

Carme Blanco, na súa obra *Literatura Galega de Muller*, di que Marina Mayoral é unha das escritoras da segunda xeración da posguerra que producen a definitiva diversificación dos xéneros e o afianzamento da narrativa. Coas autoras desta promoción conséguese, definitivamente, o estatus de igualdade polo que se refire á creación

en sí, estatus que con anterioridade tan só atinxiron tres ou catro individualidades. Participan no movemento cultural protagonizado pola denominada xeración dos Xogos Minervais e que se aglutina en torno ó suplemento do diario *La Noche*.

¿Como era a relación cos compañeiros/as nese momento?

A M^ª Xosé Queizán non cheguei a coñecerla. A Xohana Torres si, pero a nosa non foi unha relación fonda. Si tiveron amizade con Franco Grande, Méndez Ferrín –escribímonos certo tempo cando el estaba en Madrid e eu en Santiago–, Carlos López Casanova, Xavier Carro... Aquela época foi importante por se-lo comezo de moitas cousas. Descubrímonos que era Galicia, ser galegos, a literatura e tamén o amor. Nunca me namorei de ninguén do grupo e agora que lembro nunca dun galego. Teño a seguridade de que no amor hai unha compoñente física moi importante. Ves unha persoa e sobre ese físico imaxinas, comezas a fantasear; pero despois todo iso non se corresponde coa realidade.

recuperando ás escritoras do XIX

¿E como é o físico que te fai soñar?

Gústanme tipo Sean Connery e non obstante me namoro de tipos con aspecto de tuberculosos. Podía namorarme de alguén que me gustase fisicamente, pero está claro que unha cousa é o gusto e outra ben distinta o namoramento.

Marina estivo casada dez anos con Andrés Amorós do que tivo dous fillos: Antonio e Manuel que estudian Dereito e Matemáticas, viven con ela e Marina confesa, con orgullo, que son moi "feministas". Agora está casada cun pintor valenciano.

¿Por que se rompeu unha relación de dez anos?

A ruptura sempre é dolorosa. Ocorre que cando un empeza, moi novo, a evolución é moi diferente. Ó principio, as posturas e reaccións son semellantes. Na actualidade atópome mellor ca nunca.

¿Que pensas das persoas que chegan a morrer de amor, que se suicidan por amor?

Algo moi comprensible. Realmente hai cousas que non entendo e cousas que entendo. Iso de morrer por amor enténdoo perfectamente. A vida pódese converter nun deserto tal, en algo tal falta de sentido que o máis racional e lóxico é desaparecer.

É certo que no nome do amor cométese moitos crimes —«mateina porque era miña», «comigo ou morta», son frases que aseveran o dito—, moitas personalidades femininas son anuladas, moitas mulleres sometidas, no nome do amor, sen coñecer a que poderían ter chegado. ¿Que opinas?

Creo que o amor é máis pleno e máis completo na medida en que os dous son máis libres e máis independentes. Na medida en que se pode separalo amor da dependen-



“**I**so de morrer por amor enténdoo perfectamente.”

cia económica, da dominación... o amor é máis perfecto. Iso non quere dicir que non comprenda ese outro tipo de relacións case de escravitude. O amor pode ser unha paixón terrible que che impide facer nada na vida.

¿Poderías vivir sen amor de parella?

Non. A vida pareceríame moi dura.

¿Que pensas dos ciumes?

Parécenme inseparables do amor. Non sei se haberá algún espírito xeneroso que sexa capaz de separar ciumes de amor, pero o afán de posesión é caseconsustancial cos seres humanos. Non me refiro a celos patolóxicos tipo Otelo; pero a min non me gusta pensar no home que eu quero nos brazos doutra muller. É unha cousa que me repele fisicamente. Prodúcame unha sensa-

"**H**ai moitos grupos de presión, entón a xente que podería ser un bó crítico moitas veces non o é porque quere contemporizar,..."

ción de desagrado, aínda que racionalmente pense que non ten importancia botar unha cana ó aire, ter unha aventura, mesmo para min,...

¿Poderías amar a dous homes á vez?

Non. Sería moi fatigoso. Supoño que son agarimos diferentes.

Se tes unha relación

longa cunha persoa xa se vai creando un hábito, algo máis parecido á amizade có amor paixonal, có desexo, e claro, podes ter apetencias doutro home ou muller. Entran en competencia dous sentimentos distintos: o agarimo e mailo desexo.



Marina é profesora de *Literatura Española* na Universidade Complutense de Madrid, desde os anos setenta. Compaxina a docencia coa crítica literaria e maila literatura e as súas colaboracións en prensa. Publica os xoves no xornal *La Voz de Galicia*. Destacan os seus traballos sobre Rosalía de Castro e Emilia Pardo Bazán. A súa tese de doutoramento fixoa, no ano 74, dirixida por Rafael Lapesa, "La poesía de Rosalía de Castro", un estudio xa imprescindible dentro da bibliografía rosaliana.

¿O ensino impídeche crear máis?

Estou bastante decepcionada, como case todo o mundo, da docencia. Estamos pasando un momento moi malo porque hai un desinterese, por parte dos estudantes, polos ideais culturais que son os que nos moveron sempre. Só están preocupados polos apuntamentos, aínda que sempre hai alguén que se interesa pola literatura e rematas falando para un grupiño, pero en xeral, só están preocupados por aprobar, por acabar canto antes, polo garavanzo, por ter un BMW. Non teñen amor á Universidade. Nós eramos máis utópicos, máis críticos co Poder. A pesar do panorama, a Universidade non me impide crear.

¿Non cres que faltan bos críticos?

Hai moitos grupos de presión, entón a xente que podería ser un bó crítico moitas veces non o é porque quere contemporizar, quedar ben e non se atreve a meterse con alguén que sabe que lle pode pechar certas portas. Non se fai realmente unha crítica de verdade. Faise unha crítica, ou ben de apoio para promocionar determinados escritores, ou ben pola contra faise unha crítica de silencio para non falar de alguén que te molesta. Hai persoas moi intelixentes, moi ben preparadas, pero falta o crítico independente. A miña especialidade é o século XIX, e polo tanto, non falo de escritores contemporáneos. Comprobei que era moi desagradable porque ninguén escoita o que lle dis de boa vontade e todo o mundo entende que estás a atacalo. Só queren que os adules.

¿Algunhas críticas chegaron a ferirte?

Houbo cousas duras. Antipatía, xenreira persoal que pouco tiña que ver coa miña obra. Caer niso é terrible. Persoas que me consta non leron os meus libros, fixeron críticas despectivas: "temática feminista", "cousas de mulleres", e sempre con desprezo.

Marina Mayoral publica o seu primeiro artigo no xornal *El Progreso* de Lugo, dedicado a Concha Espina. No ano 85 publica a novela *Contra muerte e amor* que será traducida, ó galego, por Anxo Tarrío Varela en colaboración con Blanca Roig Rechou. No sucesivo publicará, en galego, dúas novelas curtas: *Unha árbore*, *un adeus* e *O reloxo da torre* no 1988.

Anxo Tarrío, na revista *Insula*, escribiu que a voz narradora de Marina foi tomando, pouco a pouco, un selo propio, inconfundible, que seguramente teríamos que definir cos trazos de fluidez, naturalidade, audibi-

lidade e un certo obxectivismo, ou mesmo frialdade analítica, que a miúdo evitan a caída no patético ou non sentimentalismo, a pesar de afrontar, con gran frecuencia, temas e perspectivas temporais que se prestarían a iso.

M^ª Victoria Moreno di de *Unha arbre, un adeus*, que é unha das novelas máis fermosas que se teñen escrito en lingua galega. Unha novela breve, intensa como un poema, perfecta no seu ritmo. Sabe a pouco este soliloquio dunha muller ferida pola vida.

Camino Noia atopa no *Reloxio da torre* os elementos caracterizadores da chamada narrativa feminina: o retorno ás vivencias da infancia e da xuventude, xunto a un desexo de autoanálise que axude a descubri-la propia identidade. É unha boa radiografía dunha parte da historia social da condición feminina.

¿Como ves o panorama da literatura feminina?

Está moi ben. Avanzamos moito e ademais as mulleres estamos facendo cousas máis interesantes cós homes. Estamos descubrindo cousas. Sen ser xente deslumbrante hai, en moitos sitios, mulleres escribindo sobre as relacións nai-filla, unha relación moi íntima, moi entrañable –que un home non pode entender–. Antes as mulleres, cando temos falado diso, faciamolo dunha maneira moi tópica e condicionada polo que os homes pensaban que tiñan que ser as relacións nai-filla. Amy Tan, americana de orixe oriental, ten un *best-seller* baseado no odio que hai entre nai-filla. Anna Waltraud autora de *Entre mujeres* trata do mesmo. Relacións dun amor extramado e dun odio feroz. Era unha relación que faltaba por explorar; aspectos da visión do mundo feminino que agora están aparecendo.

Ti tratas moito o tema da relación entre mulleres. ¿Como ves esas relacións?

En efecto, ese é un tema que trato moito na miña literatura, porque me parece fascinante e porque ademais foi sempre moi mal interpretado (ó longo da historia sempre fumos consideradas coma insolidarias, inimigas). Os homes pensaban: dúas mulleres son amigas ata que aparece un home, entón se casan ou pelexan por el e a amizade acaba. Ou son lesbianas e por iso se levan tan ben. E non é certo. Hai unha relación distinta. A un home cústalle agarimar a outro home. Unha muller tende a amosar, o seu agarimo por outra muller, e pode facelo sen que desperte críticas na

sociedade. Hai cousas que te unen ás mulleres mesmo sendo de estratos diferentes. Iso os homes fixérono: a súa amizade estaba por riba das dificultades. Aínda non está moi feito polas mulleres.



¿Como ve-la situación da muller hoxe?

Avanzamos pouco. Segue a haber discriminación social. Os postos de traballo, máis elevados, sempre están en mans dos homes. A muller ocúpase máis do fogar e dos fillos có home, o que supón unha sobrecarga para a muller. Mentres non se consiga esa igualdade absoluta no traballo, e que o home comparta as obrigas e as tarefas do fogar, non haberá igualdade.

¿Que tipo de mulleres te emocionan, te comoven?

Hai un tipo de muller que sempre me emocionou e me rebela e é a muller intelixente

“**A** un home cústalle agarimar a outro home. Unha muller tende a amosar, o seu agarimo por outra muller...”



"G
alicia é
como o parente pobre.

Iso é bastante
molesto."

á que non se lle dan oportunidades. Ese tipo de muller que cunha instrucción –e se todo fora xusto– tería que estar nun posto importante e sen embargo está reducida a ser ama de casa.

¿Como ve-la imaxe da muller nos medios de comunicación?

Paréceme terrible a imaxe que dá a TV, o mesmo cá publicidade. Xa podemos dar conferencias por todo o mundo que contra a forza da TV non hai nada que facer.

O aborto segue a ser conflictivo e tema "Tabú". ¿Como ves esta historia?

Paréceme inconcebible que a estas alturas do segundo milenio unha muller non poida decidir por si mesma se quere ou non ter un fillo. Iso é estar na época da escravitude. As xeracións futuras avergonzaranse desta situación da muller.

¿Por que ese medo á autonomía da muller?

A xente ten medo a que as cousas se "descolquen", a perder privilexios. Non deixa de ser unha cuestión de poder.

¿Como se ve Galicia desde Madrid?

Ben, porque a vexo cos ollos da nostalgia, pero supoño que se estivera aquí estaría tamén pelexándome coa xente, porque penso que o noso peor defecto é que somos poucos e mal levados. Tiñamos que ter un maior concepto de cooperación e non o hai.

¿Que supuxo para ti o coñecemento de Ramón Piñeiro e a súa amizade?

Descubri-lo que significaba ser galego, porque para min era unha cuestión puramente sentimental: a terra. Despois de Piñeiro supuxo o valor cultural e da tradición galega, a necesidade de manter uns valores e unha lingua. Piñeiro foi fundamental. A idea de País, de idioma –non vinculado a un só partido político– débolla a el. En realidade esa idea de País universal aberto a todo.

¿Pasou algunha vez pola túa mente o vir traballar a Galicia?

Vir dar un curso de doutoramento, por exemplo, faime ilusión. Sempre acepto cando me invitan a dar unha charla. Podo non ir a outros sitios, pero a Galicia veño sempre.

Na actualidade ¿que temas galegos che doen máis?

O afastamento, a impresión de que bascos e cataláns teñen máis forza. Galicia é como o parente pobre. Iso é bastante molesto.

Marina está en posesión de numerosos premios. Só salientar estes: no 79, Premio Ámbito Literario por *Cándida outra vez*, no 80 Premio Novelas y Cuentos por *Al otro lado*, no 89 Premio Losada Diéguez por *Chamábase Luis*, no 82 Premio Hucha de Oro por *Ensayo de comedia*.

Marina, especialista no século XIX, nas románticas, sente noxo polo descoñecemento, por parte da historia e do mundo literario, de tantas e tantas escritoras das que ninguén se acorda. Ela está niso: en poñelas cousas no seu sitio. Todo podémolo agardar desta muller de espírito forte, serena, melancólica, de exquisita sensibilidade, de intelixencia clara e firme e dun tesón a proba de tódolos contratemplos e amarguras. Marina non quere estar "reprimida" coma as súas admiradas escritoras do dezanove e segue no traballo diario da conquista da liberdade de expresión. ▀



Órdago a pares _____ **30**

▲ Nanina Santos

**Comentarios a lei
de maternidade** _____ **38**

▲ Secretaría da Muller
de CC.OO.

**Estratexía e organización
familiar galega** _____ **40**

▲ Berta Rey

**Malthus
O malthusianismo en Galicia** ____ **42**

▲ B.R.W.

Políticas natalistas? _____ **43**

▲ Anna Cabré

(Artigo traducido da revista *Emakunde*)

ÓRDAGO A PARES

OU COA DEMOGRAFIA AS VOLTAS

Lanzou Fraga un primeiro envite no Parlamento Galego nos comezos de Marzo ao poñer sobre a mesa a baixa taxa de natalidade deste país. Ao primeiro enunciado sucederon-se outros e anúncios de políticas «pro-natalistas» coa pretensión de lograr remontar ese 0,9 fillos por muller até 2,1 para dinamizar a envellecida poboación galega. Mais que a do Estado español.

O tema é complexo e con muitas vetas, ramas e pólas. Unha mirada rápida para entrar en materia. Aquí queremos suxerir só unhas poucas liñas para unha reflexión necesaria e obrigada.

Mónica Couso



¹ 5.840 millóns de persoas povoamos hoxe a Terra segundo o informe do Fondo de Povoación das Nacións Unidas (FNUAP). As proxeccións estiman que en 1998 sumarán 6.000 millóns. Ao longo do próximo decénio rexistarán-se incrementos anuais méios de 97 millóns de habitantes, os mais altos da historia. Para o 2050 calculan-se uns 10.000 millóns e probablemente seguirá medrando até acadar os 11.600 millóns no ano 2150. Cáseque a totalidade deste medro há-se producir en Africa, Asia e América Latina. O mundo desenvolvido verá diminuír a súa poboación do 23% en 1990 ao 13% que se calcula para o ano 2050.

² O Programa Ambiente -1º deste xénero que se realiza-, promovido e financiado pola ONU e

▼ NANINA SANTOS

O CONTEXTO DEMOGRÁFICO MUNDIAL

Boa parte dos demógrafos que poñen os seus ollos na poboación mundial, levan algúns anos falando do grave perigo que corre o planeta Terra para suportar razonablemente o actual ritmo de crecemento.¹

Este medro demográfico é unha preocupación grosa que xa se puxera de manifesto na I Conferencia Mundial de Povoación realizada en Bucarest en 1974 porque os recur-

sos non son ilimitados nen infinitos, por unha parte e, porque as interrelacións entre poboación, recursos e ambiente non son mui alentadoras.²

Os países non desenvolvidos cunha grande vitalidade demográfica, sinten-se incapaces de dar de comer a unha poboación cada vez mais numerosa, ao tempo que os países industrializados, cunha cativa porcentaxe da poboación mundial consumindo a maioría dos recursos, ven como as súas poboacións envellecen aceleradamente cun bulideiro descenso da taxa de natalidade.³

Un Plan de acción Mundial sobre a Povoación

A Conferencia Internacional de Povoación celebrada en México en 1984 voltou enfrontar este problema, poñendo-se de acordo sobre uns poucos principios fundamentais que os gobernos presentes -150 países tiveron representación na Conferencia que alongou por 15 días os debates- se comprometeron a cumprir sempre coas miras postas na redución demográfica.

As ideas de partida facían fincapé na necesidade de millorar a calidade de vida:

- O incremento da esperanza de vida
- A redución das taxas de natalidade
- A redución das Taxas de mortalidade
- A redución das taxas de morbilidade e fecundidade.

E... o Plan enunciou diversos principios.

Un dos fundamentais define que «Mulleres e homes teñen dereito de decidir libre e responsabelmente o número e o espaciamento de fillos así como a recibir esta información».

Os gobernos se comprometen a millorar o nivel educativo e sanitario, de emprego así como a condición da muller, conscientes de que é unha cuestión básica en materia demográfica.

«As parellas e as persoas teñen acceso ao ensino necesario, a información e os medios apropiados para reducir a súa fecundidade, sexan cais foran os obxectivos demográficos dos seus gobernos».

Así a necesidade de planear o número de fillos, espaciar os nacementos, a millora da saúde e a maior posibilidade de escolarización.

A voz de alarma, pois, estaba dada.

Neste envite, non obstante, poucas voces prantexan o problema desde outra óptica: A produción mundial abonda, porén é pouco doada e está

mal repartida. O problema non é principalmente demográfico cuanto de adecuación da produción ás necesidades da povoación mundial e dun equitativo reparto desta produción.⁴

O MUNDO NON É IGUAL

Así que mentres as Conferencias Mundiais de Povoación, o Fondo de Povoación de Nacións Unidas, as Cumbres da Terra, os informes ambientais e ecoloxistas... analizan desta guisa os problemas, a vella Europa sinte-se preocupada polo envellecimento da súa povoación, polas baixas -e baixísimas- taxas de fecundidade e de natalidade o que ten levado a algúns gobernos -denotadamente o francés- a emprender políticas natalistas co obxecto de facer medrar as súas povoacións.

O problema ten, alomenos, dúas caras:

Nas serísimas propostas de planeamento familiar, temos, basicamente:

Reducción da natalidade nos países pobres

Con medidas aceptábeis: Información sexual e anticonceptiva, liberalización do aborto, programas de educación sanitaria, hixienista, educativo, alimentario, loita contra a discriminación da muller...

E con medidas inaceptábeis: esterilizacións non consentidas, mantenza da pobreza, carencias básicas en educación, hixiene, saúde, presións para a reducións de embarazos, alento ao aborto...

Incremento da natalidade nos países ricos

Con medidas aceptábeis: permisos de maternidade, creación de servizos, protección á familia (entendendo por familia o ámbito no que nacen, medran e se socializan os novos habitantes e non o

coordenado pola International Oil Reference and Information Center con sé en Holanda que ocupou a 250 especialistas ao longo de 3 anos, fala de «Alarma Vermella». Nel indican que as actividades humanas desde a fin da 2ª guerra mundial até hoxe, teñen provocado a devastación de enormes extensións de chan no planeta. O 10,50% do terreno máis produtivo do globo está tan destragado que fai imposible calquera uso agrícola nos próximos anos. De aquí deriva-se unha importante carencia de produtos alimentarios a respecto das necesidades da povoación humana, segundo este informe.

³ Con só o 18% da povoación mundial os países industrializados consumen o 80% da produción mundial de enerxía comercial, o 79% do aceiro; o 85% do papel e o 86% dos metais non ferrosos segundo manifestou o Comité Español de Seguimento da Conferencia de Brasil 92 (a Cumbre de Rio de Janeiro). A. de Miguel escribía en 1975 en SEXO, MUJER Y NATALIDAD EN ESPAÑA. Edicusa, Madrid, páxs 188-189 : «A efectos da polémica povoación-recursos, o que interesa non é computar as unidades de povoación como homoxéneas, senon multiplicar cada unha delas polo factor de consumo de enerxía. Neste sentido, por exemplo, que a povoación dos EEUU represente só o 6% da especie humana na actualidade non é tan significativo como que consuma o 40% da enerxía e das materias primas da terra. A presión demográfica ven desta segunda relación. O problema non é que a raza humana se reproduza a maior velocidade que nunca, senon que medra o seu consumo a un ritmo exponencial, devastador, realmente sen precedentes. Parece que é importante regular o número de persoas, pero sobre todo a cantidade de *enerxía e recursos naturais* que «necesitan para sobrevivir...».

⁴ Sophie Bessis argumenta estas posicións no libro EL HAMBRE EN EL MUNDO editado en París en 1991 e traducido pola Ed. Talasa, Madrid, 1992. René Dumont en 1973 L'UTOPIE OU MORT! calificaba ás familias norteamericanas de «verdadeiros vándalos» pola capacidade de consumo, derrochadora, que exhiben. Antes que limitar a natalidade dos países pobres, este autor preconizaba gravar con impostos ás familias dos países ricos con máis de 2 fillos, algo, ao parecer, que se puxera en práctica en China. Referencia tomada do libro de A. de Miguel citado. Páx 188.



Mada Carballeira

“O problema non é principalmente demográfico cuanto de adecuación da produción ás necesidades da povoación mundial e dun equitativo reparto desta produción.”

"A taxa media de fillos por muller no país está en 0,9 (a española é do 1,38), e para superar tal cuestión, concluíu a Xunta de Galiza botando un órdago aos pares, fai-se preciso unha média de 2,1 fillos por muller."

⁵ É particularmente interesante o artigo de Ana Cabré, directora do Centre d'Estudis Demogràfics ¿ES COMPATIBLE LA PROTECCIÓN DE LA FAMILIA CON LA LIBERACIÓN DE LA MUJER? no libro *Mujer y Demografía* -páxs. 11-16- editado polo Instituto de la Mujer, Serie Debate, nº 10 que recolle as ponencias presentadas no Seminario «Muller e Demografía» realizado en Madrid en Setembro de 1989. No artigo resposta afirmativamente a pregunta logo de despexar as distintas idéas de familia: a familia clan, a extensa tradicional. «Logo está outra idéa de familia, mais frecuente; a familia complementaria, baseada fundamentalmente na unión mais ou menos indisolúbel do home e a muller, adicados cada un as súas cousas, co Estado velando porque esta complementariedade se poida manter (...) a mantenza da complementariedade, cando non o seu fomento, é, ao meu ver, un inimigo, por non dicir "o inimigo" da liberación da muller. Por iso, cando digo que a protección da familia é necesaria para a liberación da muller, estou referíndo-me implicitamente á protección dun tipo de familia que hai que ir inventando (que por sorte xa se está inventando), a que cumprindo as funcións reprodutoras e unha parte variábel das funcións asistenciais non o faga sobre a base da complementariedade home-muller. (...) Para min, só hai liberación posíbel cando unha muller, como tamén un home, pode vivir como un ser humano completo, sen ter que facer renúncia a aspectos esenciais da personalidade, como son a vida familiar e a actividade profesional...».

⁶ Atenda-se senon as políticas dos gobernos europeos de fechar as portas a inmigración e os discursos de corte xenófobo que falan de «invasión» para referir-se á entrada de inmigrantes.

⁷ De todo este enunciado paga distinguir os feitos probados: baixas taxas de fecundidade e natalidade; taxa de mortalidade superior á média española; des-

modelo mais difundido e protexido de «familia complementaria» no ámbito europeo⁵).


E medidas inaceptábeis: restricións ao dereito á interrupción voluntaria do embarazo; recortes orzamentais aos centros de atención primaria, de información sexual e anti-conceptiva e de planeamento familiar; primar fortemente ao 3º fillo a condición de que a muller abandone o traballo e regrese ao fogar -Francia-; Subvencións e abondoso material publicitario sostendo un determinado modelo familiar, acceso privilexiado á vivenda para familias con dous ou máis fillos....

Ou o que é o mesmo destas dúas caras: Facer recaer, outravolta, nos países pobres o problema da demografía mundial, da escaseza dos recursos alimentarios, enerxéticos, etc.

O Primeiro mundo, satisfeito e despilfarrador, quere seguir mantendo a «sua propia» poboación⁶ para o que necesita unha demografía xoven, capaz, dinámica, o que lle leva a «propór» ao Terceiro Mundo unha drástica redución da súa poboación, conscientes de que á «sua poboación» -tomada así en conxunto- non terá problemas alimentarios. Que non lle faltarán recursos.

Non é iste un problema pequeno e cumpre te-lo en conta porque non resulta moi solidario «obrigar» aos pobres a non se reproducir mentres se pide aos ricos -as veces con medidas sutilmente e non tan sutilmente coactivas- que se reproduzan.

MAPAS DE CRECIMIENTO DEMOGRÁFICO



Fonte: "V Xornadas de Historia de Galicia" *Galicia y América el papel de la emigración*. Deputación de Ourense, 1990.

GALIZA NA FISTERRA DE EUROPA

No debate parlamentar de comezos de Marzo, Fraga enunciou un vello problema: A poboación galega envellece. As provincias de Lugo e Ourense van quedando despovoadas mentras a poboación se concentra no eixo Atlántico e denotadamente na provincia de Pontevedra e nas cidades. A Mortalidade é 'alta' e segue dando un dos maiores índices de mortalidade infantil...

A fecundidade galega non garantiza actualmente o relevo xeneracional. A taxa media de fillos por muller no país está en 0,9 (a española é do 1,38), e para superar tal cuestión, concluíu a Xunta de Galiza botando un órdago aos pares, fai-se preciso unha média de 2,1 fillos por muller.

Así, Fraga anunciou algunhas medidas pro-natalistas (premiar o terceiro fillo e talvez o segundo; acceso privilexiado á vivenda, medro de retribucións por fillo, permisos laborais aos pais, axudas eco-

nómicas ás amas de casa con fillos ao seu crrego e subvencons ao transporte, automobil familiar e outros) ainda que se laiou de que boa parte destas medidas resultan imposibeis porque tenen unha dimension fiscal e non son de competencia galega senon do goberno central.

Ademais neste contexto fixo fincape nas consecuencias negativas no economico-social (decrecemento da poboacion activa, medo de carregas fis-

pas fora pobre en recursos, abstractamente falando, senon porque a propiedade da terra era a que era, os foristas e caciques se comportaban como se comportaban, os tentos industriais so agromaron, o Estado espaol se construiu violentando a diversidade de todo tipo que integraba a súa xeografía en todas as ordes -economico, climatico, social, cultural...-, perante esto, miles, emigraron.

O abandono sanitario-ali-

poren desditada por conta de gobernantes dali e de aqu, por conta de intermediarios e por conta de cantos lle seguiron o conto, que so foron ao seu e, ao igual que hoxe, o seu non e o noso.

Pero, deixemos o caso galego e reflexionemos sobre un aspecto que as declaracións de Fraga e da Xunta ponen sobre a mesa.

Deben intervenir os gobernos nos fillos que se traen ao mundo? Ha intervenir o Estado na demografía?

Denantes de entrar nesta cueston, varios asuntos merecen ser tomados en consideracion:

✕ Un trazo que ten caracterizado aos grupos humanos ao longo de millons de anos e a súa moderada fecundidade.

✕ A diferencia mais sustantiva entre a demografía «de antes» e a de «agora» e que se ten conseguido reducir de xeito moi notabel a mortalidade, logro ben importante na historia da humanidade. As, ainda que o numero de nacementos remanecera constante, unha poboacion sera mais vella canto mais cativa sexa a súa mortalidade.

✕ A incorporacion masiva das mulleres ao mercado de traballo, a difusion de anticonceptivos de alta eficacia e o maior nivel educativo das mulleres son invocados pola meirande parte de autores como factores mui decisivos nos cambios demograficos de hoxendia. Alguns autores sostenen que o sistema de dominacion masculina favorece a alta fecundidade e que «a baixa fecundidade e a consecuencia natural extrema da igualdade dos sexos».

✕ As polticas pro-natalistas al e onde se tenen practicado non tenen conseguido os obxectivos prantexados, ou dito de outro xeito, non se tenen amosado eficaces.⁸

poboacion da zona interior, concentracion nas cidades e no eixo Atlantico... do que son interpretacions: capacidade de inovacion vencellado a unha poboacion xoven, decrecemento da poboacion activa, etc porque neste hai interpretacions diversas e encontradas segundo quen analise. Pense-se, senon que a capacidade de inovacion en Europa non ten vido da man nos ultimos 50 anos dunha demografía xoven, nen nos pases pobres se tenen anovado sustantivamente cunha poboacion ben dinamica e xoven. No que fai a poboacion activa, e de todo punto imprescindibel considerar a masiva incorporacion das mulleres ao mercado de traballo contribuíndo a subir mui denotadamente os ndices de poboacion activa. Factor que ainda que en Galicia sempre foi elevado pola presenza feminina no mundo agricola, agora da-se, tamen, no mundo industrial e no sector servizos. O paro rexistado nos xovenes -denotadamente mulleres- que buscan o primeiro emprego, non indica que este sexa un problema de especial gravidade. Ademais hai que considerar os cambios nas idades matrimoniais, nas idades de reproducion, as Novas tecnoloxias reprodutivas...

Por ultimo, resulta tremendo pensar a poboacion basecamente en termos economicos -cantidade de pensionistas e servizos derivados-, indo a percura de «novos cotizantes».

⁸ Un exemplo sobranceiro e non tan lonxano e a poltica pronatalista do rexime de Franco. Xa en 1938 o Fuego del Trabajo -calcada da Carta del Lavoro de Mussolini- explicitaba que o Estado liberara a muller casada da oficina e da fabrica. Sucesivos decretos para que a muller adique a súa atencion ao fogar e se arrede dos postos de traballo; a prohibicion de emprego a muller casada a partires dun determinado ingreso do marido; prohibicion de deixar a casa paterna agas casar ou entrar monxa ate os 25 anos; a dependencia feminina como cemento da unidade familiar afirmada, ainda, no Codigo Civil de 1958; o matrimonio como alternativa ao emprego: «excedencia forzada» en caso de voda recibendo unha dote nupcial -Banca-; os apoios economicos as familias numerosas («1^a», «2^a» e «honor»); prohibicion de calquera medida anticonceptiva e penalizacion do seu uso. As presions natalistas formuladas atraves das concepcions relixiosas e morais vixentes tentando servir aos intereses do Estado, con formulacions ideoloxicas imperialistas

Marga Sampaio



cais, reducion da capacidade de inovacion da sociedade sempre vencellada a poboacion xoven...⁷

O caso galego presenta, de vello, un comportamento algo diferente que o caso espaol. O fenomeno migratorio, tan escandaloso, respostaba a unha necesidade: busca de alimento de milleiros de seres humanos que non atopaban no seu pas medios razonabeis de sobrevivencia. E non atopaban non porque o

mentario-educativo, etc no que Galiza estivo, daba os ndices de mortalidade infantil mais elevados, as maiores taxas de analfabetismo, os xornais mais baixos, os prezos do trigo mais altos, A fecundidade foi baixando paulatinamente. Desde comezos de seculo.

Non e, logo, cousa nova. A situacion socio-economico hoxe tampouco e tan floreciente como para que a xente estea mui animada a seguir poboando esta terra. Fermosa

tentando paliar os efectos bélicos sobre a demografía. Así se repetían discursos e proclamas deste teor:

«La mujer, en el sentido estricto de la palabra, es maternidad. Este es el camino a seguir de la mujer y especialmente de la mujer cristiana» de F. Justo Pérez de Urbel no Consejo Nacional de la Sección Femenina.

E, sen embargo, os índices de natalidade estiveron ben por baixo dos correspondentes a 1930.

Só entre os 60-65 houbo unha lixeira alza dos mesmos.

Sobre esto pode consultar-se abondosa bibliografía: Teresa Gallego M.: MUJER, FALANGE Y FRANQUISMO. Taurus, Madrid, 1983; Giuliana di Febo: RESISTENCIA Y MOVIMIENTO DE MUJERES EN ESPAÑA 1936-1976, Icaria, 1979; Varias Autoras: LA MUJER ESPAÑOLA: DE LA TRADICIÓN A LA MODERNIDAD 1960-1980, Tecnos, Madrid, 1986; Alonso de Tejada: LA REPRESIÓN SEXUAL EN LA ESPAÑA DE FRANCO, Caralt, Barcelona, 1977; Lidia Falcón: MUJER Y SOCIEDAD, Fontanella, Barcelona, 1973; Martín Gaité: USOS AMOROSOS DE LA POSGUERRA ESPAÑOLA, Anagrama, Barcelona; A de Miguel: SEXO, MUJER Y NATALIDAD EN ESPAÑA, Edicusa, Madrid, 1975. Amén das estatísticas dos Censos e Padróns Municipais e os Códigos Penal e Civils vixentes nese tempo. Para este tema e para a demografía española dos XVI ao XX o clásico de Jordi Nadal: LA POBLACION ESPAÑOLA, preferibelmente na última edición correxida. Tamén os artigos das Actas das III Xornadas de Historia de Galicia adicadas a demografía e emigración, editado pola Deputación de Ourense 1987.

⁹ Fernández Cordón e Leguina Herranz en BASES PARA UNA POLÍTICA DEMOGRÁFICA no libro do Instituto de la Mujer *Mujer y Demografía* citado, páx 17-29.

¹⁰ Xa sei que existe fervor polo propio crecemento e medo diante do crecemento alleo. Pero esto pertence ao atávico ou a zonas inexpugnábais do subconsciente dos povos e das xentes forxado non se sabe como e cando. Nalgúns casos ten de ver co interese en preservar a posición de dominio e privilexio.

¹¹ Obxectivo que pode ser discutíbel se se considera o estado da poboación mundial, o consumo de recursos e o seu expólio, etc. En troques, Por que non abrir as portas á poboación inmigrante plantexando políticas

X O comportamento demográfico das xentes resposta a multitude de factores e non hai leis que *determinen* tal comportamento. Como escriben dous demógrafos «É difícil anticipar unha situación estábel de crecemento negativo, que non se ten coñecido nunca na historia. A hipótese mais verosímil é a dunha evolución cíclica, de ciclos bastante longos, de diminución e recuperación, en función da estrutura por idades»⁹

X A causa da baixa natalidade non reside no exercicio das liberdades individuais –uso de anticonceptivos, interrupción de embarazos non desexados, etc.– como queren facer ver as xentes de ideais conservadoras nesta materia.

X A extinción dun povo por razóns estritamente demográficas –cosa improbable– non é algo tan temíbel nen que mereza tanta alarma. Non sería millor nen peor que a extinción por algún suceso xeolóxico (glaciacións, terremotos, suba do nivel do mar...) e non obstante ningún goberno se adica a alarmar á poboación perante unha hipotética desaparición. Ademais, permita-se-me a ousadía, tampouco pasa nada: Povos e culturas enteiras teñen desaparecido. A marxe dos nosos desexos e querencias, non somos –a nivel individual nen a nivel colectivo imprescindíbeis– e tampouco eternamente perdurábeis.¹⁰

Voltemos agora á pregunta: Há intervenir o Estado en cuestións demográficas?

Habería que facer, ao meu ver, dúas respostas:

1. **NON.** Traer ou non traer fillos ao mundo há ser unha decisión privada na que o Estado non debe interferir. Nen restrinxindo nen alentando. Non é a súa función, que tamén podería ser un si sempre que o obxectivo perseguíbel sexa socialmente desexábel e compatíbel cos desexos dos individuos e as familias e as súas liberdades.

2. Se ben nos fillos que se teñen non se debe meter o Estado, noutros aspectos colindantes coa demografía ou da demografía mesma, **SI** son función dos gobernos e do Estado e deve, naturalmente, intervenir.

En calquera dos casos hai que pór como criterio básico a libre decisión da muller –que é a reprodutora da especie– non freada ou alentada por mecanismos de calquera tipo en mans do Estado ou das súas mediacións.

Así, se os gobernos europeos, poño por caso, estiman desexábel o medro da natali-

outros (a que chamaremos en palabras de Ana Cabré «complementaria» sobre as monoparentais, de parellas non institucionalizadas de home-muller; home-home ou muller-muller, de outros grupos familiares, etc).

Nen aceptábeis serían outro tipo de medidas que non poderían con propiedade ser chamadas coactivas pero si «discriminatórias»:

Premiar ao 3º fillo -ou nalgúns casos o 2º en calquera das vertientes (subvencións, permisos, exencións...) condicionadas a que a muller non ocupe ningún traballo remunerado –caso francés, insisto,

“
... Non sería aceptábel
ningunha,
absolutamente ningunha política coactiva
en nome de ningún interese
superior, colectivo, xeral.”

dade dos seus países¹¹, non sería aceptábel ningunha, absolutamente ningunha política coactiva en nome de ningún interese superior, colectivo, xeral.

E coactivas son, por exemplo, as medidas que poñen trabas ao libre uso de anticonceptivos ou que penalizan a interrupción voluntaria do embarazo.

Coactivo é a non neutralidade económica do Estado que por exemplo en materia fiscal significa, no caso español, que hai familias que se ven penalizadas no seu nivel de vida polo feito de ter mais fillos que as demais.¹²

Coactivo é que o Estado non faga compatíbel a carreira profesional das mulleres e dos homes –ou a súa posibilidade de traballar– co coidado dos fillos.

Coactivo é protexer a un tipo de familia por sobre os

e principal medida apresentada nunha Proposta de Lei do Partido Popular no Senado en Novembro de 1988– Sería, ademais, un fillo desexado ou o desexo do premio? Por que premiar ao 3º e non a todos? Non é unha clara discriminación entre os fillos o establecemento de categorías «fillo premiado» e «fillo non premiado?»

Acceso privilexiado á vivenda. Vulnera o dereito individual - de toda persoa xa non de familias- de acceso a unha vivenda digna. Por que aos que teñen mais fillos? Non é unha medida que pode agachar o desexo de vivenda a través de parir outro fillo mais que, en realidade poidera ser que non se desexara?

Na mesma liña se inscribirían as rebaixas nos transportes, automóbil familiar, centros de estudo, etc.

Este tipo de medidas, xunto



Mónica Couso

á mui polémica de salario para a ama de casa pretenden -pola porta grande ou pola porta pequena- protexer « á familia» fomentar a natalidade tentando que as mulleres abandonen os postos de traballo e volten ao fogar ou non saian del, ao tempo que poden contribuir a diminuír o paro que nalgúns casos pode ser un dos obxectivos encubertos.

Despexado o campo do NON, podemos bocetar o campo do SI.

Aquí estarían todas as políticas, medidas, orzamentos e tarefas destinadas a garantir que a decisión das mulleres de traer fillos ao mundo e ocupar-se deles (só ou en responsabilidade compartida segundo teñan programado) non presenten incompatibilidade algunha con outras decisións igualmente lexítimas e importantes: traballar, promoción profesional, gañar saláridos razoábeis, tempo de ócio, relaxo e diversión. Así, non há dúbida que é obriga do Estado a creación de cuantos servizos,

permisos por maternidade, estímulo aos homes na corresponsabilización doméstica e familiar, postos de traballo, igualdade entre os sexos; saúde, hixiene, alimentación; cidades habitábeis con lugares de xogo e esparcemento; un rural con condicións de vida dignas, etc.

Este é o terreo onde o Estado, os gobernos, si teñen que tomar decisións, intervir.

Sería o xeito en que as mulleres que hoxe non senten compatíbel o desexo de reproducir-se con outros desexos, miraran a posibilidade de habitar, alomenos, esa duplicidade.

Por último, que os gobernos expliquen a situación demográfica concreta dos seus países e tamén do mundo, que o tema teña mais presenza nos debates de opinión e entre as xentes, que a información e a conciencia sobre esta cuestión sexan grandes, de xeito tal que, nas decisións individuais, entren tamén estes factores como asuntos a

considerar, é algo que, neste como noutros asuntos, sería altamente positivo.

AS MULLERES PODEMOS DICER ALGO

En realidade en materia demográfica, mais que pór o grito no ceo, dar a voz de alarma, propór e pór en marcha políticas natalistas, fai-se preciso considerar os cambios habidos, as causas que teñen contribuído a eles, poñendo nun

de plena integración e idénticos dereitos de cidadanía para a xente que así o desexe?

¹² Dito en palabras de Fernández Cordón e Leguina Herránz, artículo citado, páx 27: «Para gravar a capacidade de gasto real, o importe há calcular-se en función do ingreso familiar e da dimensión da familia. De non ser así, a fiscalidade non é neutra, senon que favorece ás familias con menos fillos. Se non se introduce ningún correctivo, a progresividade impositiva fará que nalguns casos de familias numerosas se apliquen tipos de gravamen elevados a tramos de ingresos que en realidade cobren gastos de primeira necesidade.»

“ Non é unha medida que pode agachar o desexo de vivenda a través de parir outro fillo mais que, en realidade poidera ser que non se desexara?”

A DEMOGRAFIA NA EUROPA

	IRLANDA	DINAMARCA	PORTUGAL	HOLANDA	REINO UNIDO
Nº de fillos por muller	2,34	1,49	1,57	1,56	1,82
Nº matrimonios por 1.000 habts.	5,1	6,1	7	6	7
Nº divorcios por 100 habts.	proibido	45%	12%	34%	44%
Permiso por maternidade	3 meses 1/2 + 1 mes sen salario (posb.)	6 meses	3 meses	3 meses	4 meses 1/2
Aborto	ilegal	autorizado reembolsado	ilegal	autorizado reembolsado	autorizado gratuito

	ITALIA	LUXEMBURGO	ALEMAÑA	GRECIA	BELXICA	ESPAÑA	FRANCIA
Nº de fillos por muller	1,28	1,41	1,38	1,61	1,59	1,72	1,81
Nº matrimonios por 1.000 habts.	5,3	5,3	6,3	6,6	5,7	5,3	4,7
Nº divorcios por 100 habts.	5%	25%	44%	11%	21%	10%	31%
Permiso por maternidade	5 meses	6 meses	3 meses 1/2 (permiso 1 ano 40.000 pts. mes)	4 meses	3 meses 1/2	3 meses 1/2	3 meses 1/2 (7 meses ao 3er. fillo)
Aborto	autorizado reembolsado	autorizado	autorizado reembolsado	autorizado reembolsado	ilegal	ilegal, con excepcións	autorizado reembolsado

Fonte: Eurostat. Oficina de Estatística das Comunidades Europeas. Cifras 1986/87

plano mui central o protagonismo feminino pois o medro ou estancamento demográfico depende en moito das variacións da fecundidade feminina así como outros factores: casamentos, idade dos mesmos, promedio de vida da parella, factores económicos, estado de saúde e hixiene, rexime alimentario, condutas sexuais, sistema de valores, tensión entre desexo de ter fillos e outros desexos (traballo, vida «menos atada», economía, independencia...), paz social, atavismos...

O modelo segundo o que a reprodución caia nas costas da muller cáseque exclusivamente, parece que, endebén, non funciona neste cativo pero diverso espazo que chamamos Primeiro Mundo.

A muller ten cambiado. A incorporación ao mercado de traballo, a súa posición mais activa en todos os ámbitos, e a súa demanda de igualdade. A non exclusividade «maternal», a planificación dos fillos, a esixencia, en moitos casos, da colaboración paternal activa, etc,

ten levado a unha diminución da natalidade por baixo do nivel de equilibrio.

Isto é unha realidade que ten crebado equilibrios anteriores, equilibrios inxustos baseados na dominación e marxinação da muller. Demos-lle a benvida aos novos desequilibrios e aceptemos o reto de atopar novos equilibrios que, en materia demográfica tomen en consideración, respeten e afonden o proceso de liberación da muller, as liberdades individuais, os desequilibrios entre poboación e recursos, a inadecuación de moitos dos recursos que hoxe se explotan ás necesidades da poboación e a inxusta distribución dos recursos entre países ricos e países pobres e entre pobres e ricos dos distintos países.

Nós parimos, nós decidimos

Estas consideracións son importantes para que o goberno galego con Fraga á cabeza, non podan levar adiante ningunha política natalista que

vulnere ningún dos nosos dereitos e para que, en troques se tomen a molestia de eliminar todos os atrancos hoxe existentes (falta de servizos; paro; crise industrial, agrícola e pesqueira; taxas de mortalidade; incompatibilidade do traballo co coidado dos fillos; a ruín participación masculina no doméstico e nas responsabilidades paternais e familiares; os baixos salarios...) para poder traer razonabelmente ao mundo os fillos que se desexen.



Mónica Couso

O papel do feminismo nun tempo de crise como o que vivimos é de vital importancia. As ideas de Fraga e o seu goberno sobre as mulleres non deixan moito lugar a dúbidas aínda que teñan sido matizadas e se produciran algúns cambios a respecto do pasado.

Vivimos tempos de crise de valores, de paro, de reacción intelectual e moral, de conservadurismo. As expectativas non son mui alentadoras.

Non deixemos que, pola porta pequena, nos vendan o sempiterno discurso da mística da feminidade sob ropaxes dunha ou outra cor.

A vitalidade desde povo non depende só nen principalmente da demografía.

A creación de alarma social neste asunto só fai agachar grosos problemas onde Fraga e o seu goberno si poden intervir. Problemas que, salvando a distancia, o tempo e algúns dos seus enunciados, teñen algo a ver cos que enfrontaba este país nos comezos do século XX.

Que non no-los dean mascarados de demografía coa proposta de que as mulleres, en aras da perdurabilidade e vitalidade desta Terra e da súa lingua, nos poñamos a parir. Unha media de 2,1 fillos por muller.

Cada muller que teña os fillos que ela quer. Se quixer.

É da súa decisión. ▀

ALGÚNS INDICADORES DA FAME NO MUNDO

PNB/Habt.	Vida e Saúde		Esperanza da vida no nacemento (1989)	Taxa de mortalidade dos menores de 5 anos (%1989)	Taxa anual media de medre da poboación 1980-1988 (%)
	PNB/Hab (\$) (1988)	PNB real/hab Dolar axustado (1987)			
Mozambique	100	500	48	297	2,7
Etiopia	120	450	46	226	2,9
Chad	160	—	46	219	2,7
Tanzania	160	405	54	173	2,4
Bangladesh	170	880	51	189	2,4
Malawi	170	476	47	258	3,4
Somalia	170	—	46	218	3
Zaire	170	220	52	132	3,1
Nepal	180	720	52	193	2,6
Madagascar	190	630	53	179	2,8
Burkina Faso	210	500	48	232	2,6
Mali	230	540	45	287	2,4
Burundi	240	450	48	196	2,8
Uganda	280	510	50	167	3,2
Nigeria	290	668	51	170	3,3
Zambia	290	717	54	125	3,7
Niger	300	450	45	225	3,5
Ruanda	320	570	49	201	3,3
China	330	2.124	70	43	1,3
India	340	1.050	59	145	2,2
Pakistán	350	1.585	57	162	3,2
Kenia	370	790	59	111	3,8
Togo	370	670	53	150	3,5
Rep. Centroafricana	380	590	50	219	2,7
Haiti	380	775	55	133	1,8
Benin	390	670	50	150	3,2
Ghana	400	480	55	143	3,4
Lesotho	420	1.585	57	132	2,7
Sri Lanka	420	2.053	71	36	1,5
Guinea Conakry	430	—	43	241	2,4
Indonesia	440	1.660	61	100	2,1
Mauritania	480	840	46	217	2,6
Sudán	480	750	50	175	3,1
Liberia	—	690	52	209	3,2
Sierra Leona	—	480	42	261	2,6
Vietnam	—	1.000	62	84	2
Bolivia	570	1.380	53	165	2,7
Filipinas	630	1.878	64	72	1,9
Senegal	650	1.068	48	189	3
Zimbabue	650	1.184	60	90	3,7
Egipto	660	1.357	60	94	2,6
Costa de Marfil	770	1.120	53	139	4
Marruecos	830	1.761	61	116	2,7
Honduras	860	1.119	65	103	3,6
Guatemala	900	1.957	62	97	2,9
Congo	910	756	53	112	3,5
Salvador	940	1.733	63	90	1,3
Tailandia	1.000	2.576	66	35	1,9
Camerún	1.010	1.380	54	150	3,2
Jamaica	1.070	2.506	73	21	1,5
Ecuador	1.120	2.687	66	85	2,7
Colombia	1.180	3.524	68	50	2,1
Paraguay	1.180	2.603	67	61	3,2
Túnez	1.230	2.741	66	66	2,5
Perú	1.300	3.129	62	119	2,2
Jordania	1.500	3.161	67	55	3,7
Chile	1.510	4.862	72	27	1,7
Siria	1.680	3.250	66	62	3,6
Costa Rica	1.690	3.760	75	22	2,3
México	1.760	4.624	69	51	2,2
Malasia	1.940	3.849	70	30	2,6
Brasil	2.160	4.307	65	85	2,2
Angola	—	—	45	292	2,5
Argelia	2.360	2.633	65	102	3,1
Uruguay	2.470	5.063	72	27	0,6
Argentina	2.520	4.647	71	36	1,4
Gabón	2.970	2.068	52	167	3,9
Unión Soviética	—	6.000	71	35	
Estados Unidos	19.840	17.615	76	12	1
Francia	16.090	13.961	76	9	0,4

* Os países están clasificados por orde crecente de importancia do seu PNB/habt.

Fonte: Banco Mundial: "Rapport sur le développement dans le monde", 1990; FAO, "La situation mondiale de l'alimentation et de l'agriculture", 1989; PNUD, "Rapport sur le développement humain", 1990; UNICEF, "Le situation des enfants dans le monde", 1991.

«Extinción diaria de 140 especies animais e vexetais. quecemento global do Planeta, desaparición de 17 millóns de hectáreas de bosque cada ano, 1200 millóns de persoas sen auga potábel...»

Do informe Annual State of the World do Worldwatch Institute publicado no Estado español polo Centro de Investigacións para a Paz.

Un 2% dos gastos militares mundiais abondarían segundo o Plan da ONU para o Desenvolvemento para invertir estas tendencias.

Greenpeace arremete contra a ONU e os seus documentos básicos sobre medio ambiente «A Carta da Terra» e «Axenda 21» por non incluír plans urxentes para salvar as selvas e bosques tropicais, non impedir os verquidos radioactivos ao mar e non regular a industria da biotecnoloxía.

«De non virar este tren de destrución —dixo a primeiros de Abril o Dr M.S.Swaminathan, un dos estudosos que traballaron no Programa Ambiente da ONU— haberá no mundo unha tremenda crise alimentaria dentro de 25 ou 30 anos cando a poboación humana teña medrado desde 5.500 aos 8.000 millóns que se calculan. Camiñamos a unha carencia de comida de enormes proporcións e, obviamente serán as poboacións máis pobres as que máis sufran».

James Gustav Speth, presidente do World Resources Institute, puxo de manifesto que «Os recursos básicos para alcanzar a necesaria triplicación dos produtos alimentarios no mundo están desaparecendo diante de nós e isto sucede en todos os continentes, aínda que as piores devastacións territoriais rexistan-se nas nacións en desenvolvemento.

Isto non há tranquilizar a ninguén porque nos países evolucionados, por exemplo EEUU onde están en marcha os programas máis avanzados para a defensa do tereno, alomenos 1/4 das superficies agrícolas erosionan-se máis de presa que o que se calcula necesario para o seu restabelecemento».

A Estatística Demográfica nasce como ciencia cos traballos do matemático belga Adolphe Quételet (1796-1874), recibe o nome do francés Guillard (1855) e é sistematizada por Louis Adolphe Bertillon (1821-1883) profesor de demografía en París e polo seu fillo Alphonse (1853-1914)

Evolución aproximada á poboación mundial:

S.I d.C.	200.000.000
ha. 1600	500.000.000
1900	1.600.000.000
1957	2.800.000.000
1992	5.840.000.000

COMENTARIOS A LEI DE MATERNIDADE

SECRETARIA DA MULLER
SN de CC.OO. de Galicia

A lei de maternidade

A maternidade nunca pode ser unha causa de discriminación para obter un traballo ou para ser causa de despido. Polo tanto, o feito da maternidade non pode ter outro efecto nas relacións laborais que o que se deriva dos dereitos que esta situación conleva en canto a permisos, licencias, excedentes ou reducións de xornadas, etc. e que se establece na lexislación laboral.

A lexislación laboral actual recolle o reparto de funcións derivadas da maternidade entre os dous membros da parella se os dous traballan por conta allea, coa excepción dos días que se conceden en exclusiva á muller despois do parto, e que teñen como fin a súa recuperación física. Tódalas demais licencias, permisos e excedencias poden ser compartidas.

Examinarémolos permisos, licencias e excedencias que son consustanciais á maternidade.

Licencia por parto

A lexislación vixente concede un total de dezaseis semanas de licencia por parto; a nai pode distribuílas á súa vontade cun mínimo de seis semanas despois do parto; non é obrigatorio coller días despois do parto e, se a muller se atopa fisicamente ben e en condicións de traballar, pode acumularlas dezaseis semanas para despois do parto. Cando se produce un parto múltiple esta licencia amplíase a dezoito semanas. A opción da nai, o pai pode disfrutar no seu lugar de catro das últimas semanas da licencia.

Para rematar, se se producira o falecemento da nai no parto ou durante a licencia por maternidade, o pai pode reclama-la licencia para o coidado do fillo.

Tamén no caso de adopción legal dun fillo poderase disfrutar dunha licencia por maternidade. E cando o fillo adoptado é menor de nove meses, concédense oito semanas a partir da resolución xudicial de adopción. Cando o adoptado é maior de nove meses e menor de 5 anos, pódese dispoñer de seis semanas, como no caso anterior, a partir da constitución legal da adopción. Este dereito só se concederá a un dos adoptantes, o pai ou a nai, cando ámbolos dous traballen.

Permiso por lactancia

A traballadora ten dereito, durante os primeiros nove meses de vida do menor, a unha hora de ausencia ó traballo, que poderá dividir en dúas fraccións de media hora. A muller pode substituír este dereito por unha redución de media hora da xornada normal. Estes permisos son retribuídos.

O permiso por lactancia, cando os dous compoñentes da parella traballan, pode ser disfrutado polo home ou pola muller, pero só por un deles.

Redución da xornada para o coidado de fillos menores

A posibilidade de reduci-la xornada para o coidado dos fillos menores só se dá cando estes teñen menos de seis anos ou a traballadora ten ó seu cargo

algún neno inválido físico ou psíquico maior de idade.

A redución pode ser dende un tercio ata un máximo de media xornada, pero esta redución leva aparellada unha diminución proporcional do salario. Cando ámbolos dous compoñentes da parella traballan, esta posibilidade pode ser utilizada tamén polo home.

Excedencia para o coidado dos fillos

Existe un período de excedencia, que pode ser solicitado tanto polo pai como pola nai, a partir do nacemento do fillo por un máximo de tres anos. Esta excedencia é válida para o coidado dos fillos adoptados, computándose este período dende a constitución legal da adopción.

Esta excedencia de tres anos non dá dereito á reserva de posto de traballo e, para reingresar na empresa hai que esperar a que se produza unha vacante. Sen embargo, se a excedencia é solicitada só por un ano, hai dereito á reserva do posto de traballo, computándose ese ano a efectos de antigüidade e de cotización á Seguridade Social; en definitiva, será como un ano de traballo normal excepto no cobro dos salarios que, ó non ter feito o traballo efectivo, non se cobrarán.

Licencias por enfermidade de fillos e familiares

A nai ou pai do neno, segundo marca o Estatuto dos Traballadores,

teñen dereito a dous días de permiso retribuído por enfermidade grave do fillo; esta enfermidade grave deberá ser acreditada co correspondente certificado médico.

Por último, ter fillos en idade escolar, é dicir, entre os seis e os dezaseis anos, dá dereito a elixir vacacións no período de vacacións escolares con preferencia sobre outros traballadores e traballadoras que non teñan fillos nesa situación.

Técnicas de reprodución asistida

Dentro do capítulo referente á maternidade imos referirnos ás técnicas de reprodución asistida. Estas técnicas son as seguintes:

- ✗ Inseminación artificial con semen do marido ou varón da parella.
- ✗ Inseminación artificial con semen dun doador.
- ✗ Fecundación *in vitro* con transferencia de embrións.
- ✗ Transferencia intratubárica de gametos.

Estas técnicas de reprodución asistida só poden realizarse segundo a Lei, cando científica e clinicamente indicadas, se practiquen en centros e establecementos sanitarios ou científicos autorizados e acreditados e por equipos especializados.

Tódalas técnicas de reprodución asistida necesitan tratamento médico, non só de consulta, senón incluso de intervencións cirúrxicas con anestesia xeral. Entendemos que aínda que o Estatuto dos Traballadores non o teña previsto, os permisos para estes tratamentos non poden ser negados polas empresas, xa que nos atopamos ante unhas técnicas novas, reguladas por unha Lei recente e que polo tanto, non podían ser recollidas polo Estatuto dos Traballadores e demais laborais anteriores.

Se unha muller se somete a estas novas técnicas de reprodución asistida, terá dereito a obter tódolos permisos necesarios, previas xustificación médica, para poder asistir ás consultas e intervencións necesarias para que esta chegue a boa fin.

Na nosa opinión, aínda que non hai regulación laboral, se as empresas negan estes permisos ou descontan o tempo adicado, deberase reclamar ante a xurisdicción laboral.

A Seguridade Social non cubre os gastos destes tratamentos que teñen

que ser custeados pola muller, só no caso de que existiran razóns terapéuticas ou relacionadas coa saúde, a Seguridade Social faríase cargo dos gastos que ocasionan estes tratamentos.

Para utilizar estas técnicas de reprodución asistida non é necesario que a parella estea casada legalmente, incluso unha muller soa pode utilizar estas técnicas, sempre voluntariamente, cando sexa maior de idade e teña plena capacidade de obrar. En cambio a muller casada para acceder a estas técnicas necesita a autorización do marido.

Entre outras cuestións que marca a Lei está a prohibición do contrato de xestación con ou sen prezo, é dicir, contratar a unha muller que se someta

a estas técnicas con renuncia á filiación materna en favor doutra persoa. Esixe, así mesmo, a Lei que existan posibilidades racionais de éxito, que non supoña risco para a saúde da nai ou da posible descendencia e, lóxicamente, a aceptación libre e consciente pola muller e que fora debidamente informada.

Prohíbese, así mesmo, que a inscrición no Rexistro Civil dos nenos nados con estas técnicas conteña dato algún dos que se poida sabe-lo carácter da xeración.

Unha vez nacido o neno, a muller terá tódolos dereitos en canto a permisos, licencias, excedencias, etc., como se o parto fora de forma biolóxica. ▽



+ ESTUDIOS= - FILLOS?

Esta parece ser a conclusión que se saca observando a relación existente entre o nivel de estudos das mulleres e o número de fillos. A educación da muller (e por suposto tamén a do home) afecta de forma directa e indirecta ao tamaño da familia, existe como pode observarse no cadro, unha relación inversa entre educación e fecundidade:

Número medio de fillos nados vivos por muller según o nivel de educación

Nivel de Educación	Número de fillos	Diferencia respecto media total	Efecto diferencial según niveles
Total	1,56		
Analfabetos	3,35	1,79	
Sen estudos	2,47	0,91	-0,88
Est. primarios	2,03	0,47	-0,43
Bach. elemental	1,08	-0,48	-0,95
Bach. superior	0,66	-0,90	-0,42
3 anos universidade	1,00	-0,56	0,34
5 anos universidade	0,91	-0,65	-0,09

* Enquisa de fecundidade, 1985 -- Actividade laboral de la mujer en relación a la fecundidad -- Serie Estudios. Intto. de la Mujer, 1987.

X En primeiro lugar canto maior sexa o nivel de educación, máis se retrasa a idade de contraer matrimonio e máis fácil resulta acceder e coñecer toda a información dispoñible sobre o control da natalidade.

X Por regra xeral, os pais tratan de dar aos seus fillos unha educación igual ou superior a que eles teñen, o que significa que os pais con maiores niveis de educación dedican aos fillos unhas cantidades de tempo e diñeiro superiores á media. Produce-se unha substitución do número por calidade (en atención e educación) de fillos.

X Esta claro que o maior nivel de estudos facilita a incorporación da muller ao mundo laboral o que trae como consecuencia que dispoña de menos tempo para dedicarse ao coidado e atención da casa e dos fillos, actividades que recaen principalmente sobre as mulleres.

X Ademais o maior nivel de estudos posibilita o acceso a traballos mellor remunerados o que, en termos de custo de oportunidade, supón encarecer aínda máis a alternativa de destinar parte do tempo da muller ao coidado dos fillos. A inflexión da tendencia no caso das mulleres universitarias que se observa no cadro (o número de fillos aumenta lixeiramente, comparado co nivel de educación anterior, cando a muller accede á universidade) ten que ver tamén cos maiores ingresos por traballo, xa que pode-se supor que gran parte das familias con altos niveis de ingresos contratan fóra o traballo de atención á casa e aos fillos.

ESTRATEGIA E ORGANIZACIÓN FAMILIAR GALEGA



seguinte artigo é un resumo do traballo do historiador Camilo Fernández Cortizo, "La Población de Galicia en los siglos XVI-XVIII", publicado no número 29 da *Historia de Galicia* do *Faro de Vigo*. Dado que Galicia é un país eminentemente agrario, conservou en maior medida ca outras zonas os costumes e organización familiar propios dalgúns sociedades do Antigo Réxime, axeitados á economía das pequenas unidades de produción rurais. Esperamos sexa do interese de todas/os vós no convencemento de que un bo coñecemento do pasado é imprescindible para unha boa comprensión do presente.



BERTA REY

A organización familiar galega adopta dúas modalidades ben diferenciadas, a rural e a urbana ou, se distinguimos por zonas xeográficas, a provincia de Lugo e a costa occidental, sendo a provincia de Ourense unha zona de transición.

Segundo datos de 1860, o tamaño da familia rural supera ó da urbana, e aínda que varíe moito por zonas e momentos, pódese apreciar no número de persoas por fogar que a media do rural de Lugo é de 5,26% fronte ó 4,09% do de Pontevedra. Por outra parte estes dous índices distan moito do que é a media dun fogar urbano de A Coruña ou Santiago con 3,4% membros de media. Este maior tamaño da familia rural vese axudado pola proliferación de fillos ilexítimos, práctica esta bastante común a algunhas outras sociedades do Antigo Réxime por canto a familia é responsable non só da reprodución social como a urbana senón que cumpre a función de unidade de produción e consumo.

Mais o tamaño familiar tamén obedece a pautas sociais, actuando ás veces como símbolo de prestixio e fortuna. Así vemos que a nobreza e o alto clero posúen as familias máis numerosas (± 7 membros), seguidas pola burguesía mercantil e administrativa (± 5), artesáns e pequenos comerciantes ($\pm 3,5$) e, no derradeiro lugar, os máis pobres, sobre todo labregos (± 2).

Xeograficamente vese que a familia aumenta segundo imos da costa cara ó interior. A explicación deste fenómeno é difícil, aínda que hai unha tendencia común a que cando existen grupos domésticos amplos descende o número de persoas soas, o que permite pensar que os posibles moradores solitarios fican coas familias de maior tamaño.

Calquera deste grupos, rurais ou urbanos, contan cunha figura de autoridade que mantén co resto dos membros unha relación conxugal, familiar ou doméstica. Esta figura pode ser home ou

muller segundo as zonas: Pontevedra representa a provincia de maior índice de mulleres cabeza de familia cun 37,3% fronte ó 58,3% de homes, mentres que en Santiago só o 24,2% desas figuras de autoridade son mulleres, en Ourense un 20% e en Lugo un 7%.

É importante sinalar que a meirande parte destas mulleres son viúvas se exceptuamos a bisbarra de Terra de Montes (Pontevedra) onde as solteiras igualan ás viúvas en número a causa da forte emigración.

Na unidade familiar o grupo máis numeroso é o dos fillos/as solteiros/as e nas comunidades rurais súmanse a estes os casados na casa, os parentes colaterais ou os ascendentes. Resulta chamativa unha vez máis esta separación entre campo e cidade se consideramos que nesta só un 4% das familias acollen a algún parente colateral mentres que na provincia de Lugo un 20% dos grupos extensos e un 40% dos múltiples contan con, alomenos, un ou máis parentes deste tipo.

Nas cidades abundan máis os criados, que son máis numerosos nas familias da elite (o alto clero compostelán contaba con 4,7 criados sobre 7,2 membros familiares). O criado é un elemento de prestixio, un signo de identidade dos grupos sociais máis valorados socialmente. No agro o criado é unha figura pouco común que non supera ó 6% da poboación fronte ó 10 ou 15% urbano. Neste medio o criado ten unha función económica como man de obra adicional.

De todo o anterior podemos deducir que existen dous modelos diferenciados de organización familiar: o urbano cun só núcleo conxugal e as fillas/os solteiras/os e o rural composto por máis dun núcleo conxugal (pais e algún fillo/a casado na casa) e polos fillos/as solteiros/as. A permanencia dos fillos casados no fogar paterno débese a diferentes motivos, pois, se ben nas clases da alta e media nobreza ten orixe na existencia dun forte sentimento da "casa", non é así na familia rural, que retén a algún fillo por medio da institución hereditaria da Mellora, cun fin asistencial e para asegurar a explotación agraria.

A Mellora consiste en asociar a un ou máis fillos/as á facenda familiar para así asegurar o cultivo das terras e o coidado dos vellos. A aplicación desta norma admite variantes segundo as zonas xeográficas ou a liberdade dos petrucios para aplicalas. Así, a provincia de Lugo

é moito máis rixida, asignando unha Mellora do tercio ou do quinto da herdanza para o fillo maior que casará na casa e será dono do patrimonio á morte do petrucio. O resto dos fillos vivirán no fogar mentres permanezan solteiros; se casan reciben un dote a conta da lexítima. Esta institución hereditaria favorece a existencia de familias troncais, e así atopamos que nos séculos XVIII-XIX o 52,7% do total son deste tipo fronte ó 43,8% de familias nucleares.

Noutras zonas a aplicación desta norma é máis flexible: o petrucio ten maior liberdade na elección do mellorado/a ou mellorados/as así coma a contía dos bens a transmitir e, aínda que a elección do herdeiro/os adoita ser favorable ó varón, tamén as mulleres resultan elixidas, sobre todo a filla máis nova, da que se espera o coidado do cabeza de familia e/ou a súa muller. A compen-

sación que recibe nestas zonas a/o mellorada/o non marxina, por outra parte, ó resto dos fillos.

Esta distinta aplicación das leis de herdanza inflúe na organización familiar de forma importante: mentres en Lugo a familia troncal ascende ó 52,7% do total, no resto de Galicia este índice descende radicalmente (Terra de Montes o 25% fronte o 60% de familias nucleares).

Os resultados desta estratexia familiar son o casamento tardío e unha elevada soltería feminina a causa do sistema de herdanza que tende a retrasar tanto a transmisión efectiva da propiedade coma a dirección do grupo doméstico ata a morte do petrucio.

En resumo, parece que a Galicia rural ten unha clara preferencia pola familia troncal mentres que na urbana domina a familia nuclear seguida dos fogares constituídos por solitarios. ▀



Malthus

Non podemos falar de demografía sen adicarlle alomenos un breve espacio ó economista británico Thomas Malthus que viviu entre os anos 1766 e 1834. O seu labor profesional desenvolveuse no campo da docencia impartindo clases de historia moderna e de economía política, materia da que foi o primeiro profesor existente na G B, á parte do seu traballo asociativo e organizativo que cristalizou na creación do Clube de Economía Política en Londres e da Real Sociedade de Estatística.

Tocoulle vivir a Malthus uns difíciles momentos: a revolución industrial británica sumiu ás clases traballadoras inglesas na pobreza cando non na miseria. Varios foron os pensadores que tentaron analizar este problema, e mentres Willina Godwin remite a causa da situación ó estado de desigualdade social, Malthus sitúa a orixe do mal no desordenado crecemento demográfico.

A teoría malthusiana parte da tese de que a poboación crece en progresión xeométrica, ó contrario dos medios de subsistencia, que o fan en progresión aritmética. Aínda que esta situación poida paliarse coa ampliación das áreas agrícolas e a mellora das técnicas, a solución do problema non fai máis que aprazarse. A única saída posible está na limitación da natalidade, que no seu tempo considera só regulada polos males derivados do vicio humano ou por desastres tales como fame, pragas ou guerras.

Como bo relixioso só ve a solución na continencia moral. Creador de frases tales como "Ninguén ten dereito á existencia se non atopa posto o seu cuberto no banquete da vida", chegou a criticar a asistencia pública ós pobres en tanto que contribuía, na súa opinión, ó crecemento do pobo. Contrario ás prácticas anticonceptivas, defendidas máis tarde por algúns dos seus seguidores, aconsellaba a abstinencia sexual ante a escasez de medios de vida.

A pesar da aceptación acrítica da orde social existente, Malthus foi o primeiro en sistematizar a idea de perigo da superpoboación na obra *Ensaio encol do principio da poboación* (1798) reeditada como *Ensaio... ou revista dos seus efectos pasados ou presentes sobre a felicidade do home* (1803). Nel inspirouse Darwin para explicar o papel da selección natural da teoría evolucionista e, fóra o pesimismo implícito nos seus escritos, a influencia foi grande en moitos países, e aínda é hoxe o día en que existe unha corrente neomalthusiana nos EEUU.

O MALTHUSIANISMO EN GALICIA

Do século XIX data á chegada do Malthusianismo ó Estado español, e como nova teoría resulta atractiva e suxerente para os economistas, por máis que moitos deles dubidaron da súa posible aplicación ó caso español.

En Galicia, non obstante, estas teorías foron moito máis ca unha preocupación intelectual, xa que a densidade de poboación dobraba á do conxunto do Estado, e as espectaculares crises de subsistencia e continuada emigración obrigaban a analizar seriamente o problema. Efectivamente, a pobreza sempre existira, pero nunca cunhas proporcións tan amplas como neste século debido ó excedente de poboación en relación ás subsistencias para alimentalo. Pódese dicir que o país semellaba ser o contraste empírico das hipóteses Malthusianas.

Este tempo é o que lle tocou vivir ó economista e sociólogo compostelán Joaquín Díaz de Rábago que contaba cunha forte influencia nos círculos intelectuais desde a súa cátedra na Universidade e polo labor desenvolvido como



director da primeira sucursal do Banco de España e presidente da Real Sociedade Económica de Amigos del País.

De forte ideoloxía católica tentou buscar solución ós graves problemas do país conciliando a relixión —Só no catolicismo se atopa o remedio a tódolos problemas sociais— coa teoría malthusiana, á que considera de creba esencial do pensamento populacionista imperante ata o momento¹. Malia o seu malthusianismo, pensa que o excedente poboacional pode corrixiarse durante moitos anos incrementando a produción de alimentos a nivel mundial coa explota-

ción das terras incultas e a emigración a esas zonas, punto este negado por Malthus. Se Díaz de Rábago non leva a súa teorización ós extremos de aquel, si pensa que atacar as leis de pobres é xusto, e antisocial o dereito de asistencia ou aquelas formas de caridade que fomenten a mendicidade.

Recolle a idea do maior crecemento da poboación cos recursos para mantela e dá por boa a "coacción moral malthusiana": o matrimonio non só serve para procrear senón tamén para educar e criar á prole; imponse, xa que logo, o exercicio da "virtude que consiste en non casar cando non se ten con que manter á familia, e sen embargo, en vivir na castidade".

Ó longo da segunda metade de século, as correntes de pensamento malthusiano en Galicia vanse distanciando da teoría primeira porque se vai perfilando un modelo de desenvolvemento económico que precisa de grandes aportes de forza de traballo. José María de Castro Bolaño² cre que é posible a adopción dun programa de reformas para mellorar o sistema productivo e minguar as miserables condicións das clases populares. Tamén Díaz de Rábago, estudiando a modernización da estrutura agraria, chega a enfrentarse cos problemas de fondo da agricultura e muda o seu pensamento primeiro: a familia labrega precisa de brazos para o traballo da súa pequena explotación, mais pola inexistencia en Galicia de industria que corrixa o desnivel entre poboación e medios de subsistencia, pouca solución hai se non é a emigración.

Con ser este o representante máis significativo da teoría malthusiana no noso país, houbo outros moitos que as seguiron ou rechazaron —entre estes últimos Alfredo Brañas—, pero, como xa queda dito, gozaron de especial atención por canto que Galicia era daquela un país case que en exclusiva agrario, exposto ás fames a nada que se presentasen variacións climáticas que arruinaran as colleitas, deixando sen subministrados á poboación que ficaba dezmada e reducida á miseria. ▀

B. R. W.

¹ J. Díaz de Rábago: *La teoría de Malthus*.

² J. M. Castro Bolaño: "Informe sobre las causas de la miseria de Galicia" en el *Boletín Oficial del Ministerio de Fomento* (1853).

Bibl.: M. Xosé Rodríguez Galdo, Fausto Dopico, *Crisis agrarias y crecimiento económico en Galicia en el siglo XIX*. (Ed. O Castro, 1981).

Políticas natalistas?

▼ ANNA CABRÉ

Profesora titular da Universidade Autónoma de Barcelona e Directora do Centre d'Estudis Demogràfics

Etimoloxicamente, a palabra *despoboación* procede do latín *depopulare*, devastar, e sendo efectivamente utilizada como sinónimo de *devasta-*

ción a súa connotación é universalmente negativa. O que non é de estrañar. O medo ó decrecemento demográfico afunde as súas raíces nos atavismos da especie humana. Durante miles de milenios, os humanos viviron no seo de grupos reducidos e illados que polas súas condicións de vida se achaban con relativa frecuencia ó borde da extinción. A supervivencia do propio grupo era case sempre a única garantía da supervivencia dos seus compoñentes, posto que alianza sistemática con outros grupos a través das regras de exogamia parece ser un invento bastante recente.

Tan atávico é o terror e tan recente o achado do seu remedio, que nos derradeiros tempos do moi tecnolóxico século XX e a dous pasos do interplanetario século XXI, grupos nacionais ou étnicos que contan con decenas de millóns de individuos seguen sentíndose profundamente ameazados ó mínimo signo de que o seu número poida decrecer, mesmo lixeiramente, ou tan sequera crecer

menos có do seus veciños. O fervor polo propio crecemento e o medo ante o crecemento alleo parecen pois radicar en zonas inexpugnables do inconsciente dos pobos, forxado nas primeiras horas da súa infancia como tales.

non cabe expor aquí, se plantexa por parte do gobernos, institucións e persoas sumamente respetables a posta en pé de políticas natalistas.

Entendo por políticas natalistas aquelas que teñen por obxectivo pri-



Mónica Couso

Só así se explica que, en momentos en que o crecemento demográfico no ámbito mundial presente niveis preocupantes, que implican que a poboación sobre cada corenta anos e que provocan unha morea de problemas de orde ecolóxica, económica e política que

meiro actuar sobre o volume da poboación a través do fomento dos nacementos. Os medios de que se valen tales políticas poden ser agrupadas en dúas grandes categorías: os represivos e os iniciativos. Son métodos represivos aqueles que prohiben e sancionan

os comportamentos que tenden a reducir a fecundidade: así, promulgáronse xa na antigüidade leis que penalizaban a soltería ou a infecundidade (o que conduciu á figura da adopción), mentres que no noso século foron moito máis frecuentes as que penalizan a difusión de coñecementos e produtos anticonceptivos, así como o recurso ó aborto. Estas políticas estendéronse polos países europeos trala Primeira Guerra Mundial, sendo moi coñecidas as establecidas polos reximes de Hitler e Mussolini, pero tamén as baseadas na Lei francesa de 1920 e as que rexeron na Unión Soviética tralo espectacular xiro de 1935. Como caso máis recente hai que salientar, polo truculento, o de Romanía ata 1990.

As políticas natalistas de carácter iniciativo son, por outra parte, as que tratan de incidir sobre a cifra de nacementos a través da concesión de distintas axudas de carácter cuantitativo (reduc-

previos respecto á relación das devanditas variables coa fecundidade, preténdese administrar de maneira óptima os recursos disponibles, a fin de obter o maior número de nacementos co menor volume de gasto. É dicir, trátase de incluír e premiar aqueles nacementos que sen invitación non se terían producido, deixando de lado aqueles que, segundo se supón, se producirían de calquera xeito.

Moito se discute sobre a eficacia das políticas natalistas. Se ben algúns autores como O. Eckert, cifraron en medio fillo por muller os efectos da continuada política natalista francesa, que adoptou as máis diversas medidas represivas e iniciativas dende 1920 ata a data, o certo é que os niveis e a cronoloxía franceses se asemellan notablemente os de Gran Bretaña, país socialmente comparable e que se distingue pola total ausencia de política demográfica, aínda que si vén despregando, dende

consiste, dalgún modo, en forzar a vontade dos pais e das nais, levándoas a procrear fillos que non terían sen a intervención pública e desentendéndose de todos os demais. Exercease así unha discriminación entre os nacidos que parecería indicar que o primeiro é o fillo dos seus pais, o segundo irmán do seu irmán e o terceiro e seguintes os nenos do Estado, que paga por eles. Non é pois sorprendente que as políticas propiamente natalistas, que manipulan ó cidadán para extraer nacementos como se extraen impostos ou mozos de leva, que teñen por finalidade o número e non o benestar, gocen de pouca popularidade.

Non así as políticas sociais de axuda á maternidade e á familia. A política social de axuda á maternidade e á familia pode eventualmente ter efectos natalistas, pero non os persegue, ou polo menos non os persegue en primeiro lugar. O seu obxectivo é a xustiza social e o benestar dos cidadáns, en particular o dos nenos. E o primeiro elemento no benestar dun neno é ter sido desexado por si mesmo e non tras árduos cálculos de custo-beneficio. Tamén persegue este tipo de políticas o benestar dos pais e nais e, moi en particular, a emancipación da muller que só pode progresar se se compatibilizan de maneira crecente a maternidade e o exercicio dunha actividade económica.

En materia de política de axuda á maternidade e á familia é rigorosamente obrigatorio o estudo do caso de Suecia, onde unha política tendente a compatibilizar maternidade e actividade feminina, mantida durante dúas décadas, viuse por certo acompañada, nos últimos anos, por un sorprendente "boom" da maternidade que fai actualmente deste país escandinavo o de maior fecundidade de Europa. Algúns e algunhas establecen, por suposto, lazos causais entre ámbolos fenómenos.

En resumo a política de axuda á maternidade e á familia, adecuadamente concebida e formulada é boa, é xusta, é feminista e pode que mesmo sexa natalista. Sen non o é, os seus outros aspectos positivos permanecen. Non ten contraindicación.

Así pois:

¡Política de axuda á maternidade e á familia, si! ¡Política natalista, non! ▀

Artigo traducido da revista *Emakunde*, marzo, 1992.



cións fiscais, prestacións directas, permisos laborais remunerados) ou cualitativo (prioridades na concesión de vivenda, emprego e outros honores). Tales medidas aplícanse xeralmente de forma discriminada segundo o número de orde do nacido, o número total de fillos, a idade e a nacionalidade da nai ou a duración do matrimonio. Así, e partindo de coñecementos ou supostos

hai tempo, unha potente política social ou "de pobres" que xa criticara Malthus no seu momento.

Non existe pois evidencia de que as políticas natalistas obteñan resultados operativos que as xustifiquen dende un punto de vista práctico. Menos xustificación teñen, na miña opinión, dende o punto de vista ético.

O principio das políticas natalistas

BEGOÑA BAS:

unha etnógrafa galega

H

▼ CARMEN BLANCO

hai xa bastantes anos Virginia Woolf dicía que lle complacería moito que as mulleres non só escribisen novelas ou poesía senón especialmente libros de viaxes e aventuras, de investigación e alta erudición, libros históricos e biografías, libros de crítica, filosofía e ciencias, é dicir, algo que daquela era absolutamente excepcional. É hoxe, cando esta práctica erudita e investigadora é xa máis usual polo menos no marco da cultura occidental, as que somos afíns a ese pensamento da autora de *As ondas* temos que manifestar a nosa compracencia pola edición dunha obra como a de Begoña Bas *Muíños de marés e de vento en Galicia* (Fundación Barrié, 1991), porque as publicacións científicas individuais de autoría feminina e en lingua galega aínda son moi escasas fóra da temática literaria.

Begoña Bas (Vigo, 1953), pese á súa xuventude, leva moitos anos xa traballando no campo da etnografía, vencellada ao labor dos investigadores clásicos como Xoaquín Lorenzo Fernández, "Xocas", e na actualidade está adscrita ao Museo Arqueolóxico da Coruña. Ademais, é unha das mulleres

pioneiras neste campo científico, no que ten realizado estudos relativos aos hórreos, aos petos de ánimas e ás construcións populares en xeral. Deixando á marxe as súas publicacións en revistas especializadas e en obras colectivas, temos que citar os seus libros *As construcións populares galegas* (Banco de Bil-



bao, 1980), *As construcións populares: un tema de etnografía en Galicia* (do Castro, 1983) ou *Camiños, pasos e pontes* (Ir Indo, 1989).


Agora, gracias a este novo libro sobre os muíños de vento e de marés, dous tipos menos comúns que os denominados de auga, podemos coñecer mellor esta construción que resulta ser un dos elementos básicos da nosa cultura tradicional. A obra, resultado dunha tese de

doutoramento, presenta as características destes muíños que utilizan a enerxía eólica e mariña, a través da análise da súa historia, tipoloxía e función social. Ademais, o texto escrito vai ilustrado por numerosas fotografías e gráficos explicativos, realizados tamén pola autora, e contén, así mesmo, un apéndice documental e un cancionero.

O traballo de Begoña Bas recórdanos a importancia sobre todo do muíño de auga como centro de encontro comunal ou de cita erótico-amorosa. E, polo que respecta á vida das mulleres, podemos observar ao longo da obra cuestións interesantes relativas á propiedade dos muíños; ao oficio de muíneira; á simboloxía erótica da mesma muíneira e da muller e as fillas do muíneiro; ao carácter de meigas das devanditas fémias asociadas ao muíño; aos usos espacio-temporais en relación cos xéneros (prohibición de acudir pola noite mulleres soas, pautas das festas, bailes e parrafeos...), etc.

Muíños de marés e de vento, é, pois, un traballo importante que vén a encher un oco da etnografía galega. E, desde unha perspectiva feminista, cómpre destacar del que nos dá a coñecer o estudio dunha muller experta na materia e que nos informa sobre aspectos da cultura tradicional na que se conformou o noso xénero. ▀

**¿ Quen vive
na túa casa?**



Papà, Pancho, Concha, Moncho e...

... e mamá



**¿Fas ti esta faena?
Asume a túa responsabilidade.
O traballo compartido libera a toda-las persoas
que viven na casa.**

**CONCELLERÍA DA MULLER
CONCELLO DE VIGO**

ROMPENDO CO SILÊNCIO

▼ EVA
Grupos de Mulleres da Universidade

A sociedade trata de marcar os límites entre saúde e enfermidade, entre o que é normal e o que non o é, os científicos seguen-se a empeñar en explicar o **por que** da conduta sexual de homosexuais e lesbianas, aínda hoxe o consideran como fruto de desaxustes producidos en algo que chaman «proceso de construción da sexualidade» supondo xa superadas as teorías que facían referencia a alteracións hormonais, taras, enfermidades...

Nos meios de comunicación nunca aparece información sobre homosexualidade e lesbianismo, mas cando a hai é dun xeito escandaloso, enxuizando-o como algo raro, anormal; nada máis sinxelo que explicar o «anormal» como desviación do «normal», para así non ter que explicar a mesma normalidade.

É evidente que a sociedade en xeral, agás algúns sectores críticos, progresistas, non considera como imposición a heterosexualidade –isto é algo que a xente debería empezar a cuestionarse– senón que o considera «resultado da natureza» confundindo sexualidade con heterosexualidade, como se as relacións entre persoas de sexo oposto fosen as únicas posibles e reais.

Desde o establecemento de que existen dous sexos bioloxicamente diferenciados até a xustificación «biolóxica» da heterosexualidade hai un abismo. Todas as persoas temos nacido «sexuais», é dicir, cada quen ten nacido con naturais desexos de relacionar-se sexualmente con todas as demais criaturas (animais, plantas, nós mesmas/os, mulleres, homes) cando sentimos amor



¹ Shere Hite, *El informe Hite. Estudio de la homosexualidad femenina*. Ed. Tribuna de Plaza Janes, páx. 411.

ou comunicación cara a eles.¹ Pero a sociedade edúca-nos a inhibir-nos de todo isto, salvo os desexos cara a compañeiros/as con quen é posíbel procrear e despois excita o noso entusiasmo facéndo-nos engolir o ideal do amor romántico, combinado co matrimonio, polas nosas gortexas até que cumprimos «vinte» anos e casámo-nos sen cuestionar-nos nada máis.

Hoxe en día pode dicer-se que a sociedade sitúa a homosexualidade e o lesbianismo nun estado de tolerancia legal e opresión social –iguais ante a lei, que non quer dicer iguais ante a vida– pero enténdase ben esta tolerancia legal «deixámo-nos vivir en paz mentras o fagamos sen escándalos». Isto de vivir sen escándalos significa a «aceitación dunha homofobia social: podemos vivir a realidade cotiá homosexual e lesbica mentras o mundo poda ignorar-nos e nós, desde logo, non estorbar-lles.

NA MULLER LESBIANA A MARXINACIÓN AGRAVA-SE AINDA MAIS...

A hipótese dominante da ideoloxía sexual victoriana afirmaba que a muller era un ser desapaixoadado e asexual, obxecto pasivo do desexo sexual masculino. Na década dos 80 e 90, esa idea estaba tan profundamente arraigada no pensamento médico que moitos sexólogos consideraban patolóxico que a muller expresara desexos sexuais, incluso no ámbito da vida romántica.² Xa choveu daquela!, sen embargo tal avaliación da sexualidade feminina ten repercutido forzosamente de forma fundamental sobre a conceptualización das relacións lesbicas. De feito, no contexto do desapaixoadamento feminino, non tiña lugar o lesbianismo no sentido no que este soe entender-se: se as mulleres nen sequer eran capaces de responder con ardor sexual ás insinuacións dos homes, como ían poder estimular a excitación sexual entre elas?

Esta realidade non é algo tan simple e descalificábel como o feito de que dúas mulleres podan deitar-se xuntas. Non é só iso o tachado de amoral socialmente, senón tamén o feito de que a muller desexe por si mesma, escolla só, decida.

Cando digo que a situación da muller lesbiana se agrava aínda máis refiro-me á participación de dúas marxinações históricas: a omisión da muller e a persecución da homosexualidade. As lesbianas nunca tiveron o poder económico e cultural dos homes homosexuais, pero o que agrava máis a situación é o rol imposto á muller como ser pasivo, asexual, submiso, isto pode ver-se nunha aparente consideración social –dous mozos solteiros que comparten un piso ao que non van mulleres, máis que probábel pensará o veciño, son maricas! se estes foran mulleres serían consideradas simplemente amigas–.

Todo isto que a simple vista parece ventaxoso para a muller **non o é**, porque o que fai é recalcar moito máis a invisibilidade, o segredo, tabú, silencio. A palabra lesbiana debe ser confirmada porque descarta-la é colaborar coa mentira acerca da nosa existencia mesma, é caer no xogo da clandestinidade e voltar de novo á criación do inefábel; o que verdadeiramente fai falta é romper co silencio, **existir; porque só rompendo co silencio pode rematar-se coa soidade e marxinação.** ▶

² *Homosexualidad, literatura y política*. Compilación de George Steiner e Robert Boyers. Ed. Alianz, páx. 80.

OS GAIS E
LESBIANAS USA

Levantaron polémica e polémicas

Decidiron concentrar-se nos arredores do Dorothy Chandler Pavillion cando os famosos de Hollywood se dispuñan coas súas mais encopetadas galas, á cerimonia de entrega dos oscars.

Ali, chegados dos mais diversos lugares dos diferentes Estados e pésie ao mal tempo reinante, espraieron as súas pancartas rosas, ergueron as súas voces, pegaron as súas pegatas e difundiron os seus manifestos centos de homosexuais e lesbianas enrabexados pola imaxe que a industria de Hollywood difunde maioritariamente de «maricas» e «tortilleras».

Elas e eles, unha comunidade organizada, activa e combativa que teñen ido criando redes de relación -apóio- información e axuda mútua que lles permite que a súa vida sexa menos insatisfactoria nunha sociedade fondamente homofóbica.

Teñen enfrontado o drama da SIDA cando todos teimaban que era «o mal dos maricas», desatando unha certa «caza do homosexual», despregando unha envexábel enerxía para dar mais peso ás medidas preventivas, ao tempo que batían nas idéias carcas que só predicaban a «sexualidade matrimonial» e a «abstinencia».

Agora, coa súa acción, moita xente progre considera excesivo que vaian suliñar co dedo a algúns dos mais denotados artistas de H.

PAGA CONSIDERAR ALGUNS ASPEITOS:

A comunidade de artistas de sona, forma parte dalgun xeito da industria de Hollywood. É, de feito, unha comunidade un tanto especial.

Viven na cresta da ola e, á marxe dos sufrimentos e/ou marxinação, que nuns ou noutros momentos poidan vivir, viven de costas aos grandes problemas dos colectivos que padecen marxinação, opresión, pobreza, racismo...

É un mundo particular. Poucos dos grandes de Hollywood son coñecidos polo seu compromiso social nen polo seu espírito crítico dentro ou fóra desa institución.

A crítica da comunidade homosexual e lesbiana, polo xeito en que Hollywood os mostra é para toma-la en consideración.

Por que ten que ser un marica estereotipado o asasiño de «O silencio dos cordeiros», por outra parte a película mais premiada?

Non se trata de que non haxa homosexuais asasiños, entendámonos. Aquí non se defende que polo feito de ser homosexual ou lesbiana se sexa millor –pior tampouco– que os hétero. Pero cando os homosexuais seguen padecendo vilipendio e vivindo moitos deles na escuridade... non é de recibo que na poderosa

industria do cine –que contribúe moi grandemente a través da imaxe a criar opinión– se sega promovendo este tipo de posicións. Mudaría o guión?

É por ser homosexual que desprezia ás mulleres e ten que asasiñalas? Non asasiñan mais mulleres os hetero?

Francamente, tela para medir e cortar!


Cando se fixo a estrea de «*Basic Instinct*», xa arreciaron as protestas. Os horribes crimes a investigar polo violento policía, poñen-no na pista de dúas lesbianas.

Non é, non, un invento das organizacións gais de que todo isto fai medrar a fobia e os recellos cara homosexuais e lesbianas.

Non é, tampouco, invento deles, que todos os Hollywoodenses non teñan ningunha responsabilidade. Nen os directores son deuses nen os grandes actores e actrices interpretan o que non queren nen participan nalgo cando non están de acordo.

Seguramente estamos de acordo que en cáse que toda afirmación, exixencia de dereitos... se poden cometer excesos. A raiba, cando sae, pode expresar moito do acumulado e cando ten acumulado, por algo será.

Ademais, coa súa acción, contribuíron homo-




sexuais e lesbianas a deslucir-lle a tranquilidade de Hollywood:

- poñendo sobre a mesa un problema gordo
- facer-nos conscientes de que non vivimos en sociedades democráticas, libres, tolerantes, respetuosas da diversidade no grao que queren facer-nos crer.

E se a sociedade de orde, ben pensante se altera, non é precisamente porque outros (negros, chicanos, desempregados, mulleres, homosexuais e lesbianas...) padezan, sufran marxinação, o pasen mal ou peor... senón somentes porque a súa comodidade ve-se mobida.

Ogallá que alí –e aquí– houbera mais comunidades organizadas que montaran ciscos con cousas destas ou con outras. Que casos e ocasións hai para parar ringleiras de carros. ▀

MARIA VAI



EILEEN MYLES

Muller, poeta, 41 anos, oriúnda de clase obreira, escritora, **lesbiana**. Así foi como se presentou, nunha carta dirixida ós cidadáns, en novembro pasado cando as eleccións presidenciais dos Estados Unidos. Esta muller recibiu para a súa campaña tan só 1.600 dólares, pero aínda así non deixou de acercarse ó cidadán común no intento de demostrar que se pode facer unha campaña diferente. Consciente da discriminación das mulleres, encabeza na súa lista de prioridades o dereito ó traballo, e a que se representen realmente tanto en institucións coma no día a día. Está a favor de todo e calquera control de natalidade, principalmente a práctica lésbica. Tamén lle preocupa a violencia que sofren as mulleres, tanto na casa coma fóra dela (no traballo, na rúa, nos bares, etc.).

A súa plataforma política fundaméntase na necesidade que ela lle dá á representatividade de xente como gays, persoas sen diñeiro, as mulleres e a todos aqueles que xeralmente non son representados por outros candidatos.

Esta muller quixo máis que todo dicir que se poden facer outro tipo de campañas, non tan elaboradas senón reais, sen tanta demagogia nin trucos propagandísticos.

A súa candidatura foi a nota diferente desta xa pasada corrida á Casa Branca. Aquí, chegounos a noticia vía revista estranxeira*.

Finalizando, hai que dicir apenas que Eileen Myles fai parte do clan Kennedy e que ela deixou claro que pode haber máis ca un tipo de Kennedys.

Helena C.

* A revista en cuestión é *Interview* de marzo, 1992.

MADONNA:

amor

odio

F

alar de Madonna é falar, como non, de sexualidade. Non é que queira relegar a segundo plano a súa música. Pero, se ás veces nos acercamos a tal ou cal cantante, pola súa música, tamén é certo que a outras/os as «marxinamos» ou «boicoteamos» por seren remisos/as a cousas ás que damos moita importancia. Así, todas nós sabemos cales son as/os «enrollados».

O meu acercamento non foi pola música, honestamente, senón por feitos concretos desta muller. De repente é a letra dunha das músicas que che desperta o interese, logo, ó atopares na contra portada dun disco seu unha mensaxe simple, desdramatizando o perigo da SIDA, pero aclarando como podes evitar o contaxio e que os enfermos da SIDA son persoas normais coma ti que necesitan axuda, comprensión e non marxinación.

Unha vez despertada e consciente dos prexuízos que temos cara ás mulleres consideradas «Sex Symbol» (maioritariamente por homes, que seguen controlando o mercado discográfico, prensa, revistas, etc.), é máis fácil facer unha valoración obxectiva. Digo obxectiva no sentido de que che estás dando unha posibilidade de poder saber por ti mesma quen é Madonna.

A solidariedade coa causa «Homo-

sexual», deixoume gratamente sorprendida. Pero ó mellor é só para escandalizar. Cousa tipicamente americana. Sen embargo descubres que todos os seus bailaríns son «gays», que ten unha amiga íntima asumida publicamente lesbiana e que Madonna non desmentiu, nun programa de televisión, unha posible relación sexual con esta. Moitas cousas como para seguir pensando que é só provocación ou escándalo, ¿non?

Non esquecer que a maioría da xente que compra e asiste ós concertos de Madonna son adolescentes. E se hoxe por hoxe a «Homosexualidade» non está penalizada na maioría dos países Occidentais, é certo que aínda seguimos sendo discriminados, principalmente as lesbianas. Entón, non vale pensar que ela o fai para vender máis. Ademais deste «pringue» coa causa »homo«, Madonna é a única dona da súa vida. Ela é quen controla todo o que fai ata o último detalle. E todas sabemos que non lle vai mal. Pregunto. ¿Madonna tonta, escandalosa?

Non allea a este tópico, Madonna comenta: «A xente ten a convicción que se é sexy, fermosa e provocativa, non hai absolutamente nada máis que lle poidas ofrecer. Sempre se tivo esta idea sobre as mulleres. E aínda que pareza que actúo de forma estereoti-

HELENA CARDIA FERREIRA

pada, sempre son eu a que dirixe todo. Tiven sempre baixo control todo o que facía».¹

Falar de Madonna é tamén falar de ambición. Neste punto, non podendo chama-la escandalosa, sí a chamaron «fría, calculadora» no sentido máis pexorativo das palabras. Unha vez máis, tórnase evidente que non se valoran na muller certas actitudes, que sí se valoran nos homes. A ambición é

típica do varón, mesmo carecterística fundamental que reflecte a súa forza e capacidade para lograr unha morea de cousas. ¿Unha muller ambiciosa? Un ser frío, calculador e sen escrúpulos. Tampouco agrada a moita xente que Madonna sexa explícita e teña a iniciativa no xogo da seducción. Pedro Almodóvar, utiliza outras palabras: «Madonna é unha má seductora. É moi forte, moi violenta na

maneira que ten de 'ligar'. Ós homes non lle gusta iso, asústanse».² Segundo Almodóvar foi esta a razón pola que Antonio Banderas non sucumbiu ós encantos de Madonna, por medo.

É certo, Madonna fai correr ríos de tinta. É unha pena que nos quedemos só coa parte frívola, que a ten, e que non vexamos máis aló.

Unha muller que di: «Seguramente hai xente que pensa e di que desprezo ós homes nos meus videos. Pero hai que facelo cos 'heteros' ¡Síntoo moito, pero eses 'heteros' necesitan espertar. Estiveron oprimindo ás mulleres durante demasiado tempo.»³ meréceme, polo menos, algo máis que prexuízos.

Poderíamos seguir dicindo moito máis sobre esta muller polifacética, deslumbrante, ambiciosa, competitiva, escandalosa e creativa, que provoca en nós unha mestura de emocións e xuízos opostos. Pois claro que tamén ten contradicións e inconsecuencias, pero ¿quen non? Madonna fixo público, no seu momento, que, para conseguir as primeiras gravacións, tivo que pasar pola cama duns cantos homes. Para facerse notar explotou ó máximo as «armas femininas» incluso fixo algún filme pornográfico. Pero a chantaxe sexual non é cousa de hoxe, ¿ou sí? Non a xustifico, pero chámame moito a atención o feito de que esta muller, millonaria gracias a un público en absoluto 'progre', se 'molle' tanto en asumir batallas tan conflictivas. ▀

¹ «Autobiografía ilustrada», marzo, 1991.

² Extraído da revista *The Face*, nº 43, páx. 106. Abril, 1991

³ *Gai Pie* ▲. Revista do movemento gai francés, nº 43. Agosto 1991.



Marga Sampaio

PECCATUM MUTUM

O libro da historiadora **Judith C. BroWn**, *Afectos Vergonzosos. Sor Benedetta entre Santa e Lesbiana*. Editado pola Editorial Crítica no ano 1989. Ben a ser unha peza importante, dentro deste que-bracabezas por compoñer, no eido da historia sexual da muller.

Judith C. Brown explícanos como investigando aspectos da Florencia dos Medici deu cuns documentos inquisitoriais que contiñan unha serie de informes eclesiásticos realizados entre 1610 e 1623 sobre as visións e pretendidos milagres de Benedetta Carlini, abadesa do convento da Nai de Deus, de Pescia, e así mesmo a detallada descrición das súas relacións sexuais con outra Monxa.

A análise que fai a autora do momento histórico e a visión que naquel tempo se ten da sexualidade da muller aporta datos importantes para comprender a rémora histórica que está a pesar nas mulleres no que atingue ós afectos entre elas.

Sometidas ó silencio, á non palabra, do que non se nomea non existe. E mergulladas nas celosías dos conventos, en habitacións, as súas fantasías como, as de Benedetta Carlini, pasean do extáse ó desdoubramento da personalidade nunha época, preñada de relixiosidade e poder eclesiástico, na que transgredir a norma soamente é real cun home para que se poida codificar na lei.

A historia deu en silencialas tanto no pasado como no presente, como di Judith C. BroWn na súa introducción.

«Durante moito tempo ós europeos costoulles admitir que as mulleres puideran sentirse atraídas por outras mulleres. Participaban dunha noción falocéntrica da sexualidade...».

Un intelectual da época como Pedro Abelardo califica o acto: «Contra natura isto é, contra a orde da natureza que creou ós xenitais femininos para o uso dos homes e á inversa, e non para que as mulleres cohabiten coas mulleres».

Calificado como «o pecado silencioso» deixa escasas pegadas nos rexistros históricos.

No século XIX, as autoridades lexislativas, negáronse a crer que as mulleres poideran ter relacións sexuais entre elas.

No noso propio século, o tema da sexualidade non ten recibido a atención que merece. E incluso Michel Foucault case non fai referencia a ela nas súas obras. Este tipo de negligencia conduciu a Louis Crompton* a observar: «Pouco se ten escrito sobre lesbianismo e Leis desde un punto de vista histórico. De feito non teño constancia de ningún só ensaio moderno sobre o tema».

M^a ASUNCION ARIAS ARIAS

* Louis Crompton, *Lesbian Impunity*. 1981, pax. 11.

SERVICIO DE ASESORAMENTO DAS MULLERES

■ CONCELLERÍA DA MULLER ■

Para a atención específica dos problemas que afectan ás mulleres o Concello de Santiago pon a súa disposición o *Servicio de Asesoramento das Mulleres*.

Para asesorarte nas túas dúbidas e buscar unha solución ós teus problemas familiares, laborais, xurídicos e sociais.


Estamos a túa disposición na **Rúa Acibecheira nº 16, 2º**.

■ **Horario:**

Mañá, de 10:00 a 13:00 h.

Tarde: luns, mércores e venres, de 17:00 a 19:00 h.

Teléfono: 57 14 61



CONCELLO DE SANTIAGO
Concellería da Muller

AS CÁRREGAS DOMÉSTICAS E FAMILIARES AO 50%

POR ONDE ANDAMOS...!

Pilar García Negro, deputada do BNG, convocou ás organizacións feministas galegas para informar-nos da proposta Non de Lei que rexistrou no Parlamento para instar á Xunta de Galiza a través do "Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e a Muller" a elaborar e pór en práctica un Plan propagandístico destinado a mentalizar aos homes na necesidade de participaren igualitariamente nas cargas de traballo doméstico-familiares, caso de non ter escollido a independencia absoluta.

A maioría das organizacións alí presentes recibimos con agrado esta iniciativa e decidimos secunda-la cunha campaña para reclamar un reparto equitativo deste traballo xa que hai poucas cousas

Arranxar a casa, facer a compra, cociñar, atender os nenos e vellos... algo imprescindible para que funcione con normalidade o resto da vida, pero apenas se valora e moitas veces nen siquera se considera traballo, senon simplemente "unha tarefa propia de mulleres".

Na inmensa maioría dos casos a responsabilidade de todo este traballo recae nas mulleres e apenas se comparte cos homes:

Participación dos homes no traballo doméstico

X Un 46,2% dos homes opina que as tarefas do fogar son cousa de mulleres, porcentaxe que ascende ao 60,8% nos casos de maridos con mulleres sen traballo remunerado.

X Un 91,7% de mulleres realiza traballo doméstico e un 50% dedica-lle ao mesmo entre 6 e 10 horas diárias, pola contra un 61,6% de homes non realizan ningún traballo doméstico e do resto practicamente ningún lle dedica máis de 1 a 3 horas diárias:



Por este motivo reclamamos, que o Parlamento aprobe esta proposta, que a Xunta cree e fomenta servizos colectivos, garderías, lavanderías, comedores, que os deputados, concelleiros e representantes políticos e sindicais den exemplo de asunción de que o traballo doméstico debe ser unha tarefa compartida, que se controlen os libros de texto



nas que a discriminación e desigualdade se manifesten de forma máis evidente e cotián.

Reclamamos do Parlamento que aprobe a proposta e que a Xunta cree e fomenta servizos colectivos, garderías, lavanderías, comedores, que os deputados, concelleiros e representantes de organizacións políticas e sindicais den exemplo de asunción de este traballo tamén como cousa de homes que se coiden e controlen os libros de texto e a publicidade para que se evite fomentar a imaxe de que o traballo doméstico corresponde exclusiva ou principalmente ás mulleres.

Os homes participan + en:

Tarefas esporádicas
De curta duración
Relacionadas coa técnica
Fóra de casa
De resultado inmediato

Participan - en:

En tarefas permanentes
En tarefas prolongadas
Non técnicas
Dentro de casa
De mantemento

Non o fan nunca

Planchar	87%
Lavar roupa	77%
Limpar cristais	72%
Fregar o chan	58%
Tender a roupa	47%
Fregar o baño	66%

A veces

Recoller a casa	45%
Ir de compras	46%
Limpar o polvo	35%
Fregar a louza	42%
Cociñar	47%
Sacar o lixo	41%

Case sempre

Chapuzas 63%

(Datos sacados do libro *Los hombres españoles*, Cap. VI, Edit. por Intto. de la Mujer)

Reclamar o traballo doméstico ao 50% supón pois, non só reclamar unha situación máis xusta e equilibrada no reparto de traballo e ocio entre homes e mulleres, senon enfrontar-nos tamén a esta división de funcións dentro das familias que é un primeiro paso onde se asentán gran parte das desigualdades.

e a publicidade para evitar que a muller apareza como única ou principal responsable do traballo doméstico. E en xeral, reclamamos de todos os homes, non que colaboren ou axuden máis na casa, senon que asuman como propia a responsabilidade destas actividades, compartindo-as ao 50% coas mulleres. ▀



PRESENTACIÓN DE ANDAINA

Co gallo da nova xeira emprendida por "Andaina", organizaron-se diversas presentacións públicas en Santiago, Vilagarcía, Ourense e A Coruña, á que pertence a fotografía.

Entre palabras e viños todas as mulleres reunidas nos diversos sitios coincidimos en expresar a nosa esperanza e empeño en que esta revista continue medrando en calidade, diversidade e expansión. Gañas e esforzos nunca sobran pero tampouco han de faltar porque se grande é a tozudez das mulleres aínda o é máis a das feministas tanto é así que xa temos en proxecto celebrar no próximo outono unha festa de ANDAINA por todo o alto. Tere-mos-vos informadas.

SE TE ACOSAN, ACUSA: DEBATE PARA MULLERES

Nos días 21 e 22 de febreiro a Asociación Galega da Muller de Santiago e os Grupos de Mulleres da Universidade organizaron dúas mesas redondas baixo o lema de "Se te acosan, acusa".

No primeiro debate sobre "**Acoso sexual**", participaron **Ana Osa Ferrer**, abogada de Xustiza e Sociedade e **Empar Pineda** da Comisión Antiagresións de Madrid. Debateu-se sobre as vantaxes e inconvenientes de establecer o acoso como un delito regulado e penalizado pola lei. Dentro dunha definición ampla de acoso cabe desde o piropo e a mirada impertinente até unha clara chantaxe no que está en xogo o posto de traballo e a lei pode-se converter nunha arma de dobre filo. En todo caso quedou clara a necesidade de establecer unha diferenza entre chantaxe, é dicir, o acoso exercido por quen ten unha relación de xerarquía, e o acoso proveniente de compañeiros cos que existe unha relación máis equilibrada.

O segundo día debateu-se o tema de "**Castigo aos violadores, pero Que castigo?**", participaron na mesa **M^a Angeles García**, Fiscal do Tribunal Superior de Xustiza de Asturias e **Isabel Castillo**, advogada de Xustiza e Sociedade.

Coas escasas informacións que había sobre o novo Código Penal, estaba claro que a rebaixa de penas no caso de violación e agresión sexual sen ser excesiva dentro da rebaixa xeral que contempla o

anteproxecto de C.P. resulta preocupante se consideramos que o ben que se trata de protexer nestes casos é a propia integridade da persoa -muller na maioría dos casos- o que debería ser o máis importante despois do dereito á vida resulta infravalorado con relación a outros temas como poder ser a defensa da propiedade, así unha agresión sexual, excepto no caso de violación, pode recibir un castigo similar ou incluso menor (4-8 anos) que un roubo con intimidación (3-7 anos).

Resultan tamén bastante incomprensíbeis e bastante máis preocupantes as razóns para non considerar violación a penetración bucal. Esta modificación significa un claro retroceso despois da reforma de 1989 na que recibían o mesmo tratamento a penetración vaginal, bucal e anal. Volvemos outra vez a sospeitar que se trata de defender a "virxinidad" antes que a integridade da persoa.

Temas todos eles interesantes e que dan para longos debates como vedes.



Moda Carballreira

CURSO DE FORMACIÓN EN SEXUALIDADE E ANTICONCEPCIÓN

Os Grupos de Mulleres da Universidade organizamos, xuntamente con Mancomún, Centro Xove de Anticoncepción e Sexualidade, coa colaboración do Vicerrectorado de Estudiantes e Servicios da Universidade de Compostela, un Curso Básico de Formación en Sexualidade e Anticoncepción. Este curso foi impartido polos/as profesionais do Centro Xove de Anticoncepción, coa duración de 16 horas. O lugar do curso foi o mesmo Centro. As prazas tiñan un número límite de 20 persoas e o criterio utilizado foi o de dar preferencias á xente que estivese en colectivos ou organizacións universitarias. Dos Grupos estivemos seis mozas. Iniciamos o curso o 8 de abril, cunha charla de presentación e cuestionario de actitudes, rematando o 29 do mesmo mes, cunha avaliación final.

O balance foi moi positivo xa que puidemos polemizar e discutir algúns temas non sempre evidentes, nas nosas reflexións. Sen embargo, pensamos que ao ser un curso básico, non foi posible profundizar canto nos gustaría nalgún asunto máis problemático, e onde había menos consenso (ex: relacións sexuais entre adultos e menores e parafilias).

CONCURSO DE FOTOGRAFIA

O pasado día 1 de maio fallaron-se os premios do **2º Concurso de fotografía** organizado polo Departamento da Muller da UXT de Galicia.

O primeiro premio foi para **Salvador Sas Fojon** de Vigo pola obra "Agresión no posto de traballo"; segundo premio para **Marga Sampaio** de A Coruña pola obra titulada "Bateiras" e o terceiro

para **Andrés Cerdeira** de Vigo polo seu traballo sobre a muller no mundo rural.

O acto tivo lugar no Hotel Araguañey de Santiago e o xurado estivo composto por Xúlia Martínez (profesora), Tino Viz (fotógrafo), Antón Martínez (profesor de fotografía da escola Maestro Mateo), Valentín Tato (xornalista) e Tareixa Navaza (xornalista).



▲ Obra presentada por Marga Sampaio, "Bateiras".

PRÉMIO DE INVESTIGACIÓN "COÑOZAMO-LA NOSA HISTORIA: MULLERES DE COMPOSTELA"

A Concellería da Muller do Concello de Santiago, convoca baixo este lema un premio de investigación co obxecto de promover o coñecemento e difusión do labor desenvolvido por mulleres compostelás que destacaron ou foron pioneras en calquera tipo de actividades (científicas, culturais, artísticas, sociais, políticas, etc.).

O premio está dotado con 300.000 ptas. e as bases do concurso poden-se solicitar na Concellería da Muller, Acebechería, 16-2º, Santiago. A data límite de presentación dos traballos é o 31 de decembro de 1992.

POR ONDE
ANDAMOS...!

POR ONDE
ANDAMOS...!

PREVENCIÓN DO EMBARAZO NA ADOLESCENCIA

○ grupo Alecrin está levando a cabo unha campaña para evitar os embarazos non desexados entre as adolescentes:

"A taxa de natalidade en Vigo e comarca é decrecente nos últimos anos en todos os grupos de idade salvo nos menores de 20 anos, onde aumentou progresivamente".

"O embarazo adolescente é consecuencia da falta de información e asesoramento sobre a sexualidade, anticoncepción e reprodución".

○ problema é grave e as causas son coñecidas, as medidas a tomar deberían estar igual de claras tamén: Pór ao alcance das adolescentes información sexual e anticonceptiva, tratar con seriedade o tema nas escolas, distribuír gratuitamente ou a prezos reducidos condóns entre este colectivo, aumentar os centros de información para xoves, serían algunhas delas. A que se espera para aplicalas?



PREVENCIÓN
DO EMBARAZO
NA ADOLESCENCIA



DENÚNCIA DA PUBLICIDADE CAIXA VIGO

A **Asociación de Mulleres de Tui** denunciou a campaña publicitaria de Caixa Vigo onde os protagonistas son un avó e o seu neto.

Estas mulleres preguntan-se por que na campaña "Unha Caixa para un país" non aparece unha nena que soña cunha sociedade que destina parte dos seus recursos a organizar a vida e o mundo do traballo.

"Que lles parece a idéia de pór tamén como protagonista unha nena que inclúe no seu plano de vida os estudos e a integración no traballo, adicarse uns anos a ser nai, non esquecendo durante ese tempo a súa propia formación profesional para se integrar despois de novo no traballo?"

Pois porque:

"Está claro que vostedes, como banco, se dirixen ao home que ten e que decide sobre o diñeiro".

PREMIOS ALECRÍN-ALACRÁN

Unha vez máis e como xa ven sendo habitual e agardado por estas datas, o Grupo de Estudos sobre a Condición da Muller "ALECRÍN" fallou os seus premios "ALECRÍN-ALACRÁN" na súa cuarta edición.

Os premios que este ano se otorgan, antes que a persoas, van destinadas a feitos concretos a actitudes sociais positivas ou reprobables que necesariamente han de ser simbolizadas en persoas concretas.

○ **Premio Alecrin** para accións positivas na defensa dos dereitos e da igualdade da muller recae nesta edición 1992 en **D^a Isabel Gómez Romil**, pola súa actitude firme na defensa dos seus dereitos e os da súa filla ante actitudes licenciosas por parte de funcionarios e da propia xusticia e fronte a tendencias sociais de disculpa de actitudes violentas aplicadas sobre as mulleres.

A filla de Isabel foi violada; violación recoñecida polo autor ante a Garda Civil de As Pontes. Presentada a denuncia e aberto o sumario correspondente, celébrase o xuízo na Sala 2^a da Audiencia Provincial de A Coruña que dictamina prisión menor de catro anos para o acusado. No seu fallo os xuíces argumentan falta de probas aínda recoñecendo a existencia dunhas relacións sexuais violentas, establecendo a condena en base a un

delito de estupro (relacións sexuais consetidas con un/unha menor). Apoiáronse para esta decisión nas declaracións dos forenses Srs. Couce Doce e Quintanilla Rico que preferiron deixar traslucir as súas esencias como varóns, antes que a asepsia como funcionarios.

○ **Premio Alacran** recae neste ano en **D^a Marita Souto**, inspectora de ensino en Ourense, quen paralizou as sancións impostas polo Consello Escolar, a un grupo de alumnos do Instituto de Bachelato de Xinzo de Limia, por feitos probados e asumidos por estes, de agresión sexual a unha alumna do Centro.

Este feito ten unha especial gravidade e transcendencia porque, non só avala uns feitos probados e manifestamente reprobables, senón que por acontecer no medio escolar, ademais de atentar contra a dignidade da alumna dese centro coloca nunha situación de manifesta indefensión, incluso pública, na que queda a rapaza, e potenciando coa súa actitude non esquezamos a súa condición profesional de pedagoga e de funcionaria encargada de velar pola aplicación de programas e sistemas educativos para lograla formación integral do individuo, a creación de hábitos deformantes en rapaces en período de formación.

8

DE MARZO

A manifestación de mulleres convocada por todas as organizacións feministas e de mulleres, a excepción de Mulheres Nacionalistas Galega que fixeron unha convocatoria mixta para mulleres e homes unha hora máis tarde, transcurriu "marchosa" e combativa polas rúas do casco vello compostelán, contou coa presenza da deputada Pilar García Negro e as Concelleiras de Vigo, Ana Gandón, e de Santiago, Clotilde Martull e Encarna Otero. É de destacar tamén a animación dos Grupos de Mulleres da Universidade que puxeron



Mónica Couso



Mónica Couso

a nota de cor cos disfraces e cánticos, así como a grécia das "letanias" que se foron "rezando" durante a manifestación e das que vos escollemos unha pequena mostra:

De que nos valore
polo cu, polas tetas e pernas,
libera-nos señor.

De demostrar no curre
que non somos idiotas,
libera-nos señor.

Do traballo doméstico
exclusivamente feminino
libera-nos señor.

Das sentencias machistas
e dos xuíces que as dictan
libera-nos señor.

De que á revista ANDAINA
non lle den subvencións,
libera-nos señor.

MANIFESTACIÓN NAS PONTES

Contra as sentencias machistas: castigo aos violadores e aos xuíces encubridores, arredor de 300 persoas manifestaron-se o día 31 de Máio nas Pontes contra a senténcia que absolvía do delito de violación a Antonio González Casabella. Segundo a senténcia a relación foi consentida pero "viciada" xustificando as lesións da rapaza polo "ardor sexual". (Información máis detallada na editorial)



Mónica Couso

MAIKA G. NOVOA


F

alamos da avangarda de principios de século, por suposto, non da avangarda de hoxe á que poderíamos chamar post-modernidade rusa, quizais, ou neo... o que sexa ou... O hoxe esta no onte... Pero, ese é outro tema e agora quero falar da exposición que se celebrou no Auditorium de Santiago durante os meses de marzo e abril.

A exposición podería sintetizarse da seguinte forma: Artistas de talla pobrementemente enmarcados e mal conservados nun marco mal entendido. Excesivo aporte de obra nas paredes, de maneira que a "vista de paxaro" as obras resultan amazocadas.

É certo que tivemos a oportunidade de ver obras de Kandinsky, Kupka, Larionov, Lisitsky, Malevich, Mayakovsky ou Popova, os máis coñecidos entre outros moito menos coñecidos. Como colección tiña de todo, quizais pouco centrada, demasiado dispersa. Pero tamén entre os menos coñecidos: grandes. Non por iso con menos destreza no dominio do pincel e da cor.

O vermello ruso. Ese vermellón



◀ K. Malevitch.
"Composición
suprematista",
1915-16.

AS AVANGARDAS RUSAS do Auditorium

brillante tan ben utilizado por eles, fai para min fascinantes moitos deses cadros de "menor valor".


Como exposición de rememoración histórica das avangardas rusas, é testemuño de como nese momento os artistas rusos conectaban coas correntes do momento. Tamén é testemuño de como o funcionalismo imperante fixo que moitos deles, como Gontcharova ou Popova, dirixisen a súa obra cara ó deseño ou á abstracción de formas que foron empregadas para a industria textil en moitos casos.

Queda claro, pois, que os movementos de avangarda europea teñen

eco en Rusia: cubismo, futurismo italiano ou neoplasticismo son movementos que inflúen nas obras dos artistas rusos, aínda que o futurismo é moito menos duradeiro. Non embargantes, o enfoque político do momento non comprende aquí á intelectualidade e fica afogado o seu desenvolvemento.

É en Rusia o constructivismo o movemento que cala con máis forza e os enfoques cubistas teñen tamén eco na angueira dunha

grande parte dos máis atrevidos, avanzados e enteirados. Pero coma sempre, cando o autoritarismo se impón, a visión dos máis reaccionarios, que é o máis abundante, é aquilo que é apoiado pola elite política, (que case sempre vai á cola dos movementos de avangarda do momento). Elite pouco enteirada dos movementos artísticos e que impón ó cabo, os seus gustos menos evolucionados. Polo tanto dan ás masas a arte que está en voga, a arte que comprende, e o apoio ó realismo fai da arte rusa o que se coñece como unha arte de uso político enfocada cara á propaganda: carteis e cadros de contido costumista que se impo-



◀ Lissitzky:
"Victoria
sobre o sol"
(ca. 1920)

▼ L. Popowa,
Arquitectónica
pictórica,
(1916-18).

ñen e deixan a avangarda rusa sen difusión.

Rusia non se beneficiou dos seus artistas. A súa aportación é máis aproveitada por occidente que por eles mesmos.

Así, gracias a uns cantos coleccionistas e persoas entendidas cunha grande sensibilidade, directores de museos de cidades como Ecaterimburgo e Perm, nos Urais, estes cadros chegaron a nós libres da "queima" do realismo socialista. As dúas obras de Kandinsky e outras dúas de Malevich veñen do museo estatal de San Petersburgo. Achamos na exposición obra de contido ideolóxico, con escritos en carteir e en porcelanas, que pola súa inxenuidade e delicadeza fan un curioso percorrido para a nosa vista.


A cerámica é realmente particular e interesante, de excepcional atractivo aínda que están escasos os datos.

Sen embargo a exposición en si tiña algo de olvidado. O abandono

duns e o pouco coidado doutros facía o percorrido algo triste e descoidado.

¡É tan importante tamén saber colocar a obra! Fai falla un pouco de mioco e algo máis de imaxinación para colgar uns cadros na parede, para que á parte do valor histórico, poidamos disfrutar deles coa conciencia de que existe tamén alí unha estética coidada que non "tira" os cadros "ás paredes" coma se de panfletos de eleccións se tratase.

Aquí está por suposto tamén a man da elite que "usa" a arte para prestixio persoal espoliándoo da estética que lle pertence. ▀



UM AMOR

▼ LOURDES CARITA

A alma colectiva dos povos é formada, em grande parte, por um conjunto de mitos que, nascidos na noite dos tempos, continuam a reflectir-se no presente precisamente porque contêm em si os traços mais profundamente comuns e mais vincadamente característicos desse povo.

Na cultura portuguesa esses mitos são abundantes e entre eles ocupa, sem dúvida, lugar de destaque a história «da mísera e mesquinha / que depois de morta foi rainha.», como é designada por Luís de Camões, em *Os Lusíadas*.


A verdadeira história de Inês, tal como chegou até nós principalmente através da «Crónica do Rei D. Pedro» da autoria de Fernão Lopes, cronista português do século XIV, resume-se de forma simplificada, ao seguinte :

Inês de Castro, filha natural do poderoso fidalgo galego Pedro Gonçalves de Castro, acompanha o séquito de Dona Constança (filha da infanta de Aragão) quando esta vai para Portugal a fim de desposar o infante D. Pedro, futuro rei de Portugal. Estamos em 1340.

Segundo a tradição, data do momento em que pela primeira vez se viram o amor de Pedro e Inês.

Dona Constança, na tentativa de manter o seu marido afastado da bela galega, teria convidado esta para madrinha do seu filho. Este estratagema parece bem urdido pois sabemos que na época eram proibidas pela Igreja as relações amorosas entre compadres (esse seria o laço de parentesco estabelecido entre Inês e o pai do seu afilhado). Esta solução não tem, contudo, grande resultado porque pouco depois esta criança morre.

Em 1345 ou 49 morre também Dona Constança.



A partir daqui parece não haver mais peias para estes amantes. D. Pedro instala-se nos paços de Coimbra onde vivem felizes..., mas não para sempre.

O pai de D. Pedro, o rei D. Afonso IV, e a corte receiam a ambição dos irmãos de Inês, sobretudo de D. Álvaro, o mais velho dos Castro. Consideram-nos, pela sua intimidade com D. Pedro, uma possível ameaça ao trono português. A situação é agora agudizada pela existência de três crianças fruto dos amores de Pedro e Inês.

Gera-se um conflito que vai opor o coração do infante D. Pedro aos interesses nacionais defendidos por seu pai, o rei D. Afonso IV.

Há três conselheiros do rei que, segundo a tradição, vão jogar um importante papel nesta luta. São eles Pero Coelho, Diogo Lopes Pacheco e Álvaro Gonçalves, considerados os principais responsáveis pelo desenlace da situação. Segundo a tradição foram eles próprios que se encarregaram de executar Inês, depois de terem vencido a resistência do rei que se deixara comover pelo pedido de clemência que Inês lhe dirigira em nome dos filhos.

Para levar a cabo os seus desígnios os

conselheiros teriam aproveitado a ausência de D. Pedro, que se afastara dos paços de Coimbra, para caçar.

Inês foi morta a 7 de Janeiro de 1355.

O drama estaria concluído se não estivessemos perante «um amor mais forte do que a morte.»

Quando D. Pedro inicia o seu reinado, depois da morte de Afonso IV, vai perseguir e vingar com o maior acinte o assassinato da mulher amada. Uma vez feitos prisioneiros dois dos três assassinos (o terceiro conseguiu fugir), D. Pedro dará largas à sua crueldade e mandar-lhes-á arrancar o coração pelas costas, inventando assim um novo e bárbaro suplício, que só o seu desespero poderá tornar compreensível.

Em Alcobaca manda D. Pedro construir dois belíssimos túmulos: um para Inês e outro para si próprio.

O rei teria dado ordens muito precisas para a execução destes mausoléus que constituem as melhores obras da escultura medieval portuguesa. As cenas que aí estão representadas têm suscitado algumas dificuldades de leitura. Podemos, contudo, afirmar, seguindo uma opinião generaliza-

da que existe no túmulo de D. Pedro uma belíssima rosácea onde se narra a triste história da bela Inês e dos seus amores e que contém a seguinte inscrição : «até ao fim do mundo».

Os túmulos estão hoje colocados (foram muito danificados e violados durante as invasões francesas) um de cada lado no transepto da igreja de Alcobça. Segundo a tradição esta disposição destina-se a que, no dia do Juízo Final, os amantes se possam encarar logo que ressuscitem.

Para Alcobça irá trasladar o corpo de Inês, que tinha sido enterrada no convento de Santa Clara em Coimbra. Esta trasladação foi tão grandiosa que Fernão Lopes assim a descreve : «... E pelo caminho estavam muitos mil homens com círios nas mãos, de tal guisa ordenados, que sempre o seu corpo foi todo o caminho por entre círios acesos; e assim chegaram até o dito mosteiro, que era dali dezassete léguas, onde com muitas missas e grande solenidade foi posto em aquele mui-mento.»

Esta foi, possivelmente com ligeiras variantes, a verdadeira história de Pedro e Inês.

Que o rei a tenha mandado coroar depois de morta e aquando da trasladação para Alcobça já parece ser ficção, sugerida pelo facto de coroadas como rainha aparecer na sua estátua jacente.

Naturalmente que estes «ingredientes» são bastantes para se construir um mito nacional que a literatura portuguesa amplamente tem explorado.

Desde As Trovas que Garcia de Resende fez à morte de Dona Inês de Castro publicadas no Cancioneiro Geral de 1516 até às *Adivinhas de Pedro e Inês* publicadas em 1983 por Agustina Bessa-Luís nenhuma época da literatura portuguesa deixou de encontrar autores que se ocupassem deste tema.

O assunto passou também, e desde muito cedo, a quase todas as literaturas europeias, sendo conhecidas versões do

drama de Inês em castelhano, francês, inglês, alemão...

Deve no entanto salientar-se que, duma maneira geral, e segundo Maria Leonor Machado de Sousa, as versões nacionais se mantêm mais fieis à verdade histórica embora, como é natural, haja as mais diversas formas de encarar o tema : do ponto de vista do Rei Saudade (assim é designado o rei na peça de António Patrício *Pedro, O Cru* (1918); da perspectiva da Dona Constança; da de algum dos assassinos; etc...


A este assunto dedicou, no século XVI,

Idalina Guimarães no papel de Inês e Rui de Carvalho (foi o seu primeiro grande êxito) no de Pedro.

Será a esta mesma peça, *A Castro* de António Ferreira, que agora voltaremos a ter oportunidade de assistir. Trata-se dum espectáculo a realizar por Artur Ramos para a Rádio Televisão Portuguesa.

A adaptação da peça está a cargo do conhecido Professor e escritor David Mourão-Ferreira.

A maior novidade desta representação é, talvez, o facto de termos no papel principal, como Inês e creio que pela primeira



António Ferreira a sua obra intitulada *A Castro*, a primeira tragédia europeia de tema moderno. Este foi também o primeiro texto literário sobre Inês traduzido a uma língua estrangeira.

Embora muitos outros autores, ao longo da história da literatura portuguesa, tenham escrito peças teatrais, algumas de inegável valor, a versão de Ferreira tem sido, provavelmente, a mais representada.

Para falar apenas das suas mais recentes representações temos que reconhecer que à *Castro* se ligam dos maiores nomes do teatro português. Representou-a, no adro do mosteiro de Alcobça, em 25 de Agosto de 1935, Amélia Rey Colaço. Em 1952 representaram-na, por todo o país,

vez, umha actriz galega : Luísa Martínez.

Antes da gravação para a televisão será feita uma representação na igreja de S. Francisco, já nos próximos dias 20 e 22 de Maio.

Estamos certos de que será um espectáculo digno de nota, mesmo para aqueles que, como nós, nao possam assistir senão através da televisão...

No meu entender, é de grande interesse e parece-me cheio de simbolismo que, neste tempo que todos queremos de aproximação, se volte a representar, segundo o modelo mais clássico, a trágica história deste profundo amor entre o infante (de Portugal e a fidalga (da) Galiza. ▀

Houbo un tempo no que todos fomos revolucionarios

▼ ELENA CORES

Si, certamente houbo un tempo no cal todos fomos revolucionarios-as; no que todos-as participabamos na revolución de Outubro (naturalmente enténdese que desde as nosas butacas), tomábamos o Pazo de Inverno e loitábamos "codo a codo" cos marinos do "POTENKIN", inclusive baixábamos despavoridos polas maxestuosas escaleiras de Leningrado, coa garda imperial pisando-nos os talóns, disparando implacábeis ás nosas costas.

¡Que remoto nos parece todo isto! Pero certamente, hai xa moitos anos (isto podería ser o comenzo de calquer conto da nosa infancia), amaneceu un día no que uns homes e mulleres puxeron toda a súa fe e ilusión na creación dun mundo novo, dunha sociedade e por conseguinte dun novo concepto da cultura, menos estático, máis participativo e dinámico.

A música, a pintura, as artes plásticas, a literatura e sobretudo o cine, puñan-se ao servizo dun ideal. A transmisión da boa nova para o home e a muller do século XX. Por fin os ideais da liberdade, da igualdade e da fraternidade, plasmaron-se na creación da Unión Soviética.

«De todas as artes, a arte cinematográfica é a máis importante para nós». Estas foron as palabras que Lenin dirixiu a Lunacharski, (comisario para a instrucción pública). Para unha revolución do século XX, unha arte do século XX.

Lenin era plenamente consciente da forza de transmisión que tiña o medio cinematográfico para poder comunicar a mensaxe revolucionaria.

Despois dos acontecementos que levaron á guerra civil, a equipa de produción de películas dispersárase. Apenas quedaba nada. Rapidamente os estudos pechados son postos en marcha; merca-se mate-

rial no estranxeiro e crea-se a Sovkino, que centralizará todos os asuntos da vida cinematográfica, produción, aluguer e compra de filmes, así como as vendas ao exterior.

Comenzaba-se practicamente de cero. Na Escola Estatal de cinematografía de Moscovo, non se dispuña de película vir-


Meeyerhold, ensinou-lles a unir o cine de vangarda coa mensaxe revolucionaria. A consigna era "menos sangue e crimes". Deixemos isto para os filmes das vellas culturas burguesas. O que nós queremos, son filmes alegres, valentes, cheos de vitalidade, exaltando o traballo criador e productivo.

Ainda se arrastraba unha certa dependencia das formas teatrais, pero a medida que se avanzaba na investigación das técnicas do cine e da súa influencia nos espectadores, estas influencias desaparecían deixando paso a unha linguaxe xenuinamente cinematográfica.

As investigacións que se realizaban sobre o comportamento do público, amosaban que cando se xustapuñan determinadas imaxes e existía unha determinada duración das mesmas, creaban realmente emocións moi fortes no espectador. Dziza Vertov, traballou en profundidade neste campo da investigación, investigación que chamou a atención dos responsábeis do Exército Vermello que lle encargaron unha película "O aniversario da Revolución de Outubro" (1919). Tiña unha dura-

ción de tres horas e era unha recopilación dunha serie de noticiarios. Vertov publicou unha serie de manifestos onde expuña a súa teoría sobre o "cine verídico". Para el, a única forma válida era a de fotografar o mundo tal e como o recollía a cámara: a imaxe era revolucionaria. Esta ideas concretou-nas nun noticiario que chamou "Kine Pravda" (A película da verdade), nela quixo explicar aos seus compatriotas o que era a URSS. Nesta etapa histórica a produción de películas estaba supeditada ao servizo do que eles crían que era a verdade.

É un período no que todo se xustifica pola búsqueda dunha linguaxe revolucio-



▲ Eisenstein fotografado por Man Ray.

nen, pero non importaba, realizaban-se debates apaixonados e estudiaba-se até desfalecer toda a información e o material disponible. Había aulas nas que se ensina-ba a actuar neste novo medio. Constituían-se grupos de estudo que diseccionaban as películas de D.W. Griffith e as montaban de novo tratando de conseguir efectos distintos. O escaso material virxen que chegaba as súas mans, utilizaba-se nunha especie de revista cinematográfica de actualidade. Estas circunstancias foron as que condicionaron o cine soviético e as que lle imprimiron unha personalidade propia, baseada sobre de todo en dúas cualidades: a imediatez e a montaxe.

nária directa, que chegue ás masas do mundo con facilidade, unhas masas semianalfabetas ou analfabetas. A cámara convertíase no profeta que anunciaba a boa nova: "Proletários do mundo unide-vos".


Outros nomes integran-se neste forte movemento. Kuleschov dirixe a primeira película de cine experimental na Escola Estatal de Cinematografía "As extraordinarias aventuras do señor West na terra dos bolcheviques" (1924). O guión foi realizado por el e por Pudovkin. A película foi un auténtico éxito e un reto ás escolas de teatro e abría as expectativas dun novo tipo de interpretación aos actores.

É igualmente unha etapa onde xorden auténticos teóricos neste campo. Pudovkin é un dos máis destacados. No seu libro *Film e realidade*, analiza minuciosamente o proceso de creación. «Os detalles estaban seleccionados e ademais seleccionamos de tal modo, que da súa suma —o mesmo que dunha suma composta

por elementos separados— podía construíse a imaxe da acción na súa totalidade». Existe igualmente outro párrafo, que define á perfección o dominio e a importancia que lle daba á mensaxe «Mediante a ensambladura de trozos separados, o realizador constrúe un espazo fílmico ideal que é a súa absoluta creación. Une e enlaza elementos aillados que talvez foron rexistrados por el en diferentes puntos do espazo real, de xeito que crea un espazo fílmico orixinal».

Pudovkin, realizou algunhas das mellores películas desta etapa na Rúsia revolucionaria: "A nai" (1926), "O fin de S. Petesburgo" (1927), "O fillo de Gengis Kan", "Tempestade sobre a Asia" (1928).

A diferenza do cine realizado por Hollywood, onde se exalta a individualidade dos protagonistas, na Unión Soviética persegue-se, ante todo, a exaltación da conducta colectiva.



▲ Eisenstein durante a reconstrucción do Potemkin.

Durante este primeiro período houbo de abondo fracasos á hora de pór en práctica moitas das teorías que se discutían na Escola, pero o ímpetu e o espírito de loita seguían en pé.

Adaptan-se distintas obras literarias como: "A tenor coa lei" (1926), que se basea nunha obra de Jack London *The unexpected*, onde a pesar dos poucos medios cos que conta, realiza unha obra maestra. Pola mesma época realiza-se unha curiosa película de ciencia ficción dirixida por Protazonov: "Aelita". Aquí a idea da revolución exporta-se até Marte, e o que aló acontece non ten nada que envexar á revolución de Outubro. Todo o que se realiza na época responde, sobretudo, a un fin claramente didáctico, que en moitas ocasións e a pesar de algúns logros moi interesantes, amosa-nos, igualmente, un sometimento absoluto ás directrices emanadas dos órganos dirixentes. Aínda

que aquí cabe a dúbida. ¿Realmente todo eran consignas ou existía esa fe absoluta e cega nos realizadores, ante os logros da revolución?

Mentras tanto xorde a imaxe rutilante de Sergei Eisenstein. É evidente que todas estas realizacións criaron un caldo de cultivo e comenzan a saír á luz unha serie de nomes que marcaron unha etapa importantísima no desenvolvemento do cine. Eisenstein ocupa un lugar destacadísimo no universo cinematográfico influenciado pola obra de Kuleschov. Aínda que na súa etapa teatral inclúe en ocasións elementos cinematográficos e incluso unha proxección cinematográfica. A visión de "Intolerancia", fai un forte impacto nel e plantexase a idea da montaxe como «a estrutura condicionante do film». Pero ten igualmente influencias do teatro Kabuki, que tiña estudado profundamente na súa etapa teatral. Comenzou realizando unha cortametraxe sobre as súas experiencias teatrais. En 1924 realiza a

película "A folga" na que fai unha exaltación dos ideais soviéticos. O herói é colectivo e o que se resalta ante todo, é o seu comportamento revolucionario. A película ten unha grande forza e Eisenstein empeza a utilizar a xustaposición de imaxes, o que confire ao film unha grande forza. Esta experiencia volve-a a repetir no "Acorazado Potemkin" (1925). O tema é pouco novidoso. De novo a revolta dos oprimidos. O motín da tripulación do Acorazado, desencadea unha serie de sucesos que serán os prolegómenos da Revolución de Outubro. Un film de tremenda forza. Foi tal o seu impacto emocional na época, que foi prohibida a súa exhibición en algúns países, por considerala claramente subversiva. Na súa composición lembra-nos os tempos das sinfonías. O motín é o primeiro movemento, duro, vivo; logo segue o intermedio, o cais ao mencer e máis tarde a resposta do pobo. A secuencia da

escaleira é a coda e para remate o buque levando áncoras ante a impasibilidade do resto da frota.

Eisenstein repite de novo con "Outubro" (1928) o tema da revolta, narra-nos os sucesos revolucionarios que levaron aos soviets á toma do poder. En Outubro reflicte-se, quizais, un ar de romantismo, que en sí mesmo amosa a dor e a paixón que orixina o feito revolucionario.

Comeza a cinta coa demolición da estatua de Alexandro III e a proclamación do goberno provisional e conclúe co asalto ao Pazo de Inverno, amosa-nos ás masas entregadas á acción revolucionaria, é este un dos momentos culminantes da inspiración de Sergei Eisenstein.

O resumo das súas idéas con respecto á creación cinematográfica queda claramente definido nunha conferencia que pronunciou na Sorbona o 17 de febreiro de 1930. «Proseguimos a nosa tarefa, encontrando directamente na imaxe ou nas combinacións de imaxes, o que era quen de provocar as reaccións sentimentais. Trátase de realizar unha serie de imaxes compostas de tal xeito que provoquen un movemento afectivo e susciten, á vez, unha serie de idéas. O movemento vai da imaxe ao sentimento e do sentimento á tese sustentada. Procedendo así, arrisca-se evidentemente á caída no simbolismo; pero non debes esquecer que o cine é a única arte concreta que é ao mesmo tempo dinámico e que provoca unha reacción no cerebro. O movemento do pensamento non se pode producir do mesmo modo que nas demais artes, que son estáticas e quen só de alimentar ao pensamento sen axuda-lo a desenvolver-se realmente».

Europa mostraba-se conmocionada ante as exhibicións destes filmes, aínda que a súa difusión quedara restrinxida aos cines clubs, que nasceron naquelas datas para que as persoas interesadas puideran ver estas películas, xa que os cines comerciais rexeitaban proxectá-las. Por encima das ideoloxías recoñecía-se o seu gran valor artístico e a súa tremenda forza narrativa. Moitos gobernos consideraron moi perigosa a proxección destas películas e prohibiron a súa difusión.

É unha etapa importante onde, evidentemente, existen outros realizadores, e igualmente conviven outros movementos cinematográficos tais como: A Escola Experimental de Moscovo que dirixe Kulexhov. Están, igualmente, os chamados "excéntricos de Leningrado" (FEKS), como eles mesmos se chaman, que realizan unha grande laboira teórica e experimental. Outros nomes da época foron Sergei Komaroz, que dirixe en 1927 "O bico de

Mari Pickfor", unha sátira sobre a industria local do cine. Outro nome destacado é o de Boris Barnet que realiza a comédia "A rapaza da sombreireira".

Este período de gran brillantez creativa é afogado polas consignas do partido, Lenin percatara-se da importancia deste medio. Os seus herdeiros non o dubidaron. Non se podía deixar que este vehículo de comunicación tan poderoso estivese en outras mans que non foran as súas. O advenimento de Stalin, supuxo a destrución de todas aquelas expectativas que a Revolución de Outubro tiña xerado. O cine ao igual que outras manifestacións artísticas foron manipulados pola censura

e malogra-se un período de grandes búsquedas creativas, que no seu momento supuxera un revulsivo para toda a cultura occidental.

Mais a historia, a pesar do que diga o señor Fukuyama, continúa e seguirá o seu curso mentres a especie humana continúe incordiando neste mundo.

Conclúo esta modesta homenaxe, pensando que cando teñamos de novo a oportunidade de ver algunha destas películas, seguro que algunha "fibriña" conmostraráse-nos e fará-nos lembrar que houbo un tempo no que todos fomos revolucionarios. ▀



TVG • moito ruído e • poucas noces

▼ SOL PANIZO

V

ai case para sete anos que os galegos (aínda non todos) contamos co «invento» da *televisión autonómica*. Tempo dabondo para ter reflexionado sobre o que lle está a aportar á nosa sociedade. A idea orixinaria para a súa creación baseábase na necesidade de dar pulo á especificidade de Galicia e ás súas novas. De feito, na Lei de creación da TVG (que data de agosto de 1984) recóllese que o obxecto social do ente televisivo é a transmisión de imaxes e sons con fins informativos, culturais, artísticos, comerciais, recreativos e publicitarios, así como medio de cooperación co sistema educativo e de fomento e difusión da cultura galega e en especial o fomento e desenvolvemento da lingua galega.

¿Quén ousaría pór tachas a tan irreprochable planeamento?. Impensable que ningún rexeitase unha televisión pegada á terra, ás súas xentes e ós seus problemas. Mais algúns galegos, que a cotío loitamos pola liberdade de expresión e o dereito á información, recelamos do proxecto naquel intre. E fixémoslo porque non podí-



Marga Sampaio

amos dar creto ó «despilfarro» televisivo cando o país tiña e segue a ter desatendidas outras necesidades que, ó noso entender, son prioritarias (estradas e autoestradas, desenvolvemento industrial, pesqueiro, agrícola e gandeiro, servicios sociais, dotacións sanitarias,...). Eramos conscientes tamén de que a TVG, aínda

que necesaria nos seus planeamentos iniciais, íase converter nun instrumento a máns do poder político de quenda e ía supór unha sangría económica para os galegos.

De feito, o tempo veu en dárno-la razón. A TVG naceu cun capital desembolsado na súa totalidade pola Comunida-

de Autónoma e, ano atrás ano, incapaz de autofinanciarse, dispara o seu orzamento en miles de millóns. No que atinxe á instrumentalización política, a TVG é unha reprodución exacta do que acontece en TVE; é dicir, da influencia do partido do Goberno sobre profesionais e executivos.

Aos que agardaban ver reflectida na pantalla a imaxe real da súa vila, coas novas municipais, educativas, sanitarias, culturais, económicas,... ben que os amolaron. De sempre foi queixa xeralizada entre a poboación a falta de atención que os medios de comunicación españois lle prestan a Galicia, pero a TVG non lles queda atrás. Todos coñecemos o principio segundo o cal os cidadáns amosan moito máis interese por un cambio na alcaldía do seu pobo que pola crise do Goberno de Bush. Malia iso a TVG só lle adica vinte minutos diarios á información comarcal. Iso sí, leva a cabo un gran despregamento informativo sobre as novas de ámbito xeral e, punto e á parte, na cobertura dos acontecementos relacionados co Goberno da Xunta. Tendo en conta que o presidente da Xunta pasa máis tempo no estranxeiro que en Galicia, os telexornais da TVG convértese en boletíns de información internacional case toda a semana.

A programación cultural, artística e educativa especificamente galega é irrisoria. Nen sequera fai falta sintoniza-lo aparato de televisión. Abonda con botar unha ollada á grade de programación que publican xornais e revistas para constatar que as contas non cadran.

Os responsables do «invento» axiña argumentan que os anunciantes non amosan excesivo interese polos programas divulgadores das esencias, senón que máis ben se inclinan polos telefilmes, películas e concursos nos que calquera pode levar para a casa un lavalouza ou un coche. E como a financiación do ente televisivo é mixta (en teoría, pois na práctica os ingresos por publicidade non alcanzan nin para os recibos de Fenosa) hai que lle facer

sumouse tamén á chamada «televisión realidade» ou *reality shows*, que fai furor polo mundo adiante. Pero, mentres que outras canles aplicaron a «televisión realidade» (programas que teñen como protagonista ó home da rúa) en espacios como *Culpable ou inocente* (Antena 3) ou *Espiral* (TVE), a «tele galega» copia as modalidades máis vulgares desta nova tendencia audiovisual. Así, todo se lles vai nas «bromiñas» das cámaras indiscretas e no curso *Olé, tus vídeos*. Sobre este último, por certo, habería moito que falar, e farémolo noutra ocasión, pois se de algo carece (ó igual que o seu homólogo de TVE *Vídeos de primeira*) é de falta de respecto polos dereitos humanos, sobre todo dos nenos. Máis ca un espacio de entretemento semella un canto á violencia e destila unha absoluta falta de sensibilidade.

E aínda que esta crónica sobre a TVG non se desviou do seu obxectivo orixinal, que non era outro que amosa-lo cabreo dunha parte da audiencia, sí que deixa moitas cousas no tinteiro. Coa promesa de abordarlas noutra ocasión, rematemos estas liñas cunha breve alusión ó fomento e desenvolvemento da lingua galega. Trátase doutra boa argallada dos «mandaríns» galegos. Agás unha minoría de profesionais, abundan os cultivadores do «castrapo» e, máis recén, os locutores/as, presentadores/as e azafatos/as que gustan do «castrapo» con acento de Madrid, por non falar da escasa calidade lingüística de moitas dobraxes (afortunadamente, hainas boas tamén). ▀

“
... a
TVG é unha reprodución exacta do que
acontece en TVE; é dicir, da influencia
do partido do Goberno sobre
profesionais e executivos.”

concesións á publicidade. Concesións que se traducen nunha programación chea de series cun contido tan preto á realidade galega como *Dallas*, *Star Trek*, *Mister Ed...* e, non podía ser doutro xeito, na proliferación dos «culebróns» (versión audiovisual das fotonovelas de Corín Tellado), nos que a TVG foi pioneira, con *Simplemente María*, moito antes de que as outras canles de televisión descubrisen o filón venezolano.

No eido da modernidade, a TVG



• MURALISMO
• ROTULACION
• MAQUETADO
• ANAGRAMAS • LOGOTIPOS
• ANUNCIOS
• CARTELES



Zacarias

CREACION Y DISEÑO - FOTOMECANICA

Herrería, 14-2º Tel 84 03 69
Pontevedra 36 002



orensense



"VIAGENS NA LITERATURA"

última obra de *Elvira Souto Viagens na Literatura* (Ed. Laióvento, 1991), é un ensaio de crítica literaria, campo xa explorado pola autora noutros dous estudos anteriores: *Ediçom de Folhas Novas* (1985) e *Estudo Crítico* (1983). Aínda que algo serodia vaia unha ben merecida reseña deste libro e unha felicitación á súa autora por mergullarse nesta especialidade pouco transitada por mulleres.

A idea de que a nada que se trascenda o plano máis superficial dunha obra literaria sempre atopamos unha viaxe é unha opinión moi extendida entre escritores/as e estudiosos/as da literatura. Deste xuízo participa a autora –aínda que o considera algo reduccionista– e a el remítese para analizar seis obras doutros tantos escritores da nosa literatura: *De Catro a Catro* de Manuel Antonio, *Scorpio* de Carbalho Calero, *Amor de Arthur* de Méndez Ferrín, *Se o Vello Sinbad Volveuse ás Illas* de Cunqueiro, *Mosteiro* de Agustina Bessa Luís e *O Ano da Morte de Ricardo Reis* de Jose Saramago.

Estes seis romances están estudados baixo unha mesma óptica que constitúe o nexo entre eles e o tema da obra, o da viaxe entendida non só como desprazamento xeográfico senón máis ben como procura ou aprendizaxe: "quen viaxa procura e quen peregrina aprende, quen non aprendeu non viaxou". A viaxe esconde unha búsqueda consciente ou inconsciente, exterior ou interior, lineal ou laberíntica, e é esa viaxe entendida como mudanza ou coñecemento a considerada por escritores/as e críticos/as como o alicerce de toda literatura de ficción.

Non obstante, Elvira Souto discrepa da idea que adoito manteñen moitos/as deles/as en canto a que a viaxe constitúe o corazón do texto e está en todo lugar literario. Pensa a autora que, querendo, sempre se pode descubrir unha viaxe, e a


repetición deste xuízo forma parte dun dos lugares comúns máis frecuentados polas tradicións literarias. Efectivamente, aínda que na superficie da obra o asunto a tratar sexa outro, sempre podemos descubrir, pretendéndo, unha viaxe implícita ou latente, polo que cómpre andar con coidado ó analizala.

Esta teoría, moi razoable por outra parte, non aparece suficientemente demostrada no presente estudio. Elvira Souto parte da interpretación que de *De Catro a Catro* fai Rábade Paredes (ou María Victoria Moreno) –na obra de iniciación universitaria *Literatura do Século XX*–, para exemplificar como se pode facer unha mala interpretación por ver viaxes onde non os hai por máis que parezan evidentes. Mais este intento parece fallido en tanto que o autor citado fai unha mellor apoiatura textual dentro dunha análise da obra máis completa.

Non pensemos por isto que a obra non ten interese. O exame das cinco obras seguintes merece unha atenta consideración. A análise das viaxes míticas, xa sexan a heroica do protagonista de *Scorpio*, as iniciáticas de *Arthur* ou de *Ricardo Reis*, ou a pícara de *Bessa Luís*, como as define a autora, parecen, en xeral, acertadas. Delas a máis suxerente e nova é a de *Carbalho Calero* e *Saramago*, á parte da interesante disección da obra de *Bessa Luís*.

En resume, este libro por máis que se ocupa dun tema xa tradicional na crítica literaria é a primeira vez que aparece aplicado ás obras da nosa literatura. Procura os propósitos semánticos ou estéticos subxacentes ás distintas estratexias discursivas dos diferentes autores e, neste senso, é unha obra innovadora que tanto serve ó crítico/a de oficio coma de guía de lectura para o lector esixente.

BERTA REY W.





Xa está a venta o nº 8 da FESTA DA PALABRA SILENCIADA, publicación galega de mulleres editada por FIGA. A coordinadora da revista é Maria Xosé Queizán, Margarita Ledo Andiñón é a responsable da maquetación e deseño, e as ilustracións e portada deste número son de Carme Pallarés.

Como ven sendo habitual nesta revista é un monográfico, dedicado esta vez ao tema do erotismo.

Segundo nos contaron elas mesmas na presentación, escolleron este tema tanto polos tabús que sempre levou implícitos, como pola actualidade que ten neste momento:

"... De erotismo fálase hoxe máis ca nunca pero tamén é obvio para nosoutras que, o que en xeral é considerado como erótico, para as mulleres, lamentablemente, ten moito máis que ver coa violencia sexual que coa sensualidade ou co erótico..."

O tema está tratado desde a filosofía, mitoloxía, psicoloxía e lingüística por Ana Palomo, Fina Sanz, Teresa Barro, Anxeles Castiñeiras e Marilar Aleixandre. A análise do tema na literatura fa-na Carmen Blanco, Carme Hermida, Kathleen March, Carme Panero e Luz Rei.

Como nos números anteriores figura unha antoloxía de textos, realizada nesta ocasión por Delfina Gómez e a habitual relación actualizada de libros galegos de mulleres que dá Carmen Blanco.

"IMAGENES DE OTOÑO"

Alicia Martínez del Burgo e Margot Chamorro


Ilustracións: Chuny Vázquez

Prólogo: Isabel Blanco

Editado pola Plataforma de Madres en Acción de Vigo e financiado pola Consellería de Traballo e Servizos Sociais.

Segundo conta Isabel Blanco no prólogo, "en Alicia o amor non é método senón misión... e Margot reflexa o desexo inacabado e mostra sen fisuras a indomábel fera que é a vida".

A. A. S.



"URANIA"



Chus Pato

Ed. Calpurnia, 1991

"Este mito patriarcal de Urano obtivo aceptación oficial baixo o sistema relixioso olímpico (...) ter conseguido a posición como "Primeiro Pai"... mas o seu nome grego é unha forma masculina de Ur-ana ("raíña das montañas", "raíña do verán", "raíña dos ventos" ou "raíña dos bois selvaxes"): a deusa na súa face orxiástica do solsticio estival."

Graves, Robert. *Os mitos gregos*

Non é doado mergullar-se no mundo poético uránico para quen vén do mar e afoxa lonxe del... coma min. É preciso coller alento e deixa-lo camiñar mui de vagar polas páxinas, suxerentes e anovadas, introducir-se nas paisaxes contemplando a máxía da palabra e do símbolo.

Tampouco, tampouco é tan simples reducir todo a creación artística, esa beleza... as verbas son tamén animal que fere, reivindicación sindical, resaca de anís, sol de mañá que me cega na derradeira liña, as urbes (do latín) europeas e a experiencia de Chus, que sae materialmente dos versos para fóra e me ataca, materialmente, enriba do sillón onde leo, pernas enriba (obrigada posición) e me derruba até o chan.

Porque nunca a muller se fixo carne tan aguda.

É unha muller quen fala. Unha muller sapiente que demasiadas veces xa tiña ficado asulagada polo cheiro monorde da literatura, animal devorador de tópicos que confunde, veces demasiadas, a Muller co concepto cativo e interesado que outros teñen dela.

É unha vida de muller. É a palabra precisa para cada concepto, que non precisa de nexos nen de longos circunlóquios. É a esencia mesma. Sentidos transportados.

Hai que ler Uranias para logo descubrir, baixo a luz celestísima, como o feminino se foi acochando con dolor en tantas outras palabras. Palabras de muller que non foron.

Cando remato este comento (que non é tal) as mulleres de Muros seguen a traballar en condicións infrahumanas e con salários miserentos, as gaivotas invaden o peirao, o solpor é xa unha evidencia e o mar, cinzento como de névoa, devólve-me ao mariño. Abro os ollos e descubro, non sen pasmo, que aínda unha ninfa se esvae, lenemente, por entre as bateas.

Xa volo dixen: non é doado para quen vén do mar...

ENMMA ABELLA



Xa estamos en tempos pre-vacacionais, a pregunta caseque obrigada entre a nosa xente resúme-se en... ¿que vas facer este ano?, polo das vacacións, sobreenténdese. Tráta-se de embutir en dez, quince ou vinte e pico días todo o que gostaríamos de facer en 365 e non podemos ou non quixemos priorizar. Pero agora si, neste período vai e dispostas a morrer no intento lanzámo-nos.

Andaina como calquer outra revista que se prece decide facer suxerencias e ve-las aí:

ALGO PARA SEDENTARIAS

Adicado ao persoal que decide ir gañar "quilitos" a casa dos pais (comidas como as das nais non se degustan nen en casa propia nen nas das amizades sibaritas) armamo-nos de eses libros apetecíbeis e revistas intrascendentes e viaxamos coa imaxinación mentras sesteamos na praia ou na horta envoltas nese ambiente "Heno de Pravia" ideal para estresadas, sentimentais, estudantes (vinte primeiros días, post-curso) ou con problemas de saúde. Os resultados están garantidos. Millor que a clínica GEROVITAL, e máis barato.

A variante que suxerimos sen familia de por medio é a de Balneario con bici para as que saibades manexar tal vehículo. Por exemplo o povo de Guitiriz na provincia de Lugo conta con unhas augas mellor que as de Lourdes pero en versión laica (para curar fígado, vesícula e doenzas da bilis), ten campas estupendas para chantar a tenda e un festival marchoso que podeades aproveitar se xa estades repostas.



▲ Estaco de Bares.

Celebra-se en Pardiñas a primeira fin de semana de agosto. A el veñen grupos de postín como Miró, Oskorri, Ciapa Rusa, etc.

Tamén podeades facer excursión ao Castelo de S. Paio de Narla¹ ou bañar-vos nas piscinas municipais dos "Sete Muíños" feitas sobre o río Pardiñas.

PARA NOMADAS CELTAS

O nomadismo, cuxa referencia máis próxima temos nos xitanos non é patrimonio en exclusiva de esta raza. Para aquelas às que vos quedan restos nas veas dos que entraron nomadeando na Galiza aló polo século IV antes de Cristo, suxerimos un combinado como o da canción:

"Desde la playa hasta el monte,
desde el monte hasta la playa,
allá por el horizonte"

O percorrido por monte que vos propoñemos é a Serra do Xistral e o Cadramón, situados entre a Terra Chá e a Comarca da Mariña lucense. Se vindes de Galiza sul, utilizade a estrada que vai desde As Pontes de G. Rodríguez a Vilalba desviándo-vos en Roupas e tomando a estrada Vilalba - Viveiro até chegar a Muras (logo da

Gasoliñeira) tomades á dereita cara a Viveiro onde podeades establecer o campamento base. A Aldea de Viveiro presenta unha modalidade de habitat moi interesante² un pequeno grupo de casas en torno a unha praza. Por poucos cartos a Sra. Cándida³ deixará-vos dormir a toda a tribo nunha habitación chea de camas separadas por cortiñas de plástico, estilo pensionado "Made in Shanghai". As gañas que teñades de andar son as que vos levarán a atravesar o Monte Cadramón e chegar a Ferreira de Valadouro ou dar paseños curtos e recoller pola Serra do Xistral⁴ cristal de Cuarzo ou Bonsais coma os do Señor Presidente.

Esta é unha zona de monte baixo batida polo vento moi aprezada polos cazadores e chea de vacas a cabalos bravos.

Se notades que tanto oxixeno vos senta mal podeades enfiar de cara a Viveiro pola estrada de Vilalba e descansar de tanto paseo na praia de Vares mentras recordade pasadas Marchas Anti-Otan. Para proseguir con un nomadeo xa máis urban no Barqueiro ou en "Viveiro la nuit".

REME HERNANDEZ

¹ Galicia enteira nº 9 . Ed. Xerais.

² Fitoecología de los Montes del Buiro y Sierra del Xistral. Xunta de Galicia. Consellería de Agricultura.

³ Teléfono de "Casa Cándida". Para reservas: (982) 52 60 30.

⁴ Para mover-vos pola zona do Xistral mirade a Carta nº 23 editada polo Instituto Xeográfico e Catastral, nas tendas de Cerámica de Sargadelos.



cafe **11** placer, 19 vigo 228682

Placer, 19 VIGO 22 86 82



Rua do Sol, 139-141
Tel: 35 31 66
15401 Ferrol




Montero Ríos, 50 Santiago
Tel: 58 03 77-58 05 87

LIBRERIA



Libros de Texto
Material Escolar
C ó m i c

Rúa Peregrina 29
36001 Pontevedra
Tel:(986) 86 04 71




CAFÉ-BAR RESTAURANTE
EL REFUGIO

Puente de la Reina,25
Tel:58 70 35
Santiago




Entremuros,12 SANTIAGO

Libreria




Michelena ,22
Tel: 85 87 46
Pontevedra




CAFÉ, COPAS
E CULTURA

Rua Nova,36
SANTIAGO



Calixón de San Paio
SANTIAGO




Entremuros,13 Santiago



REPUBLICA DE EL SALVADOR,9
TEL:56 58 12

SANTIAGO DE COMPOSTELA



C/ Manuel Nuñez, 18
VIGO

Puntos de venta de ANDAINA

A CORUÑA

Librería Couceiro
Praza do Libro, 12

Librería Xiada
Avd. de Fisterra, 76-78

Librería Didacta
Avd. Rubine (Galerías)

Librería Lume
Rúa Fernando Macías
Kiosko da Casa do Mar
Kiosko da Praza de España

PONTEVEDRA

Librería Michelena
Rúa Michelena, 22

Librería Cao
Rúa Michelena

OURENSE

Librería Ronsel
Rúa da Paz, 19

Librería Tanco
Jose Antonio, 70 (Paseo)

Librería La Región
Calvo Sotelo, 15 (Paseo)

SANTIAGO

Librería Couceiro
República del Salvador, 9

Librería Abraxas
Montero Rios, 50

Librería DIN A-3
Rúa do Villar, 49

Libreira Pedreira
Rúa do Home Santo, 55

VIGO

UF
Placer, 19

Mais P'ala
Méndez Núñez, s/n

Librouro
Eduardo Iglesias, 12


Librería Babel
Venezuela, 45

Librería Sirius
Travesía de Vigo, 17

Pub Suave
BAIONA

AVISO

O prazo límite para a recepción de artigos do próximo número de ANDAINA é o **10 de Outubro**. Os traballos presentarán-se mecanografiados a dobre espacio.



ALGÚNS ENDEREZOS E TELÉFONOS DE INTERÉSE:

A CORUÑA

Asamblea de Mulleres da Coruña
Cantabrico, 10 baixo ☎ (981) 21 35 42

Centro de Información dos Dereitos da Muller
Polígono de Elviña (zona de Birloque s/n)

SANTIAGO

Asociación Galega da Muller
Rúa do Villar, 23-2º ☎ (981) 58 81 01
Asesoría Xurídica para Mulleres
Horario: xoves de 19 a 21 h.

Servicio de Asesoramento das Mulleres (Concellería da Muller)
Horario: mañá de 10 a 13 / tarde dos luns, mércores e venres de 17 a 19 h.
Acebechería, 16 - 2º ☎ (981) 57 14 61

Centro Xove de Anticoncepción e Sexualidade
Horario: luns a venres de 16 a 21 h.
Rúa da Espiñeira, 10 baixo
☎ (981) 59 42 52

Asociación Mulleres Xovenes Area
García Prieto, 3 - baixo dta.
☎ (981) 52 09 84

Centro de Información Alba
Santiago de Chile, 16 1º B

Servicio Galego de Promoción da Igualdade do Home e a Muller
Consellería de Traballo e Servizos Sociais
☎ (981) 57 51 51
Servicio telefónico de asesoramento gratuito: 900-400 273

VIGO

Coordinadora Feminista de Vigo
Colón 9-1º -Oficina-4 ☎ (986) 43 20 55

Alecrín

Centro de Documentación, biblioteca, hemeroteca
Horario: 10 a 2 / 5 a 8 h. de luns a venres.
García Barbon, 30 - 5º - Oficina-8
☎ (986) 43 94 59

Casa da Muller (Centro Municipal de Asesoramento dos Dereitos da Muller)
Pintor Lugris, 5 ☎ (986) 29 39 63

Concellería da Muller de Vigo
Praza do Rei, s/n
☎ (986) 81 02 84

Plataforma de Madres en Acción
Pizarro, 53-5º D. ☎ (986) 41 79 76

VILAGARCIA DE AROUSA

Asamblea de Mulleres de Arousa
San Roque, 15 - 1º esq.
☎ (986) 50 69 10

PONTEVEDRA

Asamblea de Mulleres de Pontevedra
Andrés Mellado, 2 - Oficina-2
☎ (986) 86 50 28
Asesoría Xurídica Mulleribus
Horario: Martes e Xoves de 19 a 21 h.

OURENSE


Asociación Galega da Muller
Aptado 679
☎ (988) 22 35 19 / 21 25 27

FERROL

Asociación Galega da Muller
Rúa Magdalena, 132-2º

Margarita Xirgu

M



aceu en 1881 en Molins de Rey, localidade próxima a Barcelona cidade á que se trasladou coa súa familia en 1896. O primeiro cenario que pisa é a mesa do comedor da casa onde o seu pai lle fai recitar poesías para amenizar as sesións de lectura. E as primeiras representacións públicas nas que participa sendo aínda unha rapaza son no Ateneo do distrito V de Barcelona. Máis tarde entrará a formar parte do grupo xuvenil de teatro *Gent Nova* de Badalona.

A revelación de Margarita Xirgu nos medios intelectuais barceloneses acadou-na co drama de *Teresa Raquin* de Emilio Zola en 1906. Actriz preferida de Lorca (*Yerma*, *Doña Rosita la Soltera*, *La Zapatera Prodigiosa*...) interpreta e estrea tamén obras dos principais autores de teatro catalán e castellano, Guimerá, Iglesias, Rusiñol, Maragall, Apel·les Mestres, Pérez Galdós, Quintero, Marquina, Machado, Unamuno, Azaña... sen esquecer os clásicos de todas as épocas.

En 1936 marcha a Latinoamérica e comeza a que será unha das súas etapas máis frutíferas. Funda Escolas de Arte Dramático en varios países, organiza seminarios, dá conferencias, fomenta coloquios e representacións nas universidades...

En 1949 estrea *El Malentendido* de Camus en Bos Aires e tres días máis tarde é sancionada polo goberno de Perón que suspende a obra por considerar que a crudeza da obra non era apta para a escea, tras o que Margarita Xirgu abandona o país.

A súa morte en Montevideo en 1969 pasou case inadvertida na España franquista que condeaba ao silencio a quen se atrevera a expresar da forma que fora o seu desacordo co réxime.